




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR



AS CONFRARÍAS & AS SÚAS XENTES

CINCO HISTORIAS DE VIDA



'Miña nai pariume
na poza do peito*
Na boca dunha faneca.'

José Torrado Mariño

*Pequena poza a beira do mar onde as
mulleres de Porto do Son fan lavar o peixe.

AS CONFRARIAS & AS SÚAS XENTES

GINCO HISTORIAS DE VIDA

FEDERACIÓN PROVINCIAL DE CONFRARIAS
DE PESCADORES DE A CORUÑA

**PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO
DA RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA**

Federación Provincial de Confrarías
de Pescadores da Coruña
L/Muelle s/n -15970 Porto do Son (A Coruña)
E-mail: fpcpcoruna@telefonica.net
Tel.: 981 767 321
Fax: 981 767 567

Elaboración: Interpyme SLP
Autores: Mercedes Fernández Gestido
Tito Iglesias Pastoriza

Portada: BYBE Comunicación / Beatriz Giráldez
Revisión e Maquetación: Paula Fernández

Data: outubro, 2018
D.L.: C 2004-2018

As opinións vertidas neste manual non vinculan a citada
Federación e son por enteiro responsabilidade dos autores.

AS CONFRARÍAS & AS SÚAS XENTES

GINCO HISTORIAS DE VIDA

FEDERACIÓN PROVINCIAL DE CONFRARÍAS
DE PESCADORES DE A CORUÑA

Confrarías pertencentes á Federación Provincial

O Barqueiro	Pontedeume	Camelle	Portosín
Espasante	Sada	Camariñas	Porto do Son
Cariño	Meda	Muxía	Aguiño
Cedeira	Lorbé	Finisterre	Ribeira
Ferrol	A Coruña	Corcubión	Palmeira
Barallobre	Caión	O Pindo	Pobra
Mugardos	Malpica	Lira	Cabo de Cruz
Ares	Corme	Muros	Rianxo
Miño	Laxe	Noia	

Agradecementos

Esta publicación forma parte das actuacións que en materia de Responsabilidade Social Corporativa está realizando a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de A Coruña.

Este é un documento orientado aos membros dos órganos reitores das confrarías da provincia de A Coruña, especialmente aos máis novos, aqueles que colleron ou teñen que collerlles o relevo ás xeracións representadas nestas historias.

Os autores estamos profundamente agradecidos aos protagonistas deste libro, José Torrado Mariño, Juana Martínez López, Dolores Bermúdez Rodríguez, Santiago Cruz Martínez e Manuel Villar Vidal, por abrírnos as portas da súas memorias e das súas emocións. Resultou para nos unha experiencia apaixonante e enriquecedora.

O noso agradecemento tamén a Julia Varela Fernández por amosarnos técnica e exemplarmente o que é unha historia de vida e as potencialidades desta técnica cualitativa de análise para o coñecemento da nosa realidade como elemento primeiro para o cambio e o progreso social.

Aproveitamos esta nota para agradecerlles, unha vez máis, aos Órganos de Goberno da Federación Provincial de Confrarías de A Coruña a súa aposta pola Responsabilidade Social Corporativa e pola confianza depositada ao facernos partícipes deste programa.

Índice

Prólogo	11
Rosa Quintana Carballo	
Introducción	15
José Torrado Mariño (1931)	33
Confraría de Porto do Son	
Juana Martínez López (1956)	89
Confraría de Muros	
Dolores Bermúdez Rodríguez (1960)	131
Confraría de Camariñas	
Santiago Cruz Martínez (1961)	161
Confraría de Noia	
Manuel Villar Vidal (1962)	189
Confraría de Laxe	

Prólogo

As seguintes páxinas describen historias de persoas que viven ou que viviron do mar. Xente como José, Juana, Lola, Santiago e Manuel que, coa súa participación e liderado nos órganos de goberno en distintas confrarías da provincia da Coruña, contribuíron á súa evolución e á súa incorporación á sociedade galega do século XXI.

Eles e elas representan a outras tantas persoas que asumiron de primeira man a transformación que o paso do tempo e o rigor da actualidade foi esixindo nas confrarías de pescadores. A cada unha destas persoas lle debemos a autonomía coa que hoxe contan estas entidades pola súa capacidade de adopción e de adaptación. Adopción e adaptación aos cambios que foron xurdindo nos últimos trinta anos en eidos como o legislativo e que foron marcando o devir do sector.

Un sector que a través de figuras como as que dá a coñecer esta publicación demostrou a súa madurez encarando o presente coa mirada posta no futuro. Foi deste xeito como o sector soubo camiñar cara adiante e con paso firme na xestión ata potenciar a capacidade das confrarías como organizacións sectoriais.

Vémolo na xestión e no coidado que exercen sobre os recursos do noso mar a través de accións como a vixilancia e a limpeza, tarefas nas que reciben o apoio da Administración e que realizan a conciencia para coidar o seu medio de vida. Tamén o vemos na capacidade de asociarse e de organizarse para ser máis fortes, un aspecto clave en fitos como a profesionalización do marisqueo.

Esta é a actitude para impulsar a innovación dos territorios costeiros e para acadar uns mares máis sustentables a nivel social, económico e ambiental. Precisamente as cinco historias que aquí se contan son un exemplo desa responsabilidade. Unha responsabilidade que o sector marítimo-pesqueiro galego vén practicando desde hai tempo e que hoxe coñecemos como Responsabilidade Social Corporativa.

De aí a importancia desta publicación, porque a través dela se pon en valor a identidade das confrarías de pescadores e difúndense o coñecemento e a experiencia de figuras clave na súa modernización. Unha transmisión de coñecemento que é de gran valor para futuras xeracións, xa que, como dicía o político e científico Benjamin Franklin, *non hai investimento máis rendible que o do coñecemento*.

A difusión deste saber acumulado por estes profesionais ao longo de varios anos axúdanos a recoñecer a importancia da evolución das confrarías, a valorar o presente e a saber cara a onde ir para sementar futuro. Grazas á Federación Provincial de Confrarías de Pescadores da Coruña por sacar á luz as historias que viven nestas persoas e por rexistralas porque merecen ser coñecidas para valorar o traballo realizado e continuar no bo camiño para acadar un mar de Galicia máis grande e máis azul.

Rosa Quintana Carballo

Conselleira do Mar

Introdución

As confrarías de pescadores son organizacións centenarias que atravesaron múltiples etapas ao longo da súa historia. A última destas grandes transformacións tivo lugar tras a chegada da democracia a España e o establecemento do estado autonómico.

No ano 1978 aprobouse a Constitución española e no ano 1982 traspasáronse as competencias sobre as confrarías de pescadoras á Xunta de Galicia. Desde entón, iniciouse un proceso de transformación e modernización que se prolonga até a actualidade. Nesta etapa, un grupo de persoas asumiu en primeira persoa o peso deses cambios e fixo posible a incorporación das confrarías á sociedade galega do século XXI.

Entre eles atópase un grupo de homes e mulleres que viviron, participaron e lideraron os órganos de goberno das confrarías durante ese transcendental período. Para as confrarías, estas últimas décadas son unha etapa sobre a que a historia aínda non se pronunciou. Porén, o grupo de persoas que modernizaron estas entidades, teñen vivas nas súas mentes cadansúa historia. Coñecer e analizar ese pasado é o primeiro paso para valorar o presente e construír o futuro.

Creemos que esa análise non se pode facer axeitadamente sen coñecer o contexto socioeconómico e cultural dos nosos protagonistas, a súa base familiar e os valores cos que se criaron. Esta é a razón pola que botamos man da historia de vida como técnica cualitativa de investigación. O que se busca é que os nosos protagonistas percorran as súas lembranzas desde a infancia ata o día de hoxe. Como escribe a socióloga Julia Varela Fernández en *Mercedes Valcarce Avello. Maestra de maestros*, nunha historia de vida o entrevistador desaparece para que resalte con máis forza a voz do verdadeiro protagonista. Tamén temos que ser conscientes que os recordos son selectivos e polo tanto non sempre son exhaustivos en todos os extremos. Así o manifesta Manuel de Laxe, *eu conto as cousas como as sinto*. Efectivamente así é como están construídos estes relatos, a partir da re-creación, nun momento concreto, de vivencias, de crenzas e sentimentos. A historia sae directamente da voz dos nosos protagonistas sen interferencias. Estas voces ofrécennos un relato cun alto poder evocador e, o contraste entre as historias, unha ventá por onde se pode vislumbar un mundo en parte xa inexistente, así como unha realidade actual que preocupa aos nosos interlocutores.

Esta metodoloxía permítelle ao lector identificar desde a raíz moitos dos elementos chave na transformación das confrarías. Tamén permite coñecer as razóns que impulsaron aos nosos protagonistas a implicarse nas súas entidades e entender porque chegaron tan arriba no seu desempeño. Ademais da perspectiva do pasado, estas narracións teñen unha visión de futuro, o destinatario principal destas historias son os actuais e futuros dirixentes das confrarías. A ese grupo de persoas diríxense os nosos protagonistas

cando fan as súas recomendacións. Así pois, este libro vai dirixido fundamentalmente á xente nova do mar, ese grupo de homes e mulleres que teñen que coller o relevo, preservar e mellorar o legado recibido.

Aínda que por cuestións prácticas aquí solo se recollen as historias de cinco persoas, un dos obxectivos deste libro é dar gratitude, sen excepción, a todos eses homes e mulleres que se implicaron nas confrarías de pescadores e que coas súas enerxías e boas intencións fixeron unha defensa do interese colectivo do sector.

Os cinco relatos aquí recollidos redactáronse a partir das entrevistas mantidas cos nosos protagonistas nos meses de agosto, setembro e outubro do ano 2018.

Análise sociolóxica

As mudanzas que tiveron lugar en España e en Galicia desde a transición foron profundas. Un dos retos aos que se ten que enfrontar agora o sector ven da man desa profunda transformación socioeconómica. A posición relativa do sector dentro da economía galega reduciuse substancialmente, especialmente en termos de emprego directo nas actividades extractivas.

Eses cambios non foron só cuantitativos senón, e sobre todo, cualitativos. A base social e o sistema de valores que encarnan as novas xeracións de homes e mulleres do mar mudou substancialmente. Varios dos nosos protagonistas eran mais de oito irmáns, *Nós somos 7 irmáns e eu son o cuarto máis vello, pero fomos 14, 9 vivos e 5 partos malos*, conta Manolo. Juana son oito irmáns e na casa familiar vi-

vían quince persoas, e Santiago son nove irmáns. Este feito obrigou a estes homes e mulleres a encarar moitas responsabilidades desde moi pequenos. As súas familias necesitaban a súa axuda e eles deleitábanse coa pesca e o marisqueo.

Varios dos nosos protagonistas recordan con orgullo a axuda que prestaban e a gratitude que reciban dos seus pais e nais. *Cando había unha campaña boa, miña nai andaba cun sorriso tremendo, porque garantía ingresos para os nove fillos di Santiago*; de similar xeito exprésase José Torrado *Ese día miña nai foi a muller máis feliz do mundo, levaba comida para os fillos para todo o inverno*. Sen lugar a dúbidas, estes e outros logros enorgullecían a pais e nais, non só polo valor achegado polos seus fillos, senón tamén porque era unha proba irrefutable de que ese fillo sería quen de voar coas súas propias ás, de gañarse o pan e de forxar as súas propias familias

Con só cinco historias de vida aquí relatadas, podemos apreciar a complexidade e diversidade de xeitos de vida que se daban nas comunidades mariñeiras. Aínda así, identificamos un conxunto de elementos comúns.

Un dos valores comúns que podemos destacar é o do **respecto**. Moi ilustrativo da importancia que se lle daba ao respecto para coas persoas maiores é a mensaxe que o pai lle fai a José Torrado, cando era neno e que o tivo presente toda a súa vida *Eu pódoche perdoar calquera rapazada pero se me entero que lle faltas o respecto a unha persoa maior non respondo de min*.

Como veremos, a **familia** está sempre presente, deixando unha fonda pegada nos nosos protagonistas. As nais e pais son especialmente lembradas polos fillos, os intres de su-

frimento ou ledicia están presentes nos relatos. De xeito especial, as mulleres recordan con gratitude o respecto e a estima que recibiron dos seus pais. Ese aprecio convertese en empuxe e valentía para afrontar os retos aos que se tiveron que afrontar as mulleres que lideraron a profesionalización do marisqueo. Así Juana Martínez relata *meus pais non me criaron para que outros me agravien, eu non deixo que ninguén me pise.*

Sen lugar a dúbidas, os logros acadados xa na infancia supuxeron un tremendo pulo na súa autoestima ademais de forxar un carácter enérxico e loitador, situando o traballo na cúspide dos valores.

Tamén era habitual que as rapazas e mulleres nas comunidades tradicionais cumprisen a función de coidadoras. As dúas mulleres narran como foron atendendo e coidando de irmáns e familiares. Juana este feito exprésao nitidamente *Eu era una nena, pero facía de nai de meus irmáns.* Este feito previsiblemente foi moi relevante a hora de desenvolver o seu modelo de liderado, ela mesma é consciente de este feito, *todo o mellor para as miñas mulleres; e antes era todo o mellor para a miña casa, para os meus irmáns.*

A familia era tamén un elemento de gran relevancia na transmisión de coñecementos e **valores**. As cinco persoas aquí recollidas entraron na pesca e marisqueo da man dos pais e familiares cando aínda eran nenos, de tal xeito que a aprendizaxe se producía de xeito natural e sobre a marcha. En boa lóxica e polos detalles que se narran é de supoñer que as habilidades que alcanzaron estes homes e mulleres debe ser asombroso, *non teño por que non dicilo, era un mariñeiro completo, ataba facía de todo, un mariñeiro comple-*

to. *Teño deixado, coa miña estatura, moita xente pasmada no meu traballo* tal e como se pode apreciar na historia de José Torrado, esas habilidades convértense en autoestima e prestixio para a profesión.

Daquela, cando os nosos protagonistas eran rapaces, a familia xogaba un papel fundamental na transmisión de valores. Certos valores eran parte moi importante da reputación familiar e extremadamente relevante nas relacións que se establecían nos pequenos pobos. Ser unha familia honrada e traballadora era un prestixio e reforzaba a confianza entre os membros das comunidades facilitaba as recomendacións e a diaria convivencia. A confianza e as relacións de **axuda mutua** facilitaban o embarque ou o acceso a médicos, funcionarios e profesionais. Sobre o valor do traballo, dispoñemos de varias testemuñas, unha delas é a de Lola de Camariñas *Traballar si, porque traballar tamén se traballou, traballar hai que traballar, pero ben! moi ben, moi a gusto*. Sobre a honradez é moi significativa a advertencia da nai de Santiago *Miña nai, que en paz descanse, sabendo o que pasara na confraría, díxome: Santiago se vas para o cabido se un exemplo para todos . E iso marca moito*.

A **austeridade** e o aforro tamén tiñan un papel significativo nesas familias e permitiron que sendo modestas puidesen mellorar a súa situación investindo en mellores embarcacións. A idea de ir pouco a pouco, de deixar de hoxe para mañá está presente á hora de xestionar os recursos e posibilidades de vida. A ostentación chegará mais tarde ás vilas mariñeiras, da man dunha sociedade de consumo, que fará mella nunhas comunidades rexidas con poucas ferramentas críticas para facerlle fronte e onde o efecto imitación vai vencendo esas bases morais de contención e medida.

Nos últimos anos as preocupacións do sector acostuman centrarse no recurso, nas cotas, nos ingresos... Porén cando os nosos protagonistas teñen que facer memoria e contar as súas vivencias observamos que a economía non ten ese lugar tan predominante. Outros elementos relevantes xunto coa familia son os amigos e os afectos.

Os amigos ou agraciados co afecto dos nosos protagonistas son moitos. Algunhas das persoas citadas están falecidas, pero non por iso están esquecidas. Dicíanos José Torrado *Temos que falar agora do gran José Manuel de Malpica, José Manuel Vila Pérez. Poñédeo aí non o esquezades, porque é un home para lembrar.* Os homes falan de amizade, de amigos moi amigos e botan de menos os bos ratos tomando unha chiquita ou unha tapa de polbo. Esas amizades son ás veces un catalizador que favorece a colaboración e beneficia entidades como as confrarías. Cóntanolo Santiago *As dúas confrarías quedaron moi contentas pero se non houbese dous patróns con esa amizade non sería posible ese acordo.* Tamén podemos ver como as mulleres foron labrando unha rede de afectos e dan mostras de cariño a cada paso.

O poder das relacións baseadas nos afectos queda patente nas historias de todos os nosos protagonistas. En definitiva, fronte a esa visión estereotipada que ás veces circula sobre a xente do mar, marcada pola torpeza e o egoísmo, pódese observar que os nosos protagonistas viviron inmersos nun **mundo marcado de afectos e relacións.**

A transformación das confrarías

O patrimonio que deixa esta xeración de xentes do mar non só son recursos naturais e materias, infraestruturas e dotacións, as artes e embarcacións, senón tamén un coñe-

cemento, unha experiencia acumulada durante xeracións que resultou útil e que lles permitiu chegar ata 'porto', chegar ata destino. Quizais a chegada non fose exacta, pero cun pouco mais de tempo corríxese o rumbo e atrácase no peirao, así tamén acontecía cos antigos sistemas de navegación como o compás ou o sebeiro, Don Sebeiro como respectuosamente lle chama o señor Torrado. Opinamos que o valor do patrimonio común vinculado as confrarías de pescadores é enorme.

- 1) As **infraestruturas e servizos portuarios** previsiblemente foran unha das necesidades mais perentorias do sector na década dos setenta e oitenta. *A min doíame o corazón cada vez que o peirao vello ía rompendo* reláta mos o señor Torrado. Agora é frecuente ver como os pequenos pobos mariñeiros contan con robustos sistemas de protección, e tamén dispoñen servizos portuarios axeitados.
- 2) *Antes a confraría estaba nun cuarto* cóntanos Lola mostrándonos as dotacións coas que conta a confraría de Camariñas: oficinas e salas de reunións, aula, lonxa, fábrica de xeos, nave de redeiras, etc. Xunto as dotacións outro aspecto moi relevante son os **servizos** que realizan as nosas confrarías, e que hoxe en día van moito mais alá que a xestión do papeleo. Santiago da testemuña do chimpo dado pola confraría de Noia neste aspecto: *Compráronse terreos, fixéronse casetas para as mulleres e os homes de a pé, motores novos, carros novos, barcos novos, lanchas novas e un montón de cousas que antes non había. Agora vas a Testal e temos dos operarios para subir ás embarcación dos socios, pistola para lavar e moitos outros servizos que antes non había. Os que van mariscar teñen carro na rampla, ás mariscadoras de a pé traspórtaselles*

o produto nas lanchas, o marisco cárgase no tractor e fan falta dez ou doce operarios.

- 3) Mais alá duns estatutos e formalidades varias, **a democracia e a igualdade** entre homes e mulleres chegou nas últimas décadas as confrarías Coruñesas. Un caso pioneiro foi o do Porto do Son, onde a posta en marcha dun sistema democrático foi directamente demandada polo colectivo de pescadores ante os representantes políticos, tal e como nos conta o señor Torrado: *sería o ano 79 ou 80... cando fomos a xunto Sánchez Terán para que nos deixara facer unhas eleccións*. Noutros casos, a chegada da democracia real e garantista demorouse mais. É público e notorio que algunhas confrarías se resistiron a mudanza no modelo de goberno. O caso de Noia nolo relata Santiago, *Si porque aquí pasaron moitas cousas, agora estase ben pero o que custou botalo..., anos estive-mos para botalo*.
- 4) **A profesionalización da muller** mariscadora foi outro dos eixes de transformación mais relevantes acontecidos nestas décadas, non só polo que supuxo para este importante colectivo, senón tamén polo empuxe que lle deron as súas confrarías. Este caso de éxito na transformación socioeconómica está ben documentado no libro *Y cogieron ese tren... Profesionalización de la mariscadoras Gallegas* de Begoña Marugán Pintos, pero sen dúbida algunha, a testemuña das nosas protagonistas vai enriquecer de xeito relevante a análise dese proceso.
- 5) **A profesionalización da xestión das confrarías** é outro dos elementos mais relevantes acontecidos nestas décadas. Hoxendía ata a confraría mais pequena conta

con persoal técnico altamente cualificado. A confraría de Noia, a máis grande das aquí representadas, ten aproximadamente trinta e tres persoas empregadas, entre os que se encontran profesionais altamente especializados en bioloxía, gobernanza e xestión económica. Sen lugar a dúbida a combinación dun bo cabido e unha axeitada profesionalización dá uns resultados excelentes en termos de desenvolvemento sustentable.

- 6) Outro dos grandes pasos que se deu nas derradeiras décadas foi o desenvolvemento organizativo interno das confrarías coa formación da agrupacións e subsectores de actividade, e tamén o desenvolvemento dun **ecosistema asociativo** vinculado ás actividades marítimas: federacións de confrarías, organizacións de produtores, asociacións de diversa índole, fundacións, etc. Estas entidades son o xerme dun amplo e variado programa de debate e difusión do coñecemento. Opinamos que o respaldo realizado pola administración autonómica a estas entidades é moi valorado polo sector e pode ser unha das chaves para a consolidación da coxestión e desenvolvemento sustentable dos territorios costeiros.
- 7) A posta en valor das confrarías e o renovado prestixio dos oficios relacionados coa pesca e o marisqueo. E xunto a elas o desenvolvemento de marcas relacionadas coa pesca artesanal e sostible tales como Pesca de Rías e Pesca en Verde, e tamén as marcas especificadas postas en marca por unha ou varias entidades, tales como berberecho de Noia, polbo..... A introdución de ecoetiquetas é xa un feito dentro do sector (MSC...). En definitiva podemos afirmar que o sector está tomando conciencia do **valor dos intanxibles**.

8) Recórdanos Juana como eran as **condicións de traballo** no marisqueo a pé cando era unha nena *Levabamos os sacos na cabeza. A ese sistema chámánlle a toa: un pouquiño para aquí e pos este para alí, este para alá, iamos descansando e volviamos buscar o outro.* Moi expresivo é o relato de Manuel ao respecto, *Lembro vir da ribeira e non ser capaz de abrir a petrina co frío. Levabas unhas zapatillas de flanela e roupa normal, e ías de aquí ata Cándoa que está a 8 ou 10 quilómetros, sobre hora e media andando para ir ao percebe.* As melloras acadadas nas condicións de traballo nestas últimas décadas son notables e tanto Santiago como Manuel calcifican o traballo no mar como un deporte. Ademais Santiago destaca algunhas vantaxes do seu traballo, *Un dos lados positivos é que é un traballo ao aire libre, sen contaminación ambiental. Actualmente co marisqueo tes moito tempo libre.*

Os retos de futuro

Os retos de futuro para confrarías están presentes nos discursos dos nosos protagonistas. A chegada da profesionalización, as tecnoloxías e o tecnicismo que tanto contribuíu ao sector tamén arrastra un lado escuro. **A innovación** ten a súa cara e tamén a súa cruz. As novas normas, as novas tecnoloxías, os novos modelos de explotación e xestión xeraran impactos no sector ás veces difíciles de avaliar. Moitas destas novidades introdúcen no sector sen ser chamados. *A xente recoñece o que Bruxelas, a Unión Europea, fixo en infraestruturas. En cambio, no tema de pesca vai mal, a xestión non nos gusta* di Lola de Camariñas. Outro exemplo nolo ilustra Manolo de Laxe *A ruína do mar foi a chegada*

do aparello de nailon porque queda 4 días no mar e non pasa nada. Os de fío non podían quedar 2 días senón non eras quen de limpalo en toda a semana.

En certos ámbitos está instalada unha **visión mecanicista** e industrial do mar. Unha visión estritamente economicista ten causado danos e sufrimento nas comunidades pesqueiras mais tradicionais. Cremos que hai que desbotar o paradigma fabril do mar. O mar non é unha fábrica e non debe regularse nin xestionarse como tal. O modelo taylorista de xestión e control xa foi superado polas organizacións modernas e os modelos de maximización están sendo desbotados polos sectores e ámbitos mais dinámicos. Así pois, non cabe porfiar en inculcar nos sectores máis tradicionais da noso litoral modelos de desenvolvemento obsoletos tales como o rendemento máximo sostible (RMS) ou as vídeo vixilancias a bordo.

Facer compatible o crecemento económico coas contornas sociais e ambientais é o obxectivo do que se está a chamar 'desenvolvemento sustentable'. A **Responsabilidade Social Corporativa** (RSC) é un modelo de xestión axeitado para as contrarías de pescadores. Este modelo contribúe ao desenvolvemento sustentable a través do dialogo cos distinto axentes ou partes interesadas. Este é un modelo amplamente estudado que está sendo impulsado por moitos sectores da administración. Sabemos que a Consellería de Mar está difundindo e promovendo este modelo de xestión, e tamén sabemos que a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de A Coruña, fixo súa esa mensaxe e desde hai uns anos está desenvolvendo actividades concretas que permitan ir introducindo este novo paradigma.

Este concepto de sustentabilidade tamén esta presente nas xentes do mar, así nolo expón Juana de Muros, *eu diríalle aos novos que entren nos cabidos que vivan do seu traballo, a partir de aí que fagan as cousas polo ben de todos e para todos, para os que están e para os que están por vir. Que do que collan xa o teñen aí, pero do que deixen teñen que vivir os que veñan detrás.*

Coñecemos os problemas de impoñer ‘solucións’ creadas por tecnócratas de despacho. Non podemos confundirmos os medios cos fins, non podemos poñer as persoas ao servizo da ciencia e a técnica, temos que poñer todos os recursos ao servizo dun verdadeiro progreso social. É tan importante o que se fai, como a xeito de facelo.

A RSC apunta que esta nova forma de facer debe construírse en convivencia co sector, **escoitando** e coñecendo as súas necesidades, os seus valores e recursos. Esta nova forma de facer debe forxarse contando con todas as ciencias, incluíndo as ciencias sociais e as humanidades (economía, socioloxía, políticas e da administración, historia,...), faise preciso equilibrar o balance incorporando máis perspectivas de coñecemento.

Faise necesaria unha **conexión** entre coñecementos e entre axentes, pero o sector amósase reticente ante os científicos e investigadores. Ese escepticismo refórzase cando as afirmacións científicas contradín as evidencias dos pescadores, ou cando o compromiso dos investigadores co sector dura o que tardan en acadar un praza fixa nalgún organismo ou universidade.

Outro dos retos mais relevantes é a xestión do común, avanzar na coxestión dos recursos de uso común. A premio

nóbel Elinor Östrom, expón do seguinte xeito o problema central dos bens comúns: como un grupo de persoas con intereses particulares nun entorno de uso colectivo poden organizarse e gobernarse a si mesmas para obter beneficios conxuntos ao longo do tempo, e pese a que están tentadas a eludir responsabilidades a actuar de xeito oportunista.

A xestión do común, das pesqueiras e o marisqueo, ten dúas ameazas: unha procede dos usuarios do recurso común tentados a actuar egoístamente, ignorando o interese colectivo. A outra ameaza procede das instancias estatais, autonómicas ou europeas, cando introducen regulacións xerais que afectan a ámbitos operacionais, ignorando que esa norma vai ter impactos difíciles de avaliar dada a diversidade de actividades, artes e espazos.

Tal e como reiteradamente nos conta Lola de Camariñas *O cabido ten que defender o interese colectivo. O que non poder facer unha patroa maior é favorecer a catro en contra do interese xeral. Porque se catro che fan ruído...* En relación á xestión dos comúns Manuel de Laxe fainos esta interesante proposta, *nós mesmos tiñamos que autoregularnos*.

Tal e como expón a citada socióloga no libro *El gobierno de los bienes comunes*, os gobernos poden desenvolver un papel moi positivo na xestión dos bens comúns, pero deben evitar entrar a regular os espazos operacionais, e dicir, deben establecer un marco xeral regulatorio permitindo que as propias comunidades determinen os aspectos máis específicos. Consideramos que é exemplar neste sentido o modelo de coxestión que se está realizando no marisqueo en Galicia, onde as confrarías se autorregulan a través dos chamados plans de explotación ou de xestión anual.

Opinamos que afondar na autoregulación do sector e avanzar na coxestión é unha das grandes oportunidades para o desenvolvemento sustentable dos territorios costeiros.

Pero os bens de uso común non son só os recursos pesqueiros e marisqueiros. Cada vez máis os intanxibles adquiren máis valor, **o prestixio das nosas profesións e das confrarías** son bens comúns que todos debemos coidar. Hai que ser conscientes de que cando se dana a imaxe dunha confraría se está prexudicando a todas. As malas prácticas dunha confraría ou dun profesional teñen implicacións nos demais. Non podemos meternos na casa de outros pero temos que reaccionar cando se atenta contra o que é de todos, o recoñecemento público é un ben común que custa moito acadar. A opinión pública é un recurso moi importante e o sector ten que pelexar por un estado de opinión favorable porque en determinados momentos ese factor resulta decisivo.

Un tema adicional que preocupa ao sector, e sobre que haberá que facer análises mais específicas, é como darlle viabilidade económica e funcional ás pequenas confrarías.

Leccións maxistras

Nas súas historias os nosos protagonistas déixannos unha panoplia de leccións sobre xestión e bo goberno. A continuación destacamos as seguintes:

- 1) **Dirección por Valores.** Esta xeración de membros dos cabidos, que os nosos protagonistas representan, participa dun conxunto de valores ben arraigados durante a nenez. Uns valores sinxelos pero útiles tanto para a vida perso-

al como para desenvolver as súas funcións nas confrarías. A ética e os valores tamén deben estar presentes nas entidades. Implantar un sistema de valores que contribúa ao desenvolvemento das confrarías é un dos grandes logros que se lle deber recoñecer á xeración que representan os nosos protagonistas. Entre ese conxunto de valores están os seguintes: traballo, honorabilidade, valor da palabra dada, respecto, honradez, amizade e austeridade.

2) **Determinación e humildade.** O valor, carácter, xenio e determinación son características que están presentes, dun ou outro xeito, en todos os nosos protagonistas. Sen ese impulso e determinación sería moi difícil chegar aos órganos de goberno das confrarías e contribuír como eles o fixeron a situar a estas entidades no lugar que agora están. Tamén é importante ser realista, desde a humildade un pescador ou mariscadora pode facer valer o seus propósitos, con este modelo o señor Torrado ten acadado moitos dos seus obxectivos, do seguinte xeito facía a súa presentación en Madrid, *Yo soy marinero, soy gallego de Porto do Son, fui poco a la escuela, tengo que decirlo, y si en un momento digo alguna palabra equivocada, pido perdón antes de empezar.*

3) **Liderado de servizo, unha xestión baseada na confianza e lealdade.** Segundo Karl Abrecht, unha das mellores maneiras de mobilizar a enerxía humana é concederlles autonomía as persoas. Os nosos protagonistas, da mesma maneira que outros membros dos cabidos da súa xeración optaron por un liderado de servizo. Este modelo queda perfectamente representado a través das mensaxes que nos deixa o señor Torrado cando se dirixía aos traballadores da confraría, *quero que traballedes en liber-*

dade, agora o que vos pido é que fagades ben as cousas para os pescadores, que aínda que tedes pouco soldo, son quen vos pagan, recordade iso sempre ou tamén cando di eu dixen sempre que os pescadores estaban por riba de min, sempre por riba de min.

- 4) **Diálogo e consenso.** A escoita activa e procura de puntos de encontro é outro dos elementos característicos do modelo de xestión que nos deixa esta xeración de representantes das confrarías. Neste sentido Santiago di, *hai que dialogar, se cadra un día perdes ti un pouco pero outro día perde outro. E falar, falar, falar.* Loxicamente a demanda de diálogo ten que ser recíproco, e a recomendación de ‘pasar polo banquillo’ antes de saír ao campo é moi oportuna. Desta forma o expón Manuel, *o primeiro que tiñan que facer os máis novos é escoitar aos máis vellos, iso é o primordial. Non querer xa meterse no medio pensando que saben máis.*

José Torrado Mariño (1931)

Confraría de Porto do Son

A miña pegada no peirao vello

Daquela eu andaba en Terranova ao mar e estabamos no País Vasco... Eu teño unha pequena pegada, unha gran pegada no noso antigo porto, que lle chamamos o peirao vello, que era o que estaba máis ou menos na zona do primeiro pantalán, que ten unha entradiña pequena. Ao outro chamámoslle o peirao novo porque era onde máis batía o mar, e había que amañalo case todos os anos, porque todos os anos lle caía un anaco. Eu cada vez que viña de Terranova, co saco ao lombo, vía que caían as pedras e que cada vez había máis furados no peirao vello. Os barcos amarraban enriba das pedras. E meu pai daquela estaba na confraría con Baldomero Fernández Calviño, que morreu hai pouco tempo. Eu dicíalle a meu pai: *papá o peirao está caído!* Si meu fillo si, xa lle falamos a Baldomero...

A min doíame o corazón cada vez que o peirao vello ía rompendo. Daquela, xa me obrigarán os fillos e mais a muller

a quedar. Os fillos xa me dicían *papá, non queremos que marches*. E a miña muller tiña que facerme a maleta porque eu son unha burra para facer as maletas, e negábase a facerme a maleta. Estaba entrando nos 40 anos de idade, máis ou menos, e os meus fillos tiñan 9 ou 10 anos. E ben, non me acordo ben da data de cando entrei de patrón maior. No 1980 ou no 79, tivo que ser no 1980 ou no 81, non me acorda a data. E aí foi cando empezamos a traballar, cando entrei na confraría.

Quedei na casa, eu xa tiña un barquiño que fixera na Coruña. Botei 20 e algo de anos no bacallao en Terranova. Percorrín desde Grenlandia até Boston. A primeira vez que fomos a Grenlandia, viñamos polos bancos de Terranova e no medio da ruta máis ou menos, ao pasar as Azores ou así, o patrón de costa notou unha cousa rara...

Nós eramos unha pareja de estrena, dunha casa armadora de Pasajes. Esta empresa sacou a primeira rambleira. Antes houbera outra pero afogaba pola popa, tiña a rambla abaixo entón afogaba pola popa. Ao meter o aparello a bordo afogaba, enchíase o barco de auga e anegaba a máquina, tiveron que tapar todo e vir para España, a empresa armadora chamábase LASA.

Lembro que estaba paseando polo peirao, eu daquela andaba nun barquiño pequeneiro dos antigos porque me invitara un veciño de aquí do Son, levábame moi ben con el, xa morreu tamén. E ben, tiñamos unha reunión para as 12 do día, e entón fun dar unha volta polo peirao porque aínda era cedo. Eu estaba no peirao e sinto berrar, *Torradooo! Arriba un home, e eu, que?... Espera!* E cando miro un amigo meu de aquí de Lariño detrás de Monte Louro, a persoa máis persoa que topei na miña vida, un home fóra de se-

rie. E dime, *agarda aí! Agarda!* Baixou, démonos un abrazo que había tempo que non nos viamos, e dime: *A ver, non che gusta este barco?* E dígolle, *pero como... pero este barco é un rambleiro, estes rambleiros afogan pola popa. Porque tiña a rambla abaixo home!* díxome el. *Pero non ves que este ten a rambla arriba!* Dime el: *si, isto resulta.* E pregúntolle *e cando saídes? Saímos en agosto.* El estaba así, un pouco de xerente dos barcos, para atracalos e tal. *E se tes algún home do teu gusto, pois tamén tráeo, que necesitamos 3 ou 4 mariñeiros. E entón, contigo conto non? Conta comigo, xa pasarei pola oficina.* Despois fun á reunión que tiñamos, alí estaban os compañeiros esperando e dígolle *eu quedo que eu non vou.*

O que pasou foi o seguinte. O día antes foramos á revisión, unha reunión que se facía anual de médico. Eu de neno cando tiña 14 ou 15 anos tiven pleure no lado dereito, e sempre me dicía o médico que cada vez que sacase radiografías lle dixese ao de raios o que tiña. De feito hoxe aínda teño unha sombría no pulmón. O médico cando viu o choio, mirou o pulmón dereito todo morado. Logo xa tiña unha escusa para non ir, aínda que estaba cheo de saúde. Entón aproveitei para deixar esa armadora, porque non querían que marchase, estaban alí o patrón e toda a tripulación, e non querían que marchase. Dicíanme *queda home, queda! Non, non, síntoo moito pero eu vou para Galicia, que me fío máis dos médicos da miña terra que dos de aquí.* E así cambiei de compañía.

Retomando a historia de cando iamos polas Azores, resulta que o patrón de costa escoitou por radio unha conversa que tiñan entre si outros patróns, e chamou ao patrón de pesca, un tal Jose Mari. *Jose Mari mira pasa isto, creo que*

en Grenlandia xa están pescando. Todos os patróns se coñecían entre eles. Pois veña imos alá, corremos unha aventura. Chegamos alí e había peixe, un peixe de categoría, de feito as máquinas que tiñamos, que eran alemás, de abrir e sacar espiñas estaban feitas para ese peixe. Era o peixe que máis daba o talle para esas máquinas. Aquela era a parte máis seca do banco de Terranova, meseta Platier, alí cando daban temporais había que escapar e buscar máis fondo. Alí o peixe no verán estaba espeso. En Terranova había uns peixiños que eran moi parecidos aos bocareos de aquí. A femia era igual ca un bocareo, pero o macho non, o macho era como un ghalo, que lle chaman capelán, tanto había, tanto había que ata varaba nas praias. Nós iamos ao eixe da francesa, ás illas de San Pierre e Miquelón.

Eu sempre fun en parejas, sacando a última marea que fun nun pequeno frigorífico, e iamos botar a unha factoría que se fixo alí en Terranova.

Unha nenez bastante triste

Nacín o 4 de xuño de 1931, teño 87 anos. Meu pai era mariñeiro, meus avós mariñeiros, de feito meu avó, o pai de miña nai, morreu afogado. Viñan nunha dorna de Muros cargada con chobillo, que era o aquel do cáñamo para facer os cabos, entón cunha nordestada empezou a entrar auga a bordo e a auga empapou o chobillo, que era un material moi espeso. Foise encharcando e cando se deron de conta... pumba!! foron ao fondo. Meu avó tiña barco de todo. Co chobillo tamén facían os cabos dos aparellos, tiñan que fialo. Daquela aquí había dous ou tres talleres que fiaban iso, por aquí enriba no tendeiro que dicimos nós. Facíase

de todo, mesmo as liñas nosas de pesca para pescar o abadexo se facían de carrete de fío.

Eu nacín no Son, e tiña unha irmá que morreu con 13 anos, que era a más vella naquel momento, porque na nosa casa o máis vello foi un rapaz que tiña un ano cando morreu de meninxite con 7 anos, ese era o máis vello. De 8 irmáns só chegamos 6.

A historia dos pais de miña nai é moi triste. Eu non entendo como a miña avoa despois de morrerlle o home afogado, Jose Mariño que se chamaba, marchou para América. Tiña unha filla alá que se chamaba Elena, e levou o neno máis novo, que se chamaba Juan, con ela para América. Despois Juan foi o primeiro que morreu na América dos meus familiares directos. Empezaron indo e morrendo, morreu tamén miña irmá Carmen na América. Agora quedamos 4 irmáns, porque tamén morreu Rosa, a miña irmá máis nova. De miña irmá Carmen trouxemos de América as cinzas hai 2 anos, de feito está hoxe un fillo aquí que vén comer con nós, un fillo de Carmen. Eu teño unha cicatriz, un golpe que levei da miña irmá Lola con 13 anos a correr detrás de min pola praia. Onde está hoxe o paseo todo era praia. Había un cano para o saneamento, cada rúa tiña un cano que atravesaba a praia, había polo menos 3. Ía correndo tropecei e caín, e por certo rompeu a dentadura por dentro e todo.

A miña nenez foi bastante triste..., ata a chegada da guerra de España recordo que había comida na casa. Eu nacín no 1931, e con 5 anos empezou a guerra civil en España. Coa guerra de España xa empecei notar escaseza. Nós nunca tivemos casa propia, meus pais nunca tiveron casa propia. De feito a min dicíame miña nai: meu fillo..., era o máis

vello claro, despois de morrer miña irmá Lola quedei como o máis vello que o son aínda, e tamén teño un irmán que é o máis novo da casa, Marcial que leva o nome de meu pai. E dicíame miña nai *meu fillo somos como un xudeu errante*. Tiñamos unha irmá que case sempre estaba fóra, e agora tamén está un pouco pachucha e tiveron que ingresala, pero sempre estaba fóra, case nunca estaba na casa.

Cando foi da guerra mundial, foi cando tivemos máis crise, porque daquela viña unha chea de xente comprar aquí os produtos do campo, millo e de todo o que había, para levar para a tropa de Alemaña. Había moitísimo contrabando daquela. Na parte de abaixo de Xuño, había moita xente que andaba ao contrabando de comida, e aquí a comida valía un diñeiral. O peixe saía das praias pero non había quen o quixese. Mira que aquí nin as robalizas, non as quería ninguén. Aquí o único peixe que se vendía era o abadexo e a sardiña para a fábrica de salgadura. As centolas picábanche nos pés de tantas que había.

Viñamos en vela e por aí paseando andaban as centolas. Todo iso sobrava, pero non había outras cousas. Moitas veces na nosa casa, miña nai facía caldeirada de peixe e chamáballe caldeirada solteira, porque non tiña patacas. E comíase todos os días caldeirada do mesmo, xa non che entraba pola gorxa para abaixo. Xa ves, a famosa caldeirada que é riquísima.

Lembro que meu pai non era un home moi botado para adiante. Tiña unha familia pero el tiña a súa forma de ser. Cando viñan os seus amigos de Terranova ía con eles de farra, que ademais eran da familia, Celestino, meu curmán Juanito de Bouzas, toda esta xente. Meu pai andaba ao seu.

Ao meu pai normalmente no verán chamábano sempre para patrón porque era moi bo patrón, era un home que sabía moito de mar, moitísimo, coñecía o mar de aquí máis ca a súa casa.

E un día dime miña nai *José fillo fala co teu pai home, que veñen aí as festas e non vos teño nada que dar*. As nosas festas son en setembro as principais, son 5 días, o 7, 8, 9, 10 e 11 de setembro, que é a festa do Carme e a romaría do Loreto. *Pois dille meu fillo, dille*. E eu *papá, mamá di que non temos nada para a festa*. Meu fillo eu que... Meu pai estaba medio desanimado porque o chamaran para patrón e non tiveran resultados. De feito, algúns barcos foran para Vigo, andaban á sardiña alá, pero o barco de meu pai non quixo ir a Vigo, porque daquela a gasolina valía un diñeiral. Xa valía daquela 50 pesos un bidón de gasolina.

Nós tiñamos un barco, un bote pequeno a remos e a vela. Entón falando con el, *papá por que non preparamos os palangres do limpo*, porque daquela había palangre do limpo e palangres da pedra. Hoxe todo é un só, a todo lle chaman ir ao pincho, hoxe todo o mundo vai ao pincho. Daquela había o palangre da pedra que era para o congro, que ía armado máis fortemente, e había o palangre do limpo, que era para os rodaballos, para os porróns, os porróns son eses que teñen as aletas soltas, bonitas, e unha cabeza grandeira, e son un pescado moi bo. Nós chamámoslles porróns, na Coruña din alfóndigas. Despois hai varias clases, hai escacho, que son uns que son máis pequenos, pero eses teñen unhas aletas fermosas.

Entón dime o meu pai *meu fillo e como os imos encarnar*. E dígolle *papá eu vin saír as lanchas de Muros*. As lanchas de Muros eran a vela e collían carnada para os

que ían á pescada. E ben, pois imos dixo. Non sei se era véspera do Carme ou 3 días antes do Carme. Saimos á mañá, fomos ao encontro das lanchas que ían coller carnada á alborada. E dicía meu pai *a ver José vai mirando por aí*, e iso que miraba por un ollo só, como miro agora, por un ollo só.

Estabamos alá polo alto da Posa, un pouco ao sur do Monte Louro. *Están alá!* Tiñan vela de marabilla. E tiñamos un amigo moi amigo, o Torto de Crecas, que era de aí dunha aldea que estaba antes de chegar a Muros. Tiña unha lancha moi característica, imos así dereito, vaite dereito... e xa nos amarramos pola popa. Miramos a rede, pois aínda non levantaran rede. Díciase, levantar unha parte, ou sexa desde o empezo antes de vir o primeiro bourel, chamábanlles boureis aquí aos que eran de cortiza. Primeira rede, segunda rede, terceira rede, antes de chegar ao empalme dunha coa outra. Entón ímoslle mirar a rede para saber e xa quitamos 40 ou 50 sardiñas. *Para vós ha de chegar*, dixo este amigo. De alí a pouco, xuntaron unha boa caixa de sardiñas, regaláronnola e todo. De feito, aínda nos deron un cacho de boroa, que non levabamos nada para comer da casa.

Fomos e estivemos nunha zona que chamamos a Lañeira dos Coudás, nesa zona na guerra mundial caera un avión abaixo. Caeu nese sitio, preto dunha pedra que lle chamamos o Canto. Aquí cada pedra ten o seu nome. A Lañeira dos Coudás ten un refrán que di así:

*A Lañeira dos Coudás ben a saben os do Son,
ten o ginchoeiro o facho e o rebordillo o neixón.*

A felicidade de miña nai

Os nosos devanceiros eran regueifeiros, eran moi regueifeiros os nosos vellos. Dáte conta que aquí no Son creo que era o pobo de Galicia onde máis comparsas había no carnaval e as máis bonitas. Sabedes como me chaman a min? Ben a min xa non me chaman, todo o mundo o esqueceu. Chamabanme “Peneiriña”, sabedes por que? Porque tiñamos unha comparsa no carnaval que titulaba peneiriña. Era como che diría eu, o carnaval era moi..., aquí había moita politiquiña daquela, si había politiquiños...

Entón fomos, chegamos alá e tiramos polas marcas que tiña meu pai, e fomos fondear á Lañeira dos Coudás. Alí onde fondeamos estaban as fanecas espesas, algún ollomol de cando en cando e algún escacho, e aínda non levantáramos o palangre. Meu pai estaba coa liña do congro. Eu xa pescara uns burases grandes, tártaros chamámoslles. E entón papá fixo unhas varas para pescar o congro. Nun momento destes amarrou a liña no bote, púxose a liar un pito e tusiu. Cando acabou bótamelle a man á liña, e a liña firme como unha pedra, pero non era pedra, era unha zona de moito cascabullo, moitas pedriñas pequenas xuntas, alí arriman os peixes. Incluso o rodaballo tamén está en zonas específicas...

No museo do mar temos dúas pedras, nos chamámolas pandullos, a un dicímoslle o sebeiro e o outro é de pescar exclusivamente as maragotas. Eu creo que no museo non o saben explicar. *E isto para que é?* Non o saben explicar e ten unha historia tremenda. A pedra máis grande, moi ben feitiña e redondiña que no fondo ten como unha coviña, é o sebeiro, porque levaba sebo. Que é o sebo? Graxa de vaca fervida que queda branquiña cando arrefece. Esa co-

viña échese ben de sebo e despois hai que darlle coa man e poñerllo ben lisiño, lisiño para que se pegue ben. Despois de que está fría aquilo era matemático, pois con iso, cando había néboas, arriaban a vela e viñan bogando, e servía para saber onde estaban.

Era matemático. Un mariñeiro levaba o sebeiro, *cantas brazas van?* O patrón preguntaba *que terreo é? Cascabullo, limpa, area limpa, sucia, fango!!* En fin, todo iso. E todo iso viña gravado no sebo. Con tal terreo a tantas brazas, o patrón sabía matematicamente onde estaban e non fallaba.

Nós temos unha anécdota sobre o tema. Antes, o Son ía moito a Muros e Muros viña moito ao Son. Hoxe estamos un poucos divorciados, antes iamos moito a Muros. Entón hai unha anécdota que di que uns ían navegando para Muros con néboa, e o patrón de cando en cando ordaba *sonda!! Cantas brazas van? Que terreo é? Limpo,...* e de alí a pouco *sonda!* De tanto sondar, o mariñeiro ía cabreado, e cando lle din *sonda!* Di o mariñeiro *merda!* E di o patrón *fondea que estamos en Muros.*

Eles sabían que para pescar o congro no limpo, que se pescaban tantos congros ou máis que na pedra, usabas dous anzois. O congro tamén esta nunha zona perecida a onde está o rodaballo e máis outros peixes. Non está en zonas sucias, busca zonas máis limpas, onde hai pedra, area gorda, unhas cunchiñas, aí estaban máis.

Sabían como estaba o fondo todo, sondaban cando andaban ao xeito para estar seguros de que estaban no limpo, tiraban a pedra e sondaban, e xa o sabían, polo terreo que lle viña gravado no sebeiro, en Don Sebeiro. Eu chámolle o primeiro GPS que se inventou no mundo. Sen mirar arriba ás estrelas, alí abaixo.

O día que morramos os vellos que quedamos, pérdese un tesouro. O nome dos montes que usabamos nós para pescar, as marcas. Se nos poñemos a dicir as marcas que temos aquí, botamos todo o día. Pois cada morosía, cada altiño, cada rego, cada aquel ten o seu nome. Hai un nome que me fascina moito, que lle chamaban os vellos o rego do feital. Por que lle chamaban feital, porque debía ter algunha arboriña alí no rego e eles pensaban que era un feito, e puxéronlle o rego do feital. Era algunha arboriña que había alí. Eles como na distancia vían unha cousa pequena pois... un feito ou fento. O rego do feital é unha marca precisamente para un mar que lle chamamos nós a Loureda.

Volvendo á historia co meu pai, levantamos a poutada, que daquela nós levabamos poutada, e resulta que a pedra non era unha pedra, era un rodaballo de 16 quilos, un animal, collemos a ronca, el colleu unha e eu outra e pumba a bordo.

Lembro que o home dunha irmá de miña nai, de tía Lola, Alejandro chamábase, andaba tamén ao palangre do limpo, ao rodaballo e ía vender a Muros, que en Muros valía ben todo ese peixe, moi ben. A robaliza por exemplo tamén valía moi ben en Muros. E despois fomos levantar o palangre. Estabamos a levantar, veu un rodaballiño, veu un escache... *Coño! vimos baldados* (baldados era romper). Pero de repente 3 ou 4 pescadas, 1, 2, 3, 4 pescadas. Daquela estaban as pescadas moi espesas. Veña, veña, mete, e despois de meter pescadas, a quen llas imos a vender, 12 ou 14 merluzas, e entón veu o noroestiño, veu o noroeste que era un vento dos que dicíamos nós: *Noroeste vento largo que leva e trae*.

Esta frase é de explicar. As nosas rías están de nordeste a suroeste, e noroeste a sueste é o transversal. Entón é un vento que a un largo entrabas para dentro e a un largo saías para fóra. Por que dicían noroeste vento largo que leva e trae? A expresión dun largo é a expresión de vela. Cando un barco vai a un largo vai coa vela máis aberta, e cando vai por exemplo cinguindo vai coa vela máis curta. De aí vén, noroeste vento largo o que leva e trae.

Entón empezamos a pensar, *pero papá, pero tamén anda o tío Alejandro e non andará por aí?* E eu púxenme a mirar *alá vai papá! vén alá!* Xa o vin vir, viña para Muros. Entón collemos xa un pau puxemos unha tea, derivamos un pouquiño, xa nos viu e xa puso rumbo a nós.

Aí vén! dabámoslle o rodaballo, e dixo que non que xa non os querían en Muros. Despois vendémoslle algúns peixes a un galeón que viña comprar sardiña de Vilaxoán, viñan aquí moito os galeóns comprar sardiña, eran uns galeóns bastante grandes de 2 ou 3 velas. A sardiña vendíase no mar, para evitar ir a terra e gastar gasolina. Pois o rodaballo, co rodaballo xa pasamos unha festa de carallo! E despois estaban os peixes que eu pesquei, que había 4 ou 5 caixas de peixe alí, fanecas, escachos, ollomois pequenos. Chegamos á casa e agora que facemos co peixe que temos a bordo? E dígolle eu *papá imos á troca*. E a meu pai iso xa non lle gustaba moito, estaba unha tarde preciosa, e digo eu *mamá imos á troca, imos alá á outra banda*, chamábanlle outra banda alí enfronte a nós. Imos á aldea de Tal. Esa era unha aldea bastante rica, era rica porque había moita xente indo a traballar a Estados Unidos, e ademais tiñan moitos campos para traballar. Fomos, mimadriña non me quero acordar! Miña nai cunha caixa e eu con outra. Nas

dúas primeiras casas que atopamos xa libramos todo, e ao mesmo tempo xa enchín a miña caixa de patacas, bolsas de fariña, 2 ou 3 cachos de pan... Eu, veña! leva peixe para terra. Fomos no botiño, no noso bote, chamábase María Isabel, o nome de miña irmá María e de miña nai Isabel e mais da miña outra irmá que se chamaba María Isabel. E eu carrexaba cousas e volvía cargado de peixe. Ata chegamos á casa do cura, alí atendeunos de marabilla, deunos eu que sei... volvemos co bote cargado de cousas. Ese día miña nai foi a muller máis feliz do mundo, levaba comida para os fillos para todo o inverno. Daquela, cos medios que había, miña nai sufría moito.

Daquela a xente non era de expresar os afectos, nin seque-
ra os pais polos fillos. Pero ben, meu pai nunca nos puxo
unha man enriba do lombo. A min meu pai sempre me
dicía isto que non se me vai esquecer na vida, porque eu xa
son vello pero isto nunca o esquecín, *eu pódoche perdoar
calquera rapazada pero se me entero que lle faltas o respec-
to a unha persoa maior non respondo de min...* Hoxe non
hai pais que eduquen aos fillos en valores. Porque imos ver,
hai que pensar unha cousa. O que hai agora, o que teñen
agora, quen o creou? Os que traballamos antes. Iso é fácil
de entender. E eles para quen van crear? Para os que veñan
despois, isto é unha cadea.

Enfermidade e pobreza

E ese patrimonio ten que seguir. Imos ver, se se lle falta
ao respecto a unha persoa maior é un atropelo tremendo.
Por exemplo, eu son unha persoa que vexo que os rapaces
non teñen valores, o outro día sen ir máis lonxe. Temos

alí unha fonte que fixo o concello. Vale, pois o outro día estaba unha señora aguantando un neniño e os rapaciños saltando enriba... Cheguei alí, *bo día señora moitas grazas. Por que? Porque está seu fillo cos zapatiños cheos de merda enchendo de merda onde vou coller eu a auga para beber. E vostede é súa nai? Veña home, non é para tanto. Como non é para tanto, é para moito máis señora, apréndalles vostede aos seus fillos a que respecten as cousas. Vostede é de aquí de Porto do Son? Pois mellor aínda... se eu vou á súa vila o primeiro que fago é respectar todo canto teñen como fixen toda a miña vida, mesmo o mundo enteiro, o mundo que eu percorrín sempre o respecte, sempre. E a min tamén me gusta que me respecten...* Eu chámolle a atención aos rapaces, e non o fagas que os rapaces son moi crueis. Xúntanse en cuadrillas, teñen un líder e despois amárganche a vida, amárganche a vida cada vez que te ven. Eu tiven que deixalos, porque un día xa lle chamei a atención no peirao... eu aínda teño na miña alma o espírito de pescador, de mariñeiro, e cando vexo que atropelan algo no noso peirao, pois non me gusta, é dicir, dóeme. Dóeme porque eu non fago iso en ningunha parte. Como lle chames hoxe a atención aos rapaces estás perdido, estás perdido.

Cos meus pais viviamos nunha casiña que fora barata, o máis barata posible. Eu son unha persoa que me adapto en calquera sitio porque o vivín desde neno. A nosa casa é pequena. Eu puiden ter unha casa máis importante, pero non a comprei por respecto a miña sogra que era unha gran muller, a nai da miña muller, que tamén sufrira moito, unha historia tamén tremenda, e incluso a miña muller salvouna de milagre.

A miña muller estivo máis morta que viva, chegou a pesar 32 quilos con 19 anos. Estaba así como o dedo maimiño, por unha equivocación médica, pola pobreza. Tiña unha irmá en Santiago traballando na casa duns señores que eran dentistas, e que tiñan familiares que eran médicos. Por mediación dela falou o seu amo co cuñado, e o cuñado coa miña muller, e receiptoulle. Púxolle unhas correntes, e ao pouco tempo esas correntes foron para os pulmóns, e todo iso e despois estivo a morrer.

Deu a vida que neses anos entrara a penicilina e miña sogra aínda tiña con que pagar, porque a miña sogra viña da aldea de Noal, da casa dos Cancelas, que era unha das casas máis fortes. Ela tiña bastante patrimonio de seus pais, e vendera fincas para pagar os médicos cando enfermara o seu home, non foi capaz de salvalo e morreulle moi cedo. Vendeu tamén outra leira importante para unha nena de 14 anos que tamén lle morreu. E vendeu outra para miña muller. Á miña muller salvouna por un..., ben, salvouna.

Por mediación dun amigo de aquí da familia miña, que amais a súa muller era prima carnal de meu pai, soubemos dun médico de Santiago, un home do pulmón, daquela moita xente estaba mal do pulmón. Este amigo do Son que era barbeiro, estivera varios anos na cadea e coincidiu con este médico, e como tiña confianza con el mediou para que atendese a miña muller.

Este médico tiña alí un corredor, alí estaban sentadiñas miña sogra e miña muller, que apenas respiraba, agardando horas, e dille miña sogra desesperada *xa non nos chaman miña filla...*, ata que ao final a chamaron. Unha señora veunas buscar e meteunas por outra porta. Este médico tiña moi-tísimo carácter. Cando entraron díxolle *señora eu non curo*

cadáveres! a miña muller tiña daquela 19 anos. E miña sogra díxolle *vostede faga o que teña que facer e sálveme a filla.*

Ben, pasou para dentro e despois de vela desculpouse por aquelas palabras, pero quíxoa mandar para a Choupana. Daquela a Choupana tiña moi mala fama, porque alí morrera moitísima xente do pulmón. Chamábanlle a Choupana á zona onde estaba o sanatorio da tuberculose. Tiña unha fama terrible porque morría moita xente alí. E non *miña filla vén para a casa. Vostede ten cartos señora? se non os teño andan no mundo.* E tróuxoa para a casa, chegou á casa coa receita daquel home. Penicilina xa en principio para cortar a infección que tiña. Foron á farmacia e non lle fiaron e iso que sabían que tiña con que pagarllela. Entón foi a outra farmacia e aquel home díxolle, mire, voulle dar a máis cara, porque se lle dou outra é auga e a súa filla non cura, xa ma pagará cando poida, e saíu adiante. Está aí con 84 anos, cun pulmón só. Un pulmón quedoulle totalmente achicado e o outro tamén un pouco deficiente.

Despois ela fora a Santiago a un organismo, non me acordo como lle chamaban, que era para pobres, e unha señora de Muros que estaba de enfermeira, encontrouna de casualidade, e díxolle *Pepita! vai a este sitio que hai moi bos médicos, alí aténdente de marabilla.* E e foi, alí tratouna un médico que foi o que a curou ao final, si señor!

De Terranova a Canadá

Cada pouco teño que limpar o ollo, este ollo que me chora moito, este meu pobre ollo. Estoulle botando unhas 3 gotas todos os días. Levei un golpe no ollo que non me matou de milagre, se me dá máis no centro líquídame, hai disto 2

anos. Non vos conto o dos ollos meus porque teño unha historia terrible da vista. Este ollo pincheino cun arame en Terranova, quedoume o arame no ollo e quiteino coa man, o arame quiteino coa man, non ía ir con el pegado. Iamos botar ao mercante á illa de San Pierre. Os mercantes ían alí, cargaban e levaban para España o bacallao, e despois ao final iamos nós cargados tamén. Eu no barco sacaba espiñas, fun sempre especialista sacándolles espiñas aos bacallaos. Un fulano, un chaval que andaba comigo era o abridor, eramos dous na mesma mesa, un abría o peixe e o outro sacáballe a espiña. Pois o da espiña era eu. Eramos moi amigos os dous, e o contramestre xa nos chamaba ‘par de putas’. E cando iamos para terra, dicía o contramestre *a ver, par de putas, ide alí á popa e partides aquela malleta e facedes dúas gasas*. Eu estaba coa bandarria e o meu compañeiro, amigo meu, Agustín Enrique chamábase, que era de Corroedo, era o que cortaba. Fixemos os dous a primeira costura e fixemos a segunda costura. Acabamos, cortamos e no final quedou un arame só, Agustín colleu e xa lle deu coa tajadera, non agardou a que eu lle dese coa bandarria. Hai cousas terribles que son incomprensibles. Pois o arame, chas! Saltou a este ollo. Daquela aínda estaba solteiro, foi no ano 1959. Dor non sentín, a dor tívena despois. Sentín que clavara algo no ollo, pero botei a man e saquei o arame do ollo. Non se baleirou o ollo de milagre, non sei como non se baleirou.

Eu sei que cheguei a terra, fun ao hospital, alá me encheron todo de graxa. Foi a primeira vez que collín un avión, un avión da segunda guerra mundial, un bimotor, desde alí a Sidney City en Nova Escocia, Canadá lindando con Estados Unidos. Nova Escocia ten un peirao importante e

tamén hai un cargadoiro onde botaban mineral. Ao fondo estaba a cidade, Sidney City. Alí estiven no hospital, nun hospital que era privado, dos protestantes polo visto. Pero eu estiven alí coma un rei, ben tratado, non teño que dicir o contrario, coma un rei.

Eu levei dous traxes novos flamantes para Terranova, na maleta ben postiños, que os deixaba en terra nun bar que lle chamaban o Norte, na illa de San Pierre. A dona era unha señora moi agradable e deixábanos un armario. Chamábanlle madame Teo, levaba o nome do home, o home chamábase Teo, e ela madame Teo. Unha muller moi agradable, faciamos a farra alí e facíámoslle moito gasto. Lembro que dunha farra, mima! non me quero acordar...

Acórdome do hospital cando me deron a alta, era unha sala toda corrida, non había apartamentos, poñíanche un biombo. Puxéronme un biombo, mudeime, collín un traxe, púxeno e puxen a garavata. Cando sacaron o biombo quedaron todos mirando para min na sala como dicindo *joder! quen será este tío?* Despois agardei e agardei, o meu intérprete era un italiano, *Don Xepe no posible hoy, mañana...* E ao outro día levanteime, e dixen, vou joder a estes, vou cambiar de traxe. Collín a maleta, tiña unha garavata que me regalara a miña moza, a que agora é miña muller, era branca amais con aqueles verdes atravesados, unha garabata que me gustaba moito a min. Espinme, puxen o traxe e ademais de garabata, e quedaron todos abraiados mirando para min. Tiven que darlle a man aos homes e un bico ás mulleres, todo arredor da sala e cando saía estaba todo o equipo do hospital facéndome un pasillo: man a babor e man a estribor. Non o

tomedes a broma. Eu ata me emocionei, mira ti onde vin eu ser un rei. Dicían que o hospital era protestante. E os que protestan tamén son persoas. Eu non teño nada en contra diso, Deus me libre!

Cando volvín a baixura

Temos que falar agora do gran José Manuel de Malpica, José Manuel Vila Pérez. Poñédeo aí non o esquezades, porque é un home para lembrar. José Manuel de Malpica que era o secretario da confraría de Malpica, ensinoume moito ese rapaz a min. Era máis novo ca min e morreu de cancro aínda non hai moito, fun eu ao seu enterro en Malpica. Cando me enterei de que tiña cancro pasei moita tristeza. Eu quería como a un fillo a ese rapaz. Era un chaval fóra de serie. Imos ver, cando entrei aquí, eu era mariñeiro, fun mariñeiro toda a miña vida, mariñeiro no Son, mariñeiro alá... non teño por que non dicilo, era un mariñeiro completo, ataba facía de todo, un mariñeiro completo. Teño deixado, coa miña estatura, moita xente pasmada no meu traballo. Pero queiras ou non, moitas cousas sobre as confrarías non as sabía. Como cando diciamos na mariña, entraches de peludo, ti es un peludo, entón eu era un peludo na confraría, e el foi o que me puxo un pouco ao día. A min e máis a Suso (Jesús Longueira) púxonos ao día. O pai era carteiro, de aquí, que lle chaman Suso o carteiro, chamábanlle máis Jesús. Eu levábame moi ben co pai. E ben, eu non o coñecía case, non o coñecía ao rapaz. Estaba solteiro, xa falaba coa muller que ten, pero aínda estaba solteiro. Entón temos que ter un secretario e non sei quen foi o que dixo *Suso. Ten estudos? Ten.* Ben pois entón temos secretario, xa o temos na casa...

Cando eu empecei na baixura, como xa vos dixen, a peirao vello estaba medio desfeito, coas pedras caídas. Eu tiña o corazón moi triste por iso, porque se perdía o peirao. Xa tiña o barco, que ademais xa o tiña pintado, que mo pintaran uns amigos meus de Lugo. Ao estar aquí, vou ter un barco e non teño onde amarralo, para onde vou co barco?

Eu soñaba coa pesca de motor. O barquiño era pequeno, tiña a motoría de gasoil de 2 cilindros, feito na Coruña, un pouquiño tal... pero el defendíase. Eu aquí no Son non tiña peirao, nin tiña nada. Entón a ver, temos que organizar a confraría de pescadores. Baldomero está en Madrid, en Madrid non se é patrón maior da confraría dunha vila. Hai que empezar a facer algo, a traballar, isto que é? Pasa, vai pasando o tempo, os días e unha vez houbera un gran temporal que causara moitos problemas na ría de Arousa nas bateas. Viñera aquí Sánchez Terán, ministro da UCD, a Boiro. Fomos no coche do alcalde, que era o boticario, don Manuel Lestón. Tiña que ser no 1979 ou 80, máis ben no 80.

Estabamos na confraría, *mira hai unha reunión mañá en Boiro que vén o ministro*. E dixen eu *pois estupendo, se vén o ministro estupendo*. Entón fomos 3 ou 4 no coche do alcalde. Alá fomos, chegamos alá e estabamos ao fondo no salón de actos. Nós estabamos escoitando o que había, e ben, agora ten a palabra Porto do Son. Pensei que ía falar o alcalde, pero o alcalde empurroume a min, empurroume e pumba! Aí me vin eu só ante o perigo, *ben, nós somos mariñeiros do Porto do Son, estamos xa admitidos na confraría, pero necesitamos facer eleccións, porque o patrón maior que temos está en Madrid e non fai a función de patrón maior da*

confraría. Aquí hai que facer eleccións, eliximos entre nós a quen sexa e fóra, porque dentro de pouco non temos nin onde amarrar os barcos. E despois o ministro di ben, poden facer eleccións aínda que sexa para facer un órgano de goberno. Porque non había estatutos, non había nada aínda. As confrarías estabamos así un pouco á deriva, mais ben estabamos capeando o temporal.

Acababamos de saír do sindicato vertical, as confrarías antes eran do sindicato. E entón, *si, si, poden facer eleccións*, dixo o ministro, e despois a ver se facemos uns estatutos que serán similares para todas as confrarías. Fixéronse eleccións nas que algún votaba 4 ou 5 veces. A min case non me coñecía ninguén aquí, porque eu estaba fóra, en Terranova, e cando viña aquí, como tiña os fillos pequenos, andaba sempre cos fillos, levábaos comigo ao mar no bote, de aquí para alá, o meu ambiente era estar cos fillos, a casa e tal.

De alí a uns poucos días houbera unha reunión no salón de actos da confraría que tiñamos daquela. Fomos alí reunírnos no baixo, unha casa boa. E estaba eu alí inocente, José Torrado inocente, sentadiño, non sei quen tiña ao lado, non sei como se chamaba o fulano, e sempre preguntaba polos cartos, un mariñeiro, aínda anda por aí e presume de gran pescador. Se lle levas a contraria chámate comunista, non, chámate fascista. Maneiro, que era o secretario e xa debía estar ata a gorra del, dixo *xa saíu o espabilado*. Mima-driña! cando dixo aquilo, mimadriña! cando dixo aquilo meu Deus! Levantáronse 4 ou 5 e foron para arriba. Pensei eu, pero esta é forma de actuar, con esta xente vaise a algún sitio? Entón fun arriba, e a el metéuselle na cabeza que eu estaba á fronte de todo, así de sinxelo. Cada vez que me vía marchaba. Eu non me din por aludido tampouco. Pa-

recíame unha cousa triste o deste tío, sendo eu totalmente inocente. Despois dinos *ide buscando casa que aquí xa non a tedes*. E alí sempre se reunían os pescadores.

Andamos por todo o Son a ver se atopabamos un lugar onde meternos, un baixo, unha casa ou algo para organizarnos, e non fomos quen. Non sei a quen lle acordou un curruncho que había no concello vello, onde hoxe está o centro de interpretación do castro de Baroña, o concello estaba alí arriba. Había unha entradiña e alí estivemos ata que abrimos a casa do mar.

A casa do mar xa estaba feita pero non se abría. Entón un día que eu non sei a que ía polo outeiro, cando subín as escaleiras había 2 ou 3 homes con paraugas porque chovía. Non sabía que aquel caseto estaba alí. E entón digo *que fan aquí? Estamos aquí para o médico. E logo teñen un médico aquí?* E mirei para dentro, había 3 persoas soas dentro, non cabían máis que 3. E consúltase aquí? Si, me cagho na... isto que carallo é? Collín e fun onde o alcalde... Dígolle eu *temos que abrir xa a casa do mar. Non podemos permitir isto, e ti menos que es o alcalde, que as persoas maiores estean cun paraugas na porta abrigándose da chuvia. Home, por favor, isto non se pode permitir, temos unha casa aí. Se non a abren abrímolos nós, hai que mirar de abrila!*

Era lóxico. *Imos á Coruña* dixen eu, porque coñecía ben o director xeral da mariña. Antonio Piñeiro chámase, e alí fomos falar con el, e el a dicir que non se podía, que a empresa que fixera a casa do mar quedara na ruína. Era unha das primeiras que se fixera en Galicia esta casa do mar do Son. Polos motivos que fosen, esa empresa foi á ruína, a casa quedou así e o instituto da mariña non recollía esa casa, que aínda non estaba debidamente terminada. Pero

xa tiña o lugar onde tiñan que estar os médicos, xa tiñamos a oficina da confraría de pescadores, tiña o salón de actos, tiña todo... entón ao final, ao falar con el, *don Antonio sinto moito dicirlle unha cousa, se vostedes non nos abren a casa do mar esta semana que vén a confraría de pescadores vaise facer responsable, eu fágome responsable pola confraría de pescadores e ímoslle quitar o pecho e poñer un pecho novo e ímola abrir. Síntoo moito, díxenlle así...* eu son así, non son revolucionario. Estaba empezando de novo e tiña que poñer a carne no asador.

Prepárese para levarme á cadea, pero nós imos quitarlle as chaves e poñerlle outras, que un cerralleiro o pode facer. O que non imos permitir nós é que vostedes teñan a xente cun paraugas na rúa, e un médico posto nunha cadeira de brazos de mala maneira. Entón, nunha semana pumba! Casa aberta, e xa fomos para alí. Abandonamos o pequeno tuburio que tiñamos no outro lado e despois para alí para a casa, todos contentos.

Nas primeiras eleccións, saíu Agustín de primeiro. Houbo quen o votou 4 ou 5 veces. Eu para adiante, iso non me importaba. Agustín non quería ir a ningún sitio, que non se safaba para nada. Despois xa vos contarei os torpedos que tivemos en Madrid... A primeira vez que fomos a Puertos a Madrid, aínda non había ministerios, estaban as oficinas en pisos. Chegamos, había uns asentos e unha mesiña e un libro que poñía Puertos de España. Non me acordo se foi Suso que o colleu e o leu, se foi o alcalde ou estabamos os tres. E busca, busca, e busca... Chegamos á ría de Muros Noia e de portos só había Muros, Noia e Portosín. Non é unha broma! O Son estaba fora do organigrama. Pero despois tivemos outro problema, no goberno do UCD fíxose

un plan trienal de inversións en portos para Galicia e tampouco estaba o Son. Iso ocorría porque había un señor importante deste pobo que era un desvergonzado, que Deus o perdoe, pero era un inimigo desta vila. Non tivo en conta que gracias á vila el era quen era, pois non, el ía en contra dos intereses da vila.

Eu tiña estado no mar pescando, daquela pescábase moi ben, e chamaban da oficina, *Xefe!, que? Comisión ás 5 da tarde!* Torrado prepara, preparado e imos para terra. Agora arrinca para ‘España’ para comer e tal e coller un taxi. Dinlles moitísimo gasto aos taxis aquí na vila, porque eu non tiña coche, nin tempo de conducir, e a confraría tampouco tiña coche daquela. A min gustábame tanto estar nas reunións que ía a todas cantas puidese. Aprendín moitísimas cousas e coñecín moita xente. De feito, cando marchei pasei uns días tristes, había algo que me faltaba, tardei un pouco tempo en asumilo. Botaba de menos os compañeiros porque nós tiñamos reunións case todas as fins de semana. Era raro o sábado que comía na casa, porque eu representaba á arte do cerco e había sempre reunión. Entón, na fin de semana reunión porque lle viña ben a todo o mundo, era cando non íamos ao mar. Pois iso, eu naquelas comidas con aqueles compañeiros... recordo o patrón maior de Pontedeume. Ou sexa, comer alí cos compañeiros... viñamos da Coruña os dous e xa dicía *amigo lévoteno coche? Si. Embarca*. Sempre pasabamos por un sitio en Santiago para comer o polbo á feira. Era coma un bodegón, que estaba alí mesmo no cruce. Xa que tiñamos que pasar por alí, tomabamos unha tapa ou dúas de polbo e unha botella de viño. Eses intrres, a min non se me olvidan na vida, eran marabillosos.

O finado de José Abraldes era o patrón maior de Aguiño e ao tempo era presidente da federación, que foi o que relevou a Antonio Monzo Ríos.

Non é ser presumido, pero eu valía para patrón maior. Non valía para mandar. Para min mandar era un suplicio. De feito, estes rapaces que están agora, cada vez que ía á confraría, que ía de pascuas en venres, sempre me botaban en cara que ía pouco por alí. Eu sempre lles contestaba o mesmo. *Non veño aquí porque non quero que vos sintades vixiados por min, quero que traballedes en liberdade, agora o que vos pido é que fagades ben as cousas para os pescadores, que aínda que tedes pouco soldo, son quen vos pagan, recordade iso sempre.* No noso tempo, daquela, non podías poñerlle un soldo, dábase unha gratificación, non sei se lles dabamos 10 ou 12 mil pesetas.

Onde está agora a lonxa vella era a zona dos barcos. Varaban coa marea alta, estaban uns días coa marea baixa e ao volver a marea alta baixaban. Pero alí era onde se facía unha cousa que a min sempre me asombrou, carenar as dornas. E vouvos a explicar que é carenar.

Un día chamoume o finado de Abraldes, que como dixen era o noso presidente da Federación de Confrarías de A Coruña. Chamoume e dixo, *ven aquí que estou cuns amigos e tal. Pero a ver, eu non podo ir. Voute buscar. Pero non home que eu estou... Voute buscar, espera que te vou buscar.* E veume buscar no coche. Estabamos no peirao os dous e había unha regata de dornas en Ribeira, o día da festa da dorna. Entón a min chocoume unha cousa: gañou unha dorna que estaba pintada de vermello. Eu dixen *se eu son do xurado, esa non gaña, e elimínoa de primeiras. Coño! Por que? A dorna ten que pintarse con carena, carenala como*

*Deus manda. A carena branca era a que levaba sempre abaixo. Aí vai a carena branca, e como facían a carena branca aqueles vellos? Unha vez lembro que lle saíu por fora do pote porque lle botaban xofre. E a min acórdame iso, ver carenar as dornas que era algo que me tiña obcecado. Decía eu *se tedes aquí tanta dorna e facedes unha festa para que se siga conservando por que non sabedes carenar unha dorna como Deus manda. Isto non é dorna nin é nada!**

A dorna sempre foi un barco moi mariñeiro e moi estable no mar, porque tiña moitísimo calado. E despois enriba ancheaban e eran estables, non se movían para nada. E veleiras! A dorna onde poñía a proa, cando viñan cinguindo gañando barlovento, onde poñía a proa alí ía, non caía nada. Se levaba un patrón que fose coa vela a piques de flamear... tin, tan, tin, tan, pum! Lembro que aquí no Son tivemos dornas, pero máis grandes, non había dorniñas pequenas como había aí nesa zona, aquí tivemos as máis grandes, as veleiras. De feito, un bisavó meu tivo unha dorna veleira desas.

Sabedes o que dicía meu bisavó na agonía? Daquela o meu bisavó era dos poucos que ía a pescar aos Meixides, os Meixides son uns baixos que están fronte a Lira, é una zona extensa de baixos. Esa zona é un espectáculo de ver. Hai un sitio que lle chamamos O Lombo de Cabalo, chámalle así porque se ves para o fondo podes ver unha cabeza cara oeste e despois unha lomba para sueste. Meu bisavó José cando estaba na agonía, contábame miña nai, que dicía *el adeus baixos do Lombo de Cabalo que saian os peixes a praia deles*. O home pensaba que cando faltase el, non ía haber ninguén que pescase aqueles peixes, e que entón irían a varar as praias.

E quero dicir que eran barcos tremendamente mariñeiros. E despois claro, vén o modernismo, agora temos as famosas planeadoras, todo iso.

Por culpa desas cousas saín da comisión de enmalle e artes varias. *Amigo! Vai nomeando outro que eu non volvo aquí. Coño, non digas iso! Non, amigo vouche dicir unha cousa, o que nós dicimos alí non é vinculante, pero sempre é vinculante para os mesmos. O que dicía a ría de Arousa era vinculante e ao outro día xa estaba plantado. Sempre vincula para os mesmos.* Porque unha vez por exemplo estabamos na comisión, despois de chamarme a min ao mar, e tiven que arrincar antes de tempo do mar e todo iso, perder cartos e ir a Santiago. Foi cando se lle aumentou o talle ao pancho burás. Ese día, a partir dese día aínda segue nos 25 centímetros, que para min iso era unha trapallada porque é unha trapallada, pero está aí. Entón, lembro ben, estabamos nunha mesa redonda, empezaba Juan o Carteiro que era o patrón maior de Ribeira daquela. Oístes falar algo de Juan o Carteiro? Juan Pérez Martínez chamábase, tamén foi presidente da federación. E resulta que quería enchufar a Gonzalez Laxe nas reunións, dixen eu *non cho permito!* Quería que estivese sempre presente González Laxe nas reunións nosas. Querían telo alí sempre. Tiñamos que facer propaganda política del, non entendes? Telo alí en presenza, estar sempre con nós. Dicía el *é un home que entende moito de mar. De mar entendemos nós, el entende de economía marítima, contesteille eu.*

Mirade unha cousa, houbo un momento que odiaba todas esas cousas. Imos ver, como se pode chamar a unha raeira, que se inventou exclusivamente para a captura da raia, rasco. Sabedes por que lle chaman rasco? O porto de Cedeira

era daquela un porto importante. Entón, tiñan moitísima volanta, andaba moitísimo á volanta, e unha vez Fernando Gonzalez Laxe escribiu un libro e botaba en contra da volanta. Entón que fixo este grande amigo meu que era o secretario dos antigos dos que estaban na Instituto Social da Mariña, Antonio Acea chamábase, era un grande amigo meu. Tiveron unha reunión na confraría os que estaban cabreados con González Laxe por ter escrito iso. Estes presumían de ser grandes volanteiros, e de feito érano. E entón díxolle el *deixádeo da miña conta...* E ao pouco tempo rectificou, claro, despois botoulle unha de cal e unha de area. Eu non vou culpar a González Laxe, con quen tiña unha boa relación e quería ben, pero non ten que ver!

A min cabreábanme, pero imos ver home, se aínda Cedeira non nacera, aínda non había unha casa e xa existían as raeiras e chámanse raeiras porque foi un aparello inventado para a captura exclusivamente da raia, nas rías baixas, e todos me daban a razón. Pois nada, hai quen lle chama rascos. De feito, tínhamos un dito aquí cando un perdía os aparellos: *fulano quedou fóra de raeireiro*. Era a expresión que había, porque cando se presentaba un inverno duro as raeiras enchíanse de algas e quedabas sen nada, dicías *quedei fora de raeireiro*. Unha expresión que había.

Eu deixei o bacallao no mellor momento, cando se gañaban cartos, cando os ía gañar eu tamén. Tiven o último embarque nunha pareja no ano 1980 máis ou menos, botei alí 3 anos. Entón que pasou? Pasou que un dos barcos nos foi ao fondo, o primeiro barco o da pareja. Botamos toda a noite con el de remolque, rompéranos o remolque 2 ou 3 veces, a xente toda tiñámola nós a bordo. Tivemos que botar unhas balsas ao mar. Estabamos un pouco ao sueste de San

Juan de Terranova, íamos navegando cambiando de praia e de súpeto paramos. Eu ía no catre durmindo. Chegoume o pesca que era de aí de Loira *coño Torrado, non sei que lle pasa ao compañeiro que parece que ten unha vía de auga. Pois a ver que pasa, non de momento non hai problema, a ver que pasa.* Navegamos outro pouco un par de horas ou tres, e íamos cambiando de praia a ver se solucionabamos o problema pero non solucionamos nada. Eu cheguei á conclusión de que non querían solucionaralo, cheguei á conclusión ao final de que iso foi premeditado, os barcos eran os máis antigos, a mellor pareja de Terranova que se presentou no seu día foi esa. Eran uns barcos moi bos, moi valentes moi mariñeiros, eran unha marabilla e a empresa armadora era unha marabilla, que era dos famosos pasteleiros de San Sebastián. Entón aí andaba eu de contramestre no segundo barco. Despois de andar toda esa tarde con el de remolque por San Juan de Terranova, de noite colleunos bastante mal tempo, rompeunos o remolque 2 ou 3 veces. Tivemos que empregar unha malleta nova de 500 quilos para que non rompese e xa tiñamos San Juan de Terranova á vista, alí practicamente empezaba a non haber barco, ía moi metido na auga. Víaselle a ponte, parte da proa, pero moi metido. Entón paramos, viñeron os patróns de pesca a xunto miña *eh Torrado imos preparar...* Sabedes por que desconfiei de que iso fose así? Porque meteran xusto nesa marea unha estacha de remolque nova, un pouco antes de saír para o mar.

Antes de saír para o mar, un chaval e mais eu íamos comer a San Sebastián, eu dixéralle ao patrón que non contase comigo para comer. Eran case as 2 da tarde e chega o pesca nunha furgoneta, *a ver Torrado! Non me fagas perder o tempo que teño que marchar, pero isto que carallo é? Unha mal-*

leta gorda, de remolques. Alá a metemos no pañol todo ao redor, trincámola, botamos alí unha hora tranquilamente. Puxeramos o remolque novo e foi con el para o fondo claro. Pois eu pensei que iso estaba premeditado, este barco non o querían salvar, porque tiñan tempo para salvalo e todo e non quixeron salvalo.

A partir de aí eu deixei o bacallao, eu xa tiña na casa 2 nenos, meu fillo que aínda era un rapaciño e miña filla que tamén era unha nena, sempre cando marchaba choraban comigo. A miña muller tiña que facerme a maleta todas as veces porque eu era un inútil para facer a maleta, e *queda, queda, queda!* Pero quedando tiven polo menos 3 ou 4 telegramas que me chamaban de Pasaxes, mesmo nalgún dicía que ía saír de segundo de pesca. Pensei eu *non vou, nin de segundo, nin de cuarto,* e quedei.

Poñendo Porto do Son no mapa de portos de España

Despois fun feliz aquí, pero ademais estou convencido e non quero pecar de soberbio que hoxe hai porto no Son grazas a min e aos que me acompañaban naquel momento, téño claro, se non é por nós o Son desaparecía como porto. Decatádevos de que tivemos que ir a Madrid 2 ou 3 veces. Xa vos dixen que había un señor en Madrid que estaba boicoteando o noso porto, e que el non o puxo e tiña que poñelo. Non sei se estaba mangoneado por alguén que tiña interese. Nós fomos a Madrid e hoxe temos un porto. Podíase mellorar porque todo é mellorable... Pero mirade unha cousa, a esa primeira fase queríamos darlle 50 metros máis para facer máis darsena, pero o enxeñeiro pediume por favor que non o fixésemos porque incluso el xa lle mentira ao

xefe en Madrid, mentímoslle 2 veces. Primeiro que estabamos no plan xeral da UCD, que era un plan trienal de investimentos en portos. Aí xa sabiamos que non estabamos, pero nós tiñamos un apoio político, que tamén hei de nomear para que quede aí, esta muller meréceo polo menos para min, María Victoria Fernández de España, unha gran traballadora da política.

Aquel enxeñeiro xefe de portos que tiñamos nós daquela, era das comandancias de Mariña. Aínda non estaban estas famosas capitanías. Estes novos que entraban presumían de puf! Presumían de que isto ía ser unha panacea, un paraíso terreal con eles mandando. Pero de feito, aquel mesmo ano, cando xa estaban nos cargos, aínda levaban pouco tempo sentados nos cargos, estiveran aquí previamente na primavera e dicían *alegrámonos moito de que teñan vostedes varadoiro que así imos facer unhas inspeccións como é debido*. Ben, entón vostedes van ser felices e nós tamén, non hai problema. Sobe un barco ao varadoiro, xa levaba alí 15 días, e quería baixar, era o mes de xullo... quería baixar. *Chamastes a capitanía? Chamei disque tal...*, deron unha pequena desculpa. Collo, fun pola confraría, *ponme aí, chámame á Coruña. Si? Boa tarde, mire está don fulano de tal?* -tiña un apelido ilustre-, enton sinto falar unha voz de home, *dille que non estou*. E dime a señorita *non está, acaba de marchar*. Digo eu *non, non, non acaba de marchar, acabo de escoitalo eu dicirlle que me diga que non está. Ese señor veu falar comigo aquí, e eu aplaudinlle as súas palabras, pero agora xa deixo de aplaudilas. Temos un barco que quere baixar. Quere baixar e vostedes non veñen aquí facer o que teñen que facer, revisalo e demais. Púxose el, perdoe Torrado. Está vostede perdoado, que pasa? Coño! que estabamos un pouco... e non recibimos soldo*. E

digo eu e vostedes úsannos para que lles paguen, pero isto que é? Pero por favor, isto que é? Ou sexa que a confraría de pescadores do Porto do Son úsana ustedes como parapeto, para estar agachados e defenderse, iso non llo permito. Vostedes veñan aquí, aínda que sexa manden un can! Veñan aquí vexan o barco, que o barco quere baixar. É un barco que mantén unha familia, señor! Ben, pois imos ir. Mire voulle dicir unha cousa, o barco baixa dentro de 2 días baixo a responsabilidade da confraría de pescadores, vale? quédalle claro? Vai baixar que o imos baixar nos. E voulle dicir unha cousa máis, este barco non volve parar este ano, non teña a menor dubida... Non, non se nos minte así señor. Vostede mentiunos, dixo que iamos estar nun paraíso e non o estamos, estamos onde estamos.

Despois, nun debate no goberno civil, estaban alí as comandancias, das tres que había faltaba a de Vilagarcía que non puido vir pero estaban o comandante de Vigo e mais o da Coruña e estaban os novos que entraban das capitánías expoñendo o novo organigrama. Entón cando acabaron de falar dígolle *miren, respecto do que din de que todo vai ser para mellor, non o creo, porque mellor é imposible e voulles dicir por que: porque os enxeñeiros de tanto tempo que están con nós xa son os nosos amigos, porque ademais de enxeñeiros son amigos. Eu cando vén un enxeñeiro a mirar os barcos, poño as botas e ando con el, ando con el pola Comboa, como se fose o mellor amigo meu. E permítame dicirlle a vostede que iso non o igualan vostedes, nin vostede nin ninguén.* O comandante de Vigo deu un aplauso tremendo. O da Coruña tamén pero o de Vigo levantouse e pla, pla, pla, pla, pla. Claro, que che veñan con todo ese saco de contos, a ver...

Eu sempre tratei de non depender de ninguén, de velar pola miña independencia e a da confraría. Cando coñecín a José Manuel Vila, que para todos era José Manuel de Malpica, aquel rapaz púxome ao día do que era unha confraría de pescadores, cal era a súa función. E aínda non tiñamos estatutos, despois eu fun varias veces á confraría de Malpica, alí era benvido como un cabaleiro, fíxenme amigo daqueles homes, eses malpicáns que enchen a boca falando. Manolo Garrido ata cantaba moi ben, cantabamos os dous. E era feliz con aquela xente, cheguei a coñecer a Antonio Acea e a outros do norte.

Collín confianza con esa xente, preguntáballes como xestionaban as confrarías. Tamén preguntaba como pescaban, se había algún pescador como facían, e grazas a iso aprendín algunhas cousas que nos aquí non sabíamos, porque faciamos doutro xeito. Cada sitio ten a súa forma de facelo.

Despois de aprender, eu defendía os meus principios, uns principios que me inculcou José Manuel, que era fillo dun varredor de Malpica, e que me fixo entender o que era unha confraría. Eu dixen sempre que os pescadores estaban sempre por riba de min, sempre por riba de min. Cando tiñan un problema eu tiña que solucionárllelo, como mínimo empregarme a fondo para solucionárllelo.

Aquí houbo un problema, cando chegou a Xunta prohibiu os clásicos boliches, que eran os que collían a carnada para a pesca da robaliza e do abadexo. A carnada que se usaba era o bolo, aquí no Son chamámoslle maghúa, ten un nome distinto porque hai varias clases de bolo, e collíanse todos con eses aparellos.

Nas rías galegas a raíz de aí estaba terminantemente prohibido o arrastre. O boliche como rastreaaba estaba prohibido.

Pero os da ría de Arousa liaron a López Veiga quen lles deu permiso a eses pequenos barcos de cerco de Cambados, da illa e por aí, eran barcos que estaban para desaparecer. Entón eles propuxeron traballar de día. Primeiro ás xulias que nós chamamos corcóns. Era o peixe do inverno, chamabámoslle o peixe da fame pero tamén lle chaman piarda. E despois foron coller o bolo. Puxéronlle os copos da enxagua de terra moi pechada como tiñan os boliches. É triste dicilo, pero foi un atropelo á ecoloxía mariña da zona. Agora non hai, pero á parte de que non hai tampouco o comen os peixes. Dáte conta de que iso é un elemento básico da maioría dos peixes do mar. Iso foi unha auténtica catástrofe.

Claro, debeu ser un xénero que non cría moito e estaban traballando todos os días de día. Naquel tempo ti abrías unhas fanecas e traían os buchos cheos de cría, non sei se lembrades, pero tiñan os buchos cheos desa cría. Agora non traen nada nos buchos, salvo que teñan algo no fondo, agora diso non hai, e iso é unha catástrofe ecolóxica terrible para as nosas rías, terrible. Home, eu polo menos téño moi claro, non sei se os demais pensan igual. O que pasa hoxe é que aos mariñeiros tanto lles ten.

Cando deixei de ir ao bacallao xa tiña o meu barco feito, e saín con toda a ilusión, pero levei un desengano, levei un desengano terrible, porque nós temos aquí un sistema de traballo, chamámoslle pescar á isca ao corricán, en marcha. É unha liña que nos ensinou moitos mares. Os nosos devanceiros aprendían das artes que tiñan, do que lles aprendían as artes. A isca era unha liña que ía chea de chumbadas, das chumbadas antigas que eran longuiñas. De braza en braza, ou menos, levaban unha chumbada e dependen-

do da altura á que traballases usabas un aparello que levase 40 ou 50 chumbadas. A carnada era o raxo do polbo, un raxiño de polbo ao final, un engano para os peixes. O raxo de polbo para o abadexo, e de feito, cando era moi gordo abríano ao medio. Os vellos descoñecían onde había postas de abadexo, e non tiñan tampouco sondas, daquela non había sondas. Botaban a liña da isca cando chegaban a pouca auga e prendía, marcha atrás e marca, a marcar xa. Algún anotaba, a outros quedáballe na cabeza. Entón canta máis altura colle, un abadexo, outro abadexo, marca tamén, pero cando viña un baixo, que os baixos estaban sempre preto dos penedos porque ao mellor polo medio e medio xa prendía e o resto viña aínda libre, xa marcaban, metían a bordo e alí xa daban unha marca. Cos elementos que tiñan ían aprendendo, non había outros medios.

O primeiro día cheguei a un sitio que lle chaman a Vaia, nós temos uns baixos aí mesmo na entrada da boca, na Vaia. De feito, nun deses baixos quixeron facer un faro e botáronlle cemento, son dous secos que teñen moi pouca auga. Aínda recordo que sendo un rapaz ía co meu pai ao xeito, era eu moi pequeniño... A min o mar evadíame, eu no mar era un deus. Lembro que indo navegando de noite, collerámolo ao asexo e coas pesas do xeito non colleramos nada, entón iamos para unha zona chamada río Sieira, que é unha zona onde chega o noso ámbito territorial, ata o río Sieira. Despois para alá xa está unha gran praia que ten ao menos 2 ou 3 quilómetros, que é a praia de río Sieira, que chega case ata Corrubedo.

Ese primeiro día que volví a baixura, botei o liño da isca e non viña para arriba, *que é? que trae aquí?* Palangre, palangre con patexo para a robaliza dos de Muros. Tiñan todo

Meixide, todo Vaia cruzados. Hoxe tamén pode andar calquera co palangre, calquera e non pasa nada. Planeadoras por aquí e por alá e non pasa nada. Vouvos dicir que así como se esquilinou o bolo ou a maghúa, tamén se vai acabar co patexo. Nós temos un refrán aquí, un dito axeitado aos que son moi botados para adiante: *ti poslle a proa a un correo como os pateiros, carallo!* Que quere dicir isto? Áo patexo, aínda non sei que se fixese un estudo sobre este crustáceo, nós chamámoslle pateiro. Na Coruña había barcos que ían a el para abono para as leiras. Pois este patexo é unha carnada única a partir de setembro, outubro, novembro, decembro, xaneiro e case ata febreiro para o abadexo e para a robaliza.

No verán, recordo estar en Meixide pescando as maragotas e ver as gaivotas comendo no pateiro. Ben, pois o pateiro a cada paso vai a menos. O pateiro en canto te ve levanta os zancos para defenderse. Pero é unha cousa moi grata. Se non lles fai así, os peixes non lle atacan. Vós non vedes nos vídeos que onde están os depredadores pendentes a presa está pendente e non se move. Pois aquí pasa o mesmo. Por iso, poden ir espesos e todos che poñen os zancos así, para arriba. Lembro o que dicía meu pai cando estabamos pescando, botaba un pouco de tempo se non o sentía metíao a bordo e dicía el, vou cambiar este pateiro que ten as mans nos petos. Estaba coas patas para abaixo e ao estar así o abadexo non come. Saca aquel, encarna outro e pumba! Porque aquel estaba coas mans nos petos e o abadexo dicía *non te como!*

Pois retomando a historia do primeiro día... Quedei desencantado porque ía pescar unha caldeirada de corrollos, que eu sabía ben por onde ían e non quería bo-

tar porque, firme, firme, firme... estaba todo cruzado. Ese día foramos eu e mais meu pai. Estaba vivo aínda que meu pai morreu cando tiña eu o segundo barquiño. Despois tiven outro barco un pouco máis grande ca ese porque xa me dedicaba a pescar exclusivamente de xuño a febreiro e algunhas veces ata primeiros de marzo, segundo o tempo, e de aí para diante xa non que na primavera a pesca fracasa total. Entón metín aparellos, andaba con algún miño, a coller dúas asedias, algunha centola que tamén viña, alternando. En xuño sempre subíamos ao carro ata mediados de xullo e despois iamos aos camaróns para carnada. Hoxe xa non podes nin collelos, as cousas cambiaron tanto... en negativo claro. Da que tiñamos a carnada iamos pescar a Meixide ou para onde fose e mentres había moito golfo non pescabas máis que algún pinto, algunha maragota. Non pescabas un sargo, porque os sargos mentres a flora está en auxe se alimentan dela, e non comen a carnada que lle botamos, e iso que lle botabamos do mexillón.

Aquí o noso porto cando había unha gran baixamar estaba, desde a punta do peirao para arriba, todo en seco. Na parte de alá había ameixas e cun legón collíamos as ameixas para facer un arroz. Á parte de aquí dentro chamámoslle a Comboa, do peirao vello ata a lonxa vella, todo iso era a Comboa, e despois está o peirao novo. Daquela, nos invernos, había cada vaga de mar que daba a puñeta. Eu teño visto aquí cousas que ata metían respecto miralas, ás veces as vagas de mar eran terribles. E como a nosa ría está orientada ao oeste, viña o mar feito de fóra, era tremendo aquí. Eu sempre dixen unha cousa *o oficio fai mestre para todo se tes interese.*

En canto cumprín o servizo militar pola mariña marchei porque aquí non tiña futuro. Tiñamos un botiño nada máis, meus pais tamén necesitaban algo e mais xa empezaban a ir vellos e marchei para A Coruña. Embarquei alí nunha vaquiña, xa debía ser o barco escola de todos os ‘nobres’. O armador era de Bouzas, un tal Teodoro. Era dunha familia moi famosa e o barco levaba o nome del, Dorito. Andabamos á parte, chamabámonos ‘los hijos de la noche’, porque traballabamos de noite e de día en terra. Pero da noite á mañá traíamos cada marea peixe de categoría: rodaballos, linguados, de todo, as raias xa tirabamos con elas que case non valían, tirabamos con elas vivas xa como viñan, pero os rodaballos, linguados, traíamos peixe todo fino e valía ben. Teodoro facíanos as ‘contas por Muros’ e case nunca cobrabamos nada, e soldo tampouco tiñamos porque andabamos á parte. Nós aquí no Son tiñamos o costume de dicir fixeches as contas por Muros. Non sei por que dicían iso pero... *sete de pan e sete de tabaco eran 17*. Eran ditos que había antes.

Entón fun nada máis que a aprender, porque daquela non sabía facer unha costura, un cabo. Meu pai non me ensinara, non sabía atar, non sabía nada diso. Fun para un mundo novo, pero eu entrei nese mundo e ata teño quedado a durmir coa culler na man aprendendo a atar. Ensinoume a atar un tal Joaquín Rumbo Prieto que era de Mugardos, o contramestre do Dorito, e foi quen me ensinou atar, pero ensinoume mal o home, ensinoume como el sabía, metendo a agulla de abaixo para arriba e non é así, é de arriba para abaixo. E despois, cando eu andaba en Terranova atopei redeiros de Marín, que aprenderan nas redarías de Marín.

Eu facíame amigo desta xente, era unha persoa fácil de levar e nunca fun agresivo nin nada, non forma parte da miña forma de ser. Ben, levábame ben e un día un tal Fernando Ancho, *como atas Torrado!? como atas aí!? Non, non che vexo! Como que non ves? Que non sabes atar! Coño! Como que non sei atar? Me cagho en tal! Ven aquí! E logo por que non sei atar? Metes a agulla ao revés, coño! Mira! mete así, fai agora o nó...* E tiña razón, o nó quedaba coa boca torcida, non quedaba ao xeito da malla. De arriba para abaixo. *Pero teño que empezar de novo! Pois empeza de novo, pero aprende a atar!* Custoume traballo, pero efectivamente... era o nó exacto. E mesmo despois para picar a rede tamén era mellor. Cando chamaba por min, *ven aquí a 'aghantarme' a min*, dicían “aghantar” os de Marín. Despois eu tomáballe o pelo, e dicíalle *Fernando, que, vouche aghantar? Xa me estás jodendo! Estouche preguntando se che vou aghantar. Vai tomar polo cu!*

Cando empecei na Confraría á miña muller non lle parecía nin ben nin mal pero cando tiña que ausentarme, que me ausentaba moitísimo porque ía a todas as reunións... Elixíronme para o comité executivo cando creamos a federación e as fins de semana eu nunca comía na casa, nunca, eh? Sempre tiñamos reunións, se non era unha cousa era outra, os fisterráns sempre tiñan problemas, o meu amigo Antonio Acea aquel tamén. Sempre estabamos liados.

A min pesoume non poder estar cando se lles entregaron as casetas aos socios. Para min foron unha loita desde que empecei. De feito, iamos facelas alá naquela explanada, porque alí era mar e rocha. Chamámoslle o Peito, era onde ían lavar os peixes as mulleres. De feito, cando se fixo o peche, que conseguimos 10 millóns de pesetas de portos de

Madrid para facelo; resulta que un día, indo para alá, oio unha voz de muller, *desgraciado....!* Alí arriba no hórreo, no hórreo que hai ao saír do Son. Alí arriba estaba a señora. Levantei a cabeza e dime ela *si, si, ti!* *Agora a ver onde vou eu lavar o peixe.* Xa a coñecín e dixen para min *joder! que razón ten esta muller, ata lle papamos o Peito.* Pois aí debaixo desa subida en principio íamos facer unhas case-tas, máis ben baixeiras, porque o noso ideal era facer aquí, onde está agora a confraría. Pero daquela, querer rechear isto era soñar, nada máis que soñar. E de feito xa había 20 millóns de pesetas, que nos aprobaran os enxeñeiros de portos para facer esas casetiñas. Un día tivemos unha reunión aquí, cando foi da moción de censura da Xunta, que entrou Fernando González Laxe, e nomeou un conselleiro de obras públicas, como se chamaba? Aquel home era de Betanzos, betanceiro. Ben, pois ese home veu aquí, tivemos unha reunión, nós pertenciamos ao grupo sur da Coruña, había grupo norte e grupo sur, e tiñamos dous enxeñeiros para esta zona nosa. Estábamos alí o alcalde do Son, o Conselleiro, Suso e mais eu. Tamén estaba un señor, xa de bastante idade, que non era galego, era o director xeral de pesca. Hai cousas que son tremendas. Chegou un Concelleiro do concello, apartou o Conselleiro, apartouno e meteuse no medio do coro..., apartouno, ponse no medio e di *esas casetas non se fan! porque se se fan aí vou a facer unha manifestación na vila e vou ir eu á fronte da manifestación!* Dixen para min *meu deus! Vaise acabar o mundo.* Díxenlle eu a Suso que estaba ao meu carón *vámonos de aquí que se vai acabar o mundo.* Oíu-me o enxeñeiro que era santanderino e dime *como di señor Torrado? Que se vai acabar o mundo aquí.* E di *pois marchamos.*

Porque eles tamén viron que ese era un pelele... Porque eu son Conselleiro e chegan así e digo *vostede quen é?* Como eran do mesmo partido, o Conselleiro calou a boca. Pero aquel homiño quedou como un papahostias e entón díxenlle *vamos de aquí e alí quedaron todos*. Mira, se non se poden facer... pois nos serviu de argumento para que canto antes nos recheasen onde agora está a confraría, e ese foi o meu cabalo de batalla. O do concello non quere, pero nós necesitámolo, temos que ter isto e foi cando se fixo este recheo. Eu quería estar cando se crearon os servizos, cando marchei, despois de tanta loita, todo quedou aprobado e orzamentado: os servizos e as casetas que teñen os pescadores á beira da confraría, por un lado e polo outro.

Andei tan liado cos políticos, despois xa nin lles facía caso... non lles facía caso porque non, sabes? Algún non dicía nin si, nin non, dicían o que lles conviña. E eu ás veces tiña pensado dicir algo, mira pois xa non o vou dicir, xa non digo... eu nunca fun rebelde, pero claro as cousas que vía que non ían polo camiño que debían ir non me gustaban. E ben, ultimamente dicía para min *isto é loitar contra os elementos*.

Tal como está a política hoxe non podo crer case a ninguén porque mesmo case todos están duplicados, que para ser políticos hai que facer uns 'masters', xa o podía facer eu, se o sei xa hai moito tempo que fago un master, e a min a política non me gusta. E que carallo é isto de máster? Eu ben sei o que é porque o meu neto tamén fixo un máster en química industrial, acaba de cumprir 30 anos. É un neto fabuloso.

Os políticos en Galicia, principalmente, quérense quitar problemas de enriba, balóns fóra, á porta non fai falla que

vaian, fóra de banda. Pero imos ver..., é que conceden cada cousa terrible, como o que contei hai un pouco sobre o tema este do bolo, que é un atropelo ecolóxico terrible, e a min dáme mágoa.

Os ecoloxistas? Eu algunha vez escoito e xa non sei o que é ecolóxico de tanto lío que forman, non sei o que é ecolóxico. A min gústame moito ver todos os programas que son de natureza, na TV2 poñen moito diso. En xeral creo que esaxeran bastante.

Pero mirade que bárbaros son os políticos cando gobernan nas corporacións locais. Un día viña eu do mar e vin no faro de Monte Louro como estaba un camión botando a merda, o lixo alí mesmo, basculando desde a estrada, directamente ás rochas e ao mar. Xa hai anos, estaba de patrón maior aínda, sería a mediados dos 80.

Eu claro, que pasa aquí? Eu era moi amigo do axudante de mariña que tiñamos en Noia que era de Ribadeo, era un cabaleiro aquel home, era moi amigo meu e eu tamén colaboraba con el. Entón chameino. *Pódeme recibir agora pola tarde? Que pasa, é un asunto importante? Pois vén que falamos. Pasa isto, cos meus ollos hoxe vin tirar ao mar un camión do lixo no faro de Monte Louro. Iso é unha barbaridade, xa vou á tarde a vela, grazas Torrado. De nada.* Foise e a raíz de aí deixaron de botar.

Noutra ocasión, largamos nós os miños na ría, porque anunciaban mal tempo e tiramos aquí no medio e medio máis ou menos entre o Son e Montelobo. Fomos coller o outro día en dous aparellos, non me acordo cantas botellas de plástico Elosúa, centos de botellas de plástico todas Elosúa.

Hoxe o mariñeiro di: a min que me deixen traballar como eu queira. Si, pero tamén podes querer eu que sei o que podes querer... Pois iso, andan así, cada un como quere.

Para patrón maior hai que saber e valer. Nós fixemos esa lonxa con toda a ilusión do mundo perdendo os meus dereitos, perdendo de ir ao mar, unhas reunións aquí e alá todo iso. Agora que vexo a lonxa, unha lonxa toda preparada, automatizada e aquí non se vende un peixe. Eu estiven a punto un día de poñer unha nota de prensa a ver se aquí espabila alguén. Pero como se pode chamar lonxa a un sitio que non vende peixe. Pois quitádelle o nome e poñédelle galpón ou calquera cousa. Aquí pagábase desde o primeiro céntimo, eu era o primeiro que daba exemplo. Aquí non faltou nunca un patacón mentres eu estiven. En canto entrou o IVE, aquí non se fiaba un patacón a ninguén. A ninguén, iso pódoocho garantir. E vendíase aquí e aquí se cobraba. Tiven un día un problema co Concello e non sei por que era bastante inimigo meu, o alcalde, non sei por que... Ben, si sei por que pero non fai falla remexer máis.

O alcalde quería poñer unha beirarrúa e deixábanos sen sitio para á lonxa, para o aparcadoiro de coches. Dígolle eu *que estás a facer aquí? Mandou o alcalde dixo. Para de poñer isto aquí.* Collín as luvas, collemos o carro, empurrámolo, pumba! e puxémolo enriba. Dereitiño enriba da beirarrúa, alí postiño coma un repolo quedou o carro, ata que despois nos chamou o concello, *coño ese carro hai quitalo de aí. Por que, por que hai que quitalo? Ou sexa primeiro queríanos joder, que nós tiñamos moito comprador pequeno, que tiñamos todo cheo de coches, ou*

sexa ti xa non queres que compren aquí. Ti es o alcalde da vila pero xa non, es un inimigo noso. Ben, pois quitádeo que... Dásme a túa palabra de que se o quito...? Si, si, que non é máis por culpa de que temos aquela beirarrúa para poñer o saneamento. E dígolle eu se é para os veciños, si, quitámolo, pero coidado que como vexa que fas algo raro xa o traio outra vez.

Cando empezamos na primería, recibimos da Xunta de Galicia uns escritos que nos propoñían fomentar aquí os deportes náuticos. Entón, nos dixemos que nos parecía ben promocionar eses deportes, pero contestamos que carecíamos de infraestrutura portuaria. E daquela a raíz de que fixemos a segunda fase do peirao, que o fixemos en 3 fases, notamos que a praia nos entraba para dentro do porto. Pois xa tiñamos praia aquí. E nesa praia puido xogar a miña neta Fátima cando era pequena.

Pero nós tiñamos outra cousa, na nosa confraría presentamos daquela un proxecto para facer un peche, e alí dentro facer a infraestrutura portuaria a nivel deportivo. E mesmo despois de poñelos se podía facer unha boca estreita e xa puxen como exemplo Malpica para que nos invernos estivesen os barcos aquí debidamente tranquilos. Todo iso lle puxemos, pero eu presenteillo á asemblea e a asemblea dixo que si a unha parte, porque o poñían os enxeñeiros, e a outra parte que propoñía eu non tiña tanta importancia. Dígolle eu ao secretario *fai constar en acta que non estou de acordo con isto*, e así quedou.

A transformación da confraría

Cando empecei na confraría, case non había nada, os estatutos fixéronse uns 3 anos despois, xa contei, cando viñera Sánchez Terán a Boiro conseguíramos facer unhas votacións e elixir un novo cabido.

De como estaba a como deixei a confraría o cambio foi total, rotundo. Consequimos cousas aquí, e todo sempre co apoio de María Victoria Fernandez España, deputada pola provincia de A Coruña, unha señora fóra de serie, admirada por todos. Con aquela muller todo canto levamos para traer para aquí, todo veu. Veu o posto do gasóleo, que non o tiña ningunha confraría de España, non o tiña ningún.

Na primeira asemblea que fun a Madrid a elixir presidente da nacional elixíramos un asturiano, Clemente Jesús Muñíz Guardado, o primeiro presidente da federación nacional. Botou unhas 3 ou 4 lexislaturas e despois foi nomeado para representarnos en Europa. Tiven reunións mesmo con xente de Mallorca, das Illas Baleares, con xente de todo o Mediterráneo. Reuníamonos en Madrid preguntabamos cousas. Os vascos eran un pouco máis separatistas, eu coñecín moito a un tal Juan Mario Urrieta que era presidente daquela, relacioneime con el a ver se nos axudaba a quitar a dinamita de aquí, pero el atopou un problema. *Torrado, eres un hombre luchador y me encantas pero nosotros lo tenemos muy difícil para apoyarte, porque nuestros vapores van a las rías gallegas a coger el cebo para pescar el bonito.* Por iso el non puido meterse.

Cada confraría ademais tiña os seus avogados, estaban moi ben, aínda que non todas. En Andalucía daban algo

de pena, pero de aí para as confrarías de Alicante e por aí xa era outra cousa. En Baleares coñecín a varios señores, falaba moito con eles de todo o que había e o que non había, máis o que tiñamos nos. Moitas veces tamén a min me apoiaban eles. O día que eu botei un pequeno discurso, levaba xa un dossier do gasto que faciamos, era un pouco inflado, bastante inflado...

Non lembrades na UCD que houbo a primeira crise enerxética e recomendábons pechar as ventás de todo e poñer gomas nas portas, pois eu baseeime un pouco niso. Por ese asunto fun a unha reunión que se facía nun salón de actos do hotel Conjunción.

Ese día estaba o ministro. Ao primeiro ao que lle deu a palabra foi a min. *Ten a palabra o patrón maior don José Torado: Buenas tardes a todos compañeros. Yo soy marinero, soy gallego de Porto do Son, fui poco a la escuela, tengo que decirlo, y si en un momento digo alguna palabra equivocada, pido perdón antes de empezar. Porque no es con ánimo de ofender a nadie, a lo mejor se me escapa alguna palabra y lo siento si es así.* Eu dei alí un discurso de carallo que ao final ata me aplaudiron todos. Despois empezaron a dicir cousas alí case todas as confrarías, mesmo de roubos de gasolinas nos portos, que vendían o gasoil, eses funcionarios que tiña antes a Campsa vendían o gasoil... Mi madriña o que alí saíu, meu Deus. Pois a raíz de aí xa empezou a vir o noso surtidor para o Son, e sabedes por que? Cando España saíu da transición, creáronse cooperativas agrarias e había moitísimo tractor no centro de España, pero había moita distancia de vilas a vilas para ir facer o gasoil e tiñan que ir cos tractores, por iso tiveron unha reunión co ministro, para dar

postos de consumo máis próximos. Por esa razón fíxose un decreto, pero o decreto dicía nun apartado: *Todas as organizacións con personalidade xurídica propia poden acceder a ese posto de consumo, e as confrarías tamén.* Pero iso non o sabían as confrarías galegas. Ese decreto estaba pensado para o campo. Fomos a Madrid e nos dixeron que podíamos obrar, porque o asunto era que nós tiñamos que facer a obra civil, facer a foxa onde ía ir o tanque e mais a caseta, o resto poñíao a Campsa. Cando tiñamos apalabrada a obra cun señor de Noia, recibimos unha carta que poñía: *confraría de pescadores de Porto do Son, Jose Torrado, dado que los barcos de Porto do Son hacen sus ventas normalmente en el puerto de Portosin y Muros no tiene sentido que tengan puesto de consumo de gasoil que ya lo tienen allí. Al mismo tiempo que venden ya pueden hacer consumo.* Era mentira, mentira cochina. Iso saíu de aquí, saíu de alguén de aquí. Nós tivemos que loitar contra a xente de aquí, é lamentable pero si, contra a xente de aquí...

E aos poucos días recibimos tamén a mesma do delegado en Campsa, do delegado do goberno aos poucos días. E nós directamente a María Victoria, *mira pasa isto.* Non sei se pasou un mes e pico ou así e xa nos chama. *Pode-des vir que xa está todo en marcha.* Fomos alá e atopamos a mesma xente ca a primeira vez e estaba tamén un delegado da Coruña de Campsa. Entón despois de que falamos dille el ao xefe, que era un chimán, un vasco... dille *ben xefe, chámooos á Coruña e explícolles como teñen que facer.* Dixen eu *pero mira este cabrón.* Este cabrón estaba tamén no allo, me cago no Deus que te fixo! debía estar no allo. Pola tarde xa estabamos na Coruña. Chegamos e vimos o boletín oficial enriba da mesa. E dígolle eu a

Suso ti estás vendo o que estou vendo eu? E dime el vexo, o boletín oficial. Cheguei ao Son, e dígolle pónteme ao día co boletín oficial que aquí é onde veñen as cousas, e nós estamos aquí medios mortos e non nos enteramos. Entón leuno e dicía tenéis derecho a tener puesto de consumo. Mira ti que sinxelo era, quen me ía a dicir a min que tiña que ler o boletín oficial do estado. Así foi como a confraría do Son foi a primeira que tivo surtidor propio, eramos axentes comerciais de Campsa.

Vouvos contar como se fixo esa lonxa vella. Iso foi un día, daquela había moito peixe, no mes de decembro ou xaneiro, a mediados de decembro, non estou seguro. Era un día feo. Chovía moito e había fresco, colleramos 80 quilos de linguado cos aparellos que levabamos nós, aquí na ría. Vendiamos daquela na praza do mercado, que tiña moito máis espazo do que ten agora, porque agora está ocupada polos postos. Alí poxábase o peixe. Viñan compradores de Vigo, de varios sitios, de Redondela, de Marín... Algún deles aínda nos deixou un pufo, pero fomos Suso e máis eu a dar un percorrido e pagounos. Esa tarde eu acabei de comer e sempre iamos aí á lonxa por culpa de axudarlles aos compradores a sacar o peixe da lonxa e ao mesmo tempo axudar aos barcos a meter dentro, porque había que baleirar para ocupar, baleirar para ocupar. Entón saín eu á porta e aí vén o alcalde. E dígolle eu nós imos pagarvos o 1,25%, este é o servizo que nos prestades? Temos que nós limpalo todo, temos que nós baleirar a lonxa e volvela encher, temos que facelo todo. E aínda por riba temos que darvos o 1,25% desde a primeira peseta? A nós quedábanos o 2,75, o 4% que era en total. Di o alcalde que queres que lle faga eu? Coño que nos fagas unha lonxa, dános un servizo. Os concellos son entidades de servizos

para a xente e estache pedindo un servizo todo o núcleo de pescadores de Porto do Son, que eu son o seu representante. Imos mirar logo, a ver que facemos. Estaba dando un paseo por alí, e dime el que che parece aquí? Pois parece-me moi ben. Pois ala, xa podedes empezar a obrar. Coño! pero non temos cartos. Non tedes cartos? E nós témolos? Quen non temos cartos somos nós. Nós si que non temos, vós tédelos, ou tes onde pedilos. Home, chamade a Madrid a ver se hai algunha axuda, dime el. Imos mirar pero ti prepárate para facernos unha lonxa.

E chamamos a María Victoria, preguntámoslle se había algún organismo que dese algo. E había un que lle chamaban o IRESCO. Pois deunos 5 millóns a fondo perdido o IRESCO, que gran presenza da gran doña María Victoria, 5 millóns, e fixemos a primeira fase da lonxa, que é a parte de alá. Ata lle puxemos as marcas do ancho das caixas e puxémoslle o chan a mar de ben para colocar as caixas no seu sitio. Despois ampliámola nós para meterlle cámaras e todo iso.

Eu as confrarías non teño por que velas mal. O asunto e quen as representa. Desde que se inventaron estas planeadoras, aquí xa non hai pescadores. Isto é a ver quen máis corre no mar, hai quen vai 2 ou 3 veces na noite. Aquí cada 2 por 3 ‘engánchanos’, un con longueiróns de máis e o outro con ameixas de máis, outro con..., esta xente así anda. Entón se hai un patrón maior que nin fu nin fa, están ‘encantados da vida’. E ás veces, como ninguén se quere presentar, preséntase o máis parvo, ou o máis listo, e sae patrón maior.

As confrarías de pescadores non se meteron en Europa por culpa da UGT e comisións obreiras, que llo esixiron

a Felipe González. Seino polos mallorquíns e máis por outros, nunha reunión comentouse iso, pero ben seguro. Se daquela se negociaran xa as confrarías en Europa... As confrarías temos todo o litoral español. O resto que son? Non teñen case nada. Pero o ámbito territorial que ocupan as confrarías é toda España, e iso tiña que ir á misa. E despois houbo que loitar contra estes elementos, loitar contra eles.

Cando entramos, Europa esixiu un censo de flota operativa para saber a quen tiña que financiar. De feito, cando se encontrou o que tiñamos aquí, botaron todos as mans á cabeza, decatáronse do que dependiamos nós do mar, do peixe, porque en Europa é outra cousa, ao peixe non lle fan caso. Ao pouco viñeron 2 inspectores do ministerio de agricultura pesca e alimentación para facer ese censo, para mandar a Europa, e eu vestía todos os días as botas para estar con eles na Comboa. Veu un chaval de Muros e máis un alicantino facer o censo.

Xubiláronme con tres patacóns

Sabedes por que me xubilaron a min con tres patacóns? Por culpa dun acordo que tiveron estes cabróns xa hai anos e que o partido socialista aceptou. Imos ver, eu empecei na baixura. Con 14 anos tiña xa libreta de navegación, 14 anos. Retireime aos 65 e coticei 51 anos porque ao ter esa libreta de navegación eu xa andaba enrolado no noso bote, o noso bote xa paga o montepío marítimo nacional. Cando a meu pai o chamaban para un barco ía para alí tamén con el, como tripulante xa porque tiña a miña cartilla de navegación, tamén pagaba o montepío,

estiven pagando sempre. Outra cousa, que o montepío non o mandaran 'arriba'. Iso non é culpa miña. Que o leven detido ou que lle corten o pescozo ao que o fixo pero eu non teño a culpa. Despois eu marchei por aí adiante e botei vinte tantos anos desde Grenlandia ata Pasaxes. A min se me calculan a media do que coticei, tería hoxe 1.000 euriños de soldo como mínimo e vivía como un rei. Levo 18 ou 19 anos xubilado, cobro só 710 euros e iso que foron subindo.

Un amigo meu, íntimo amigo meu dos que é de aquí de preto, de Portosin, que andamos xuntos ao mar e somos moi amigos, veu de Holanda coa mesma perda de vista por un accidente, perda parcial de vista polo accidente e ademais no mesmo ollo, no ollo dereito. Xa veu daquela de Holanda para España con 170000 pesetas. Pero claro, eu accidentei en plena ditadura, fora no 1959.

Quero dicir que, querían con 1.000 e pico de pesetas cada mes mandarme para a casa, sen poder traballar... Pero imos ver, onde vou eu con 1.000 pesetas? *Aún estoy soltero pero tengo pensado casarme en estos años que viene y voy a mantener yo una familia con 1.000 pesetas cada mes? yo no puedo ir así. Usted, si usted quiere puede. Puedo, pues voy.* Eu traballei cun ollo só desde o ano 59 ata o 88, con este olliño só. Este ollo mateino eu despois, fendendo leña, hai 3 anos agora, saltoume aí unha hacha, non me matou de milagre e quedei sen a vista, sen un ollo. Por iso digo que levei 2 golpes case da mesma característica. Pois jodeume por culpa desde golpe. Cortando leña, si. Son cousas raras, difíciles de entender. Pero o golpe que levei se me dá de fronte márame. E este outro ollo, cando tiña eu 4 ou 5 anos, tiraron un puñado

de pedriñas á vista e cravóuseme unha no ollo. Mirade como teño a meniña, non a teño longuiña? Agora hai que asumir o que hai.

Sinceramente daquela non teño fotos, eu estaba ensimesmado nas miñas cousas, a min o mar... Eu nin fixen a primeira comunión. Iamos formados desde a escola para facer a primeira comunión na igrexa. Eramos 10 ou 12 rapaces máis ou menos da mesma quinta e había unha gran marea, unha seca tremenda, unha baixa mar tremenda. E daquela ías á seca e ata os polbos che comían os pés, pisabas os linguados na area, para min aquilo era..., aínda hoxe sinto unha pena terrible por non poder ir ás pedras cando está a baixa mar, porque caio, esparro, me mato e teño moito coidado, xa non vou. Pero dáme unha pena terrible.

Pois mirade, antes de entrar na nosa igrexa á man esquerda hai unhas escaleiriñas que baixan para abaixo. Eu ía na formación atrás de todo porque era o máis pequeno de todos, eles foron para dentro da igrexa e eu escapei polas escaleiras abaixo e fun para Cabeiro. Cabeiro é a praia que está aquí detrás, había unha gran baixa mar e era a miña vida a baixa mar. E fun para alí. Pero cando fun para a mariña estiven en Cádiz e un día chámame o cura do cuartel. Vou alí e cando me din que tiña que botar 3 meses máis alí porque tiña que facer a primeira comunión. E como a primeira comunión? Buf! xa me acordou. O noso párroco deulle o que había alí, porque non se deu de conta, se se dese de conta non lle mandaba iso. Nós tiñamos un cura que era moi boa persoa. De feito, cando foi da guerra civil, evitou que aquí se pegase moito,... era unha gran persoa. E despois foi

mamá a falar con el, e dixo *si, si, xa o amaño eu*. Pois automaticamente xa mandou un certificado ao cuartel. Ao pouco tempo funlle levar ao paisano e di el *si lo dice mi amigo Busquera que estudiamos juntos, no me queda más remedio que creerlo*.

Para rematar quero deixar un agradecemento a todas as persoas e institucións que apoiaron a nosa confraría, especialmente os que nos axudaron a que o Son non quedase sen porto. Porque como xa contei, cando nós chegamos á confraría, Porto do Son non figuraba no mapa de portos de España e tampouco nos plans de investimentos que se estaban levando a cabo. Entón, quero darlles as grazas unha vez mais as persoas e institucións que nos axudaron a conservar e desenvolver o noso porto.





Juana Martínez López (1956)

Confraría de Muros

De nena cunha bicicleta rosa

Eu nacín en Muros, ao lado da casa do Concello, no ano 1956. Meu pai foi patrón de pesca toda a vida. Meus pais tiñan aquí o barco. Aquí en Muros había un montón de barcos. Meus tíos, irmáns de meu pai, todos tiñan barcos de arrastre. E nós iamos da casa ao peirao, que nada máis que había un peirao, que lle chaman o ‘muelle do jas’. Daquela aínda estaba sen poñer o adoquín, recordo que estaban poñendo os adoquíns cando meu irmán, sendo pequeniño, subido ao monte de adoquíns caeu e cortara na sen. Era un rapaz pero os adoquíns viñeron abaixo con el.

Cando tiña 6 anos morreu nun accidente a miña tía avoa que vivía a 2 quilómetros da vila. Tiña unha casa de labranza con animais, porcos, todo iso e mudámonos para alí para xunto de meu tío. Miña avoa, que vivía con nós, xa ía todos os días axudalo, ir e vir a dous quilómetros. A casa de Muros xa nos quedaba pequena, daquela xa eramos 5

irmáns, e meus avós e meus pais, eramos xa 9 persoas na casa, e a casa xa era un pouquiño reducida. Estivemos un ano de acá para alá, ir e vir para atender os animais e as fincas, aínda que tiñamos xente a traballar na casa, tiñamos dúas persoas fixas de caseiros a traballar nas fincas. Despois mamá quedou embarazada xa do sexto e dixo *ben imos pasar para alá*, e pasamos para outra casa que era máis grande.

Entón a casa de Muros quedou só para vir á noite, á tardiña, ás cinco da tarde ou así. Mamá viña comigo e mais co meu irmán, co que me segue a min. En Muros ceabamos e tamén durmiamos alí cando papá viña do mar. Papá ía para o mar e ás nove da mañá, miña nai e mais eu volviamos co peixiño e con todo para facernos cargo da casa e das fincas da aldea xunto con miña avoa e meu tío e mais dúas mulleres que tiñamos. Eu facía ese camiño xa con 7 anos, tiña unha bici rosa preciosa, que me trouxeran da Coruña. Ía á carnicería ao mercado, ía a todos os lados na bici, cando menos facía dúas viaxes diarias. Na casa da aldea chegamos a ser 15 persoas sen contar as señoras que traballaban, porque somos 10 irmáns, meus avós, meus pais e meu tío.

Criabamos tres porcos, matábanse os tres e xa había outros tres máis pequenos e outros tres. Sempre matabamos de tres en tres, para meter nos salgadoiros. Tiñamos outro salgadoiro para peixe salgado e tamén tiñamos peixe fresco que traía meu pai. Daquela os barcos non ían todos os días ao mar, se había néboa non ían, se había mal tempo non ían. Eran barcos pequeneiros, pouco máis que os motores que hai agora. Recordo sobre 22 barcos, estamos falando do ano 1962 máis ou menos.

Meu pai andaba en barcos de arrastre, semellantes aos de agora, con portas, con malletas, con cope... Os copes facíámoslos nos, os copes collíallos á Comandancia e queimábanos mesmo alí no peirao, os copes eran antiregulatorios. Tiñamos un molde de madeira, os mariñeiros deixábanolo empezado e miñas irmás e mais eu rematabámolo. Meu pai dábanos por cada volta de fío unha peseta. Eu poñía unha volta, miña irma facía outra e así até rematar. Chegaba a fin de semana e meu pai preguntaba *cantas voltas fixeches? Eu tantas, eu tantas, eu tantas*, cada irmá dicía as súas. Tiñamos alí apuntado nunha taboíña, tiñamos apuntado o que faciamos por facer os copes e pagábanos. Nós tiñamos varios copes feitos, daquela non había coches e collías o carro do peixe, iamos ata a casa con el para traer o cope amarradiño, ben trincado. Porque non podían ter máis que un cope no barco para evitar que os da Comandancia lles levasen o posto e mais o de repostos. Se lle quitaban o cope, xa nós traíamos á noite o outro da casa, diso acórdome eu de rapaza.

Eu era una nena, pero facía de nai de meus irmáns. Era a segunda, a maior era así un pouquiño delicada. Entón facía de nai de todos os irmáns e *Juana vai buscar carne, Juana vai levar este peixe á casa de fulano, Juana vai facer isto* e Juana facía de todo, facía seguido viaxes na bicicleta.

Con 7 anos empecei a escola dunha señora de pago, de párvulos. Alí estiven un ano. Ao chegar o mes de decembro naceu Lolita e o mes de decembro do ano seguinte naceron dúas xemelgas. Eu pasei para a escola, para Sérrese, e deixei a de parvulitos. En Sérrese estaba dona Juana, unha señora que ten unha casa aquí xunto á confraría. Eu ía á escola cando podía, chegabas ás 11 da mañá, outro día chegaba ás

12, á tarde igual xa non ía, depende do traballo que houberse nas fincas. Ía miña irmá pero eu non ía. Despois, ao ano seguinte a señorita xubilouse, xa era moi maior e veu unha señora de Pontevedra que lle chamaban dona Loreta. E dona Loreta cando faltaba á escola díxome *dille a túa nai que veña falar comigo. Miña nai non vai vir falar con vostede*, pensaba eu. Meus irmáns ían á escola de abaixo, ían os 3 irmáns, o profesor pasaba pola nosa porta e xa os levaba. Dona Loreta insistía, *mira dille a túa nai que non te mande á escola porque non te vou deixar entrar, senón que veña ela*. Eu acababa de aprobar primeiro curso de EXB. Facía os problemas que era o meu, matemáticas, de quinto, e facíalle os problemas, ata lle facía as contas de dividir. Cando a profesora ía buscar o pan ao quiosco quedaban alí expostos os problemas, e a min sen me mandar ninguén ía, pim, pam, pim, pam. Xa non facía as sumas nin as restas, xa facía enteiros, con 8 anos. Ata un día que lle dixen *mire que o problema que fixo está mal*, díxome ela, *por que? E dígolle eu, porque está mal, vostede copiouno do libro e no libro debe de estar mal*. Que ela o planeaba segundo o libro e no libro estaba mal feito. E despois dixo que non volveuse, porque miña nai non foi e acabouse a escola.

Miña irmá lía novelas de Corín Tellado, que lle encantaba. Estaba seguido lendo, miña nai mandábaa facer a cama e deitábase nela e poñíase a ler Corín Tellado, a min tamén me gustaba ler esas novelas.

Casei no 1972, o rapaz naceu no 73 e a rapaza a finais do 74, e aos 3 anos boteinos para a escola. Eu estudei con eles, cos meus nenos. Cando constituímos a asociación de mariscadoras de Galicia, Areal, propoñíanme para secretaria. Eu dixen, eu de letras nada. Todo o que sexa de linguaxe é

o que máis mal se me dá, a min matemáticas si. Dicíanme, vas ter unha administrativa alí a traballar. Pero é que non me vai, non me encontro eu desenvolta para ese traballo. En fin, que eu aprendín cos rapaces, fixen á parte corte e confección, aprendín a facer todas as manualidades habidas e por haber. Ata fixemos a casa entre o meu home mais eu, contratamos a estrutura e despois o resto fixémoslo nos. Contratamos só as placas e as columnas, incluso os pinchos do fado fixémoslo nos, puxemos viguetas, tella, de todo. Eu poñía o ladrillo, botei chumbos, puxen azulexo, puxen marcos, puxen o terrazo do chan. Meu home traballaba na casa os sábados e os domingos, e tamén cando non ía ao mar. El pasaba o material desde a zona de descarga en carretas ata a casa, el poñía os chumbos, eu ía levantando as paredes de ladrillo. Eu fixen todo iso.

O marisqueo naqueles tempos

Daquela a xente ía á praia. Meu avó ía buscar as orolas, as famosas orolas, un bivalvo moi grande. E íámolas buscar nas mareas, eu ía co meu avó. Despois había moitos bares que che pedían que lles levases mexillón. Ía buscar unha bolsa de mexillón, metíaa na miña bici e leváballas. As orolas teñen moita sona aquí en Muros. Fixéronse moitas degustacións, moitas comidas. Baixaba todo o pobo habido e por haber, porque había moita cantidade delas e usábanse para todo, empanadas, rebozadas, tortilla, de todo. Da nosa familia iamos moitos, eu tiña moitos curmáns.

Eu con 6 anos xa ía moito á praia co meu avó, cando había mareas. Despois ía cos curmáns, cos rapaces, despois, con doce anos déronme o permiso de mariscar, vouvos explicar

por que. Na Comandancia daban os carnés aos 16 e a min déronmo aos 12 polo simple motivo de que fomos miñas tías e unhas cantas persoas máis a mariscar ilegalmente. Un comprador mandounos aos berberechos. O berberecho era moi pequeno pero como tiña viveiro era para botar no viveiro, debeu ser o mes de marzo ou así cando había moita cantidade. Ese día había moitísima xente a coller o marisco. Nós colliamos o marisco e metíámolo en sacos de rede que nos daba o comprador, dúas sacas contadas para cada un e tamén un caixón. Cando tiñamos todo cheo viña o comprador nunha DKW, nunha furgoneta, e levaba o marisco de varios grupos de persoas. Eu estaba cos meus curmáns e outros coñecidos, faciamos un equipo. En cada DKW íamos dúas persoas de cada grupo acompañando o marisco, ese día íamos nove persoas na furgoneta cando chegamos ao viveiro.

E ese día fomos de noite, non sei se eran as 12 da noite ou así cando subimos á furgoneta. E tocoume a min, *vas ti Juana? Vou*. No viveiro cando estabamos descargando o marisco apareceron o Axudante e mais o Contramestre da Axudantía. O señor da furgoneta para que non o multasen a el só, dixo que quería poñer de responsable ao grupo enteiro e así foi. Eu tiña 12 anos daquela.

O Axudante tomou nota de todo e dixo *mañá todo o mundo para a comandancia*. Nós non tiñamos en que volver a Muros e tivemos que esperar. O marisco cargouse outra vez na furgoneta e foi devolta para Muros. Meteron o marisco debaixo dos soportais da Comandancia, onde estaba a Comandancia había uns soportais e metérono alí. Tiñan a idea de metelo no barco do patrón maior e volver sementar o berberecho. E nós cando chegamos a Muros, collemos un

carro dos do peixe que tiñan os meus familiares e fomos alí debaixo, embarcamos o marisco e levámolo de volta ao viveiro.

Nós tiñamos que estar na Comandancia pola mañá, non sei a que horas da mañá. Dixéronme *mira ti non puedes pagar a multa porque non tes permiso e es menor*. Eu non podía pagar porque non tiña 16 anos, e se queren cobrarche a multa teñen que darche o permiso de mariscador. Chegamos á beira do contramestre e díxome son 1.000 pesetas cada unha. A nós non nos importaba porque cada unha representaba a un grupo de oito ou nove que mariscaban e repartindo non tocaba a nada, e ademais que xa tiñamos o marisco vendido. E dígolle eu *pois eu non lle podoo pagar porque eu non teño permiso de mariscar*. Foille contar ao comandante e quen dixo *pois faille un*. E díxome *tes aí unha foto? Non, pero vouna buscar*. Fun a andar ata casa dous quilómetros e volvín, deille unha foto pequeniña e desde aquela pagaba todos os anos 12 pesos, e xa era unha profesional.

O da Axudante deuse conta de que lle faltaba o marisco, debían ser máis de mil quilos. E dixo *quen levou o marisco que había aí na porta? Que marisco? O marisco que se vos decomisou onte. Quedou aí debaixo e aí non está. Nós fomos para a cama, nós non viñemos aquí a nada*.

Moitas veces íamos en temporada de veda porque daquela, estamos falando do mes de marzo, íamos de noite, todo o mundo en silencio. Ata que abría o marisqueo durante dous meses, daquela non había topes e cada un collía o que lle daba a gana. E cargaban os botes. Estaba a praia chea de xente. Ías ata que se acababa o marisco, acabábase nun mes.

Eu lembro que durante a temporada había dúas compradoras, unha era Elsa e outra era Maruja, tres ou catro que compraban para as fábricas. Maruja era a irmá do meu pai. Poñía o camión alí e levábasllo. Ás veces non cho querían, non tiñan nunca présa. Nós iamos ao final, pousabámoslos alí ao lado e dicíamos, tía Maruja queda aquí o berberecho. *E canto é?* Serán 3 caixóns, ou 7 ou 8, os que fosen. Nós apañáramos o marisco contra a parte de aquí e había que levalo pola volta ata alá. Un día quixemos pasar e non podíamos que enchía o mar e tiñamos 8 caixóns, eramos 4 persoas. Tivemos que vir buscar o noso carro. Os caixóns eran de 50 quilos ou máis. E fomos todo a volta, cando chegamos a xente xa tiña vendido, pero a nós non nos importaba porque tiñamos a miña tía que compraba.

Con 14 anos xa ía a Noia. No autobús, no Castromil das 6 da mañá con miña tía. Mariscabamos en Boa e en Testal e despois levabamos o marisco ata alá, ata o final, ata Boa. Había que atravesar a praia enteira. A nosa familia é moi grande e miña tía coñecía a todos os dos camións. *Tía, temos marisco. Vale, de onde é?* Cando era do pequeno, do negro, ou máis escuro, dicía *pois botádemo xa, para mesturar no medio do camión*. E despois botaba o outro por enriba, a xente protestaba e ela nin caso.

A min non me impactaba ver aquela xente mariscar porque eran miña veciña, miña tía, miña curmá, a outra, estábamos todos xuntos. Eu cos meus curmáns carrexabamos e xuntabamos o marisco. Facía o que me mandaban. Cando era de noite, quedas aí sentada no saco, e nunca deixaban un só, deixaban un par de rapaces, pero a min nunca a vixiar, eu era moi rápida collendo e sempre me mandaban para apañar, para coller berberecho. Os outros

rapaces quedaban a coidar do material. Unha que era moi rápida e outra que xa era eu tribulinche, gustábame estar en todos os sitios. A non ser que empezase a encher o mar e fose de noite, porque no alto de Boa se te colle o mar é moi perigoso. E dicíanme *Juana leva esa viaxe e queda alá, non veñas, mira que non veñas*. Porque non había farois nin había lanternas nin había botas, nin traxe, ías con pantalón e tiñas outra roupa para cambiarte cando viñas de volta, ou un pantalón ou unha saia con medias curtas por dentro.

Iamos unha semana si e outra non, coas mareas grandes só. E despois cando iamos ao Freixo, que vivía a nosa avoa, collíamos o marisco na praia e traíamos dous sacos cada persoa. Enchiámoslos todos e quen primeiro acabase axudaba a outro a encher. Alí deixabamos os sacos todos, facíamos unha viaxe e traíámola ata aquí, ata que vísemos aquel. E despois iamos coller a outra viaxe e levábámolo un pouco máis adiante, ata que chegabamos con el ao Freixo. Levabamos os sacos na cabeza. Nós nunca iamos á lonxa, sempre iamos para a casa do comprador. A ese sistema chámanlle a toa: un pouquiño para aquí e pos este para alí, este para alá, iamos descansando e volvíamos buscar o outro. Así nunca o perdíamos de vista, e sempre pousabamos as 8 ou as 10 persoas xuntas. Nós tiñamos o noso grupo cos nosos sacos bonitos, eran sacos que habitualmente se usaban para as patacas e o azucre que nos daba a depuradora. A depuradora quedábanos un pouco máis lonxe, deixabamos no garaxe da casa os sacos de marisco e marchabamos. Nós eramos privilexiadas nese asunto.

A vida na casa familiar

Cando non iamos mariscar tiñamos as fincas. A miña irmá máis vella veu para Muros para a fábrica de conserva. Un señor que era moi amigo de papá díxolle *por que non mandas a morena para aquí que temos moita sardiña?* E fun. Eu era a morena. E aos 3 días dixo mamá *non vas máis*. Dixen eu *diso nada que eu vou*. Eu quería escapar da casa. E volví para a fábrica. Á semana cobramos xa 20 pesos diarios, 100 pesetas, e 600 pesetas á semana que traballásemos o sábado. E dixo mamá *os cartos son moi bonitos pero non volves máis. Fas moita falta na casa, están teus irmáns e teus avós, hai que sacar as patacas, recoller o millo... e a roupa*, que eramos unha tropa, e tiñamos que lavala a man no río. Miña avoa ía á mañá ao río a lavar a roupa e eu, despois de que vestise os rapaces todos e lles dese de almorzar, leváballe a roupa a miña avoa e traía outra para tender, xa a deixaba tendida. Era un ir e vir, se facía bo día quedaba tendida na horta. Tiñamos uns tendedeiros grandes e se non chegaba aínda poñíaa no balcón. E no inverno, cando estivese un pouquiño escorrida tendela na cociña de ferro, porque a nosa cociña era grande cuns tendais moi grandes.

Nos cultivabamos patacas, millo, fabas, xudías, cebolas, froiteiras tiñamos tamén dabondo, e botábase moita verdura. Eu recordo ter 3 vacas, porcos ata 9 ao ano, cada 4 meses matabamos 3 e xa había outros 3 que xa viñan un pouquiño máis. Se digo que pasamos fame ou gana de comer ou calquera cousa, mentira. Nós nunca pasamos necesidade, nunca. Despois había un xastre aí en Muros, chamábanlle Lema, aínda os pantalóns estaban na conchinchina e eu tiña os mellores pantalóns, os mellores

abrigo, os mellores todos feitos de xastre. Meu pai toda a vida de traxe, os domingos toda a vida de traxe, os domingos eran sagrados. Só ías á misa, eu viña con meu pai para Muros e iamos a un bar que tiña unha zapatería ao lado. *Papá, mira que zapatos máis bonitos de reixa branca, cuns taconciños así, gústanme.* E papá di, *dille ao señor Manolo que chos dea. Que queres Chuvasquiña? Quero uns zapatos que tes aí. A ver ven, imos probalos.* Probei os zapatos, métemos na súa caixiña e alá vou cos zapatos. E di papá, cando chegues á casa que non chos vexa túa nai.

Cando era unha rapaciña ía ao cine das 5 da tarde e despois había o baile. Pero ao baile fun cando tiña 15 anos. Aos 15 anos íase ao baile ás 5 da tarde, que empezaba ás 6 ou así ata as 10, e ás 10 tiñas que estar na casa. A orquestra non paraba, alí nun salón grande. E despois, o de sempre, *bailas?* Nós en pandilla de 3 ou 4 así en roda. E viña un chaval, e viña outro, e viña outro. E así foi como con Pepe. Chega Pepe, *bailas?* E había unha amiga que era de aquí de Muros e díxome no oído *non bailables con ese que é moi feo.* E cando chegou, *bailas?* Dixen eu, *non.* E outra vez, *bailas? Non.* E vin que ela ría e dígolle eu *mira que che dean. Si bailo.* Pero eu a el non lle dixen nin mu. A outra andaba detrás del. Eu dicía que non porque era grande, non porque fose feo. E despois estivemos os dous por alí. E díxome *el lévovote á casa? Non, non que vou soa.* O baile era en Louro. E levaban xente nunhas furgonetas que pasaban cada hora, saían de alá e traíanate ata Muros. Eu non tiña ese problema, eu chegaba á porta do primeiro taxi que había e o taxista xa me abría a porta. Dicía, *vente Chuvasquiña que te levo eu,* e levábame á casa. Eu era dos Chuvasquiños, o alcuño familiar. Eu non pagaba nada. Pagáballe o papá, porque meu pai se movía

en taxi e dicíalles *ás rapazas non lles cobredes nada*. Miña nai dábame 5 pesos porque a entrada valía 3 e meu pai dábame 20 pesos. E sempre os levaba metidos nun calcetín. Era a máis vella, era a que levaba a voz cantante da casa. Ademais vendía polas portas o peixe que traía papá, entón dábame o que lle pedise.

Pasabamos por unha tenda de roupa que tiña unha peza colgada, tiña un xersei que me gustaba. *Papá ese xersei gústame*. E díxome *vai aí a Manuel e que cho dea*. Con todos os fillos, e gustáballe traer os fillos, 4 ou 5 con el. Sentábate no bar e *dálle aí unhas galletas*, poñíannos galletas de Barreal, *ponlle aí unha gasosa*. O domingo dicíannos a ver quen quere vir comigo, e el ía todo orgulloso con todos os rapaces.

Miña nai era filla única e meu pai eran 16 irmáns. Cando morreu miña avoa, por parte de meu pai, tiña eu 11 anos e na coroa de flores poñía, fillos: patatín, patatín,...; cuñados: patatín:..., netos, bisnetos e demais familia. A miña curmá a máis vella dicía *aquí estamos nós os 67 netos*. Porque nós éramos 10, e do irmán de meu pai que vivía ao lado noso eran 13, morréronlle 2 e quedaron 11. Miña avoa tiña 67 netos por parte de pai, 67 netos cando morreu. Pero morréronlle moitos, a verdade que lle morreron moitos. E había un señor por alí que tiña 18 fillos. Non era como agora que van para a escola e aos 20 anos telos alí colgados, ou máis. E antes xa che digo, eu aprendín a ler e escribir e todo canto sei, encantábame ler. Comprei enciclopedias e teño enciclopedias na miña casa desde o ano 1980, xa tiña non sei cantas enciclopedias.

Eu e mais Pepe estivemos de noivos moi pouco tempo, daquela non chegaba a un ano. Chegou o ano, el tiña traballo,

traballaba nunha empresa de materiais de construción que había aquí en Muros. Eu fixen o que me deu a gana, o que me deu a gana de dicir estudo, fago cursiños, fago isto, fago o outro. Quitei o carné de conducir. Traballei, xa vos dixen que fixemos a casa nós os dous, el tiña ganas dabondo e a min non me faltaba decisión. Non pensedes que me librei da familia, aínda despois de casada case sempre tiña 3 a comer, eles viñan igual, meus irmáns. O que non ía era a traballar as leiras, pero o domingo tiña uns cantos apuntados a comer. Despois fomos para alí porque tiñamos as fincas e a casa tiña que facela nas fincas da familia.

Pensaba eu *hai un curso de costura alí? Pois alá imos. Hai un curso de non sei que? Pois alá vou.* Eu tiña os rapaces e os rapaces ían á escola, e despois ás 5 da tarde cando saían tíñaos en cursos e actividades, e mentres eles estaban nas clases eu estaba noutra actividade.

Miña avoa era unha señora que se digo perfecta quedo curta, por parte de miña nai. Digo avoa pero é a avoa de miña nai, que nós criámonos cos bisavós. Miña bisavoa por parte de nai tivo un só fillo, porque no seguinte embarazo veu a cousa mal e tiveron que operala. Quedou con ese fillo e ese fillo casou con 17 anos cunha de 15 veciña da entrada da porta, e tiveron a miña nai. E el tivo que ir á mili, colleuno a guerra na mili e xa non volveu, deixou unha filla de meses, miña nai. Se meu avó non fose tan adiantado miña bisavoa quedaba sen familia. Miña avoa con 18 anos, cando lle morreu o home, foi para A Coruña cun xuíz, e máis tarde foi para Madrid tamén con outro xuíz. Os xuíces antes non estaban fixos, andaban de ruta. Ela quedou en Madrid, viñan cada dous anos, por iso a miña nai criouna súa avoa, ou sexa miña bisavoa, que lle chamabamos mama Lela.

E cando miña nai casou pois dicía mama Lela *bendito sexa Deus*. Cando lle dicían *está Manuelita embarazada outra vez? Bendito sexa Deus*. A ela gustáballe que a filla tivese fillos. Mama Lela traballou case toda a vida na fonda principal que había en Muros, un hostel, ata os 60 anos. Ela facía moi ben de comer, e mais era unha persoa das que calaba pero era moi, moi intelixente, demasiado intelixente, en todos os sentidos. Ela dicíache *se vas a casa allea vai pero non comas nada aínda que teñas fame. Ti se che di, queres? Non que xa comín ou que xa vou comer, non collas nada. Non lle digas nunca unha mentira, a verdade aínda que che doa, é mellor que leves unha azouta que sexas mentireira*. A min marcoume, de aí eu as mentiras ódioas, pero ódioas e as inxustizas non vexas ti.

Non quería que comésemos porque a xente pensaba que como eramos moitos na casa que igual había necesidade. E a xente dicíache, *leva un cachiño de boroa, come tal cousa*. A xente era moi hospitalaria e ela non quería, non quería que colleses nada na casa de fóra porque na nosa había abondo. Aí no portal, no corredor había uns cestos cheos de froita. E cando se nos acababa a froita da nosa horta, había unha señora alí e chamábaa e dicíalle, *Pepa traerás froita?* E traíámola por cestos. E nós despois dabámoslle peixe, miña avoa entendíase con ela, prestáballe a vaca, trocaban.

Nós tiñamos unha cociña de ferro, económica, do número 9, que tiña o depósito de auga quente, e nese depósito tiñamos un cántaro para coller a auga. Tiñamos unha bañeira grande que enchía de auga quente ao lado da cociña. Mamá Lela collía un rapaz, desnudábao e metíao dentro a lavallo de arriba abaixo, poñíalle o pixama e poñía a mesa, tiña-

mos dúas mesas. Tiñamos dúas mesas e eu sentábaos na mesa, sentados así enriba da mesa. Collía así os 5 ou máis, poñíaos así todos en fileira. Cando acababan, mamá Lela sempre quitaba o pratiño do caldo, do guiso esmagadiño, 5 pratos. Empezaba cullerada a cullerada ata o final, ata que se acababan os pratos todos de alí non se movía ninguén. Tan pronto acababa abríalle a porta das escaleiras, arriba. Sentíase bailar polas camas e dicía a bisavoa, déixaos estar que teñen que gastar enerxías para durmir ben, xa caerán rendidos.

Chegada a noite había unha luz da rúa que daba fronte á ventá. Ela ía para alí cunha cesta de calcetíns, bragas e pequenas pezas... Miña nai berráballe e mamá Lela contestáballe, *mira lavadiños e cosidiños e moi decentes, mellor que estean vellos e cosidiños a que sexan novos e cheos de merda*. Alí as camas é o primeiro que se fai, baixas para abaixo aséaste, dáslles de almorzar aos nenos e vai cada un para a escola. Despois metes os cacharros no fregadeiro e vas para arriba. Recolles a roupa de lavar, métela na cesta e lévaslla á túa avoa ao río, e traía a outra, pero xa deixaba as camas todas feitas, e tiñamos 12 camas. Deixaba as camas todas feitas porque as camas teñen que estar feitas e limpas sempre. Nunca unha mexeira nin nada. Porque se vén unha persoa ou lle dá enfermidade tráencha para a cama, e o primeiro é ter a cama limpa para estirla e chamar un médico. Agora non, agora lévala para o centro, o centro lévaa para Santiago e á casa non vai nin o morto. Pero antes si, e arriba nos cuartos tiña que estar todo impecable. Había unha fileira de cadeiras na sala, porque a casa tiña unha sala grande onde se facían as festas e onde estaban os mortos expostos. Para chegar ao salón había que subir as escaleiras e despois estaba un cuarto para un lado, outro para

outro e así todos. O salón tiña unha fileira de cadeiras por un lado e por outro, que eran as cadeiras para cando viñan os invitados. Faciamos festas, comuñóns, santos, todo iso e usábanse aquelas cadeiras, pero mentres, estaban todas cheas de roupa, toda dobradiña. Tiñamos armarios dabondo pero non eran prácticos. Sobre as cadeiras estaba a roupa das camas, os cobertores, a roupa interior das mulleres, a roupa interior dos homes, a roupa de arriba, a roupa de abaixo. Despois había unha cesta grande chea de calcetíns lavadiños e preparados.

Todo se pega, agora cando vou ao piso de miña neta di *non mires para nada dona perfecta, sempre atopas algo que está mal, algo que dicir*. E chámame dona perfecta pero a min non me molesta. Eu teño claro que as ensinanzas de mamá Lela me viñeron de marabilla. Xa che digo, miña avoa para min foi... sentábame e dicíame isto, isto e isto. E advertíame *os homes coidadiño con eles, os homes prometen ata meter e despois de metido acabouse o prometido, todo o que queiras pero alí non toca, alí non se toca ata que cases*. E tamén me dicía *mira non é ningunha deshonra quedar a deber, sempre que che presta quen che vende*. Ensinábame, eu comprei os mobles todos para a miña casa, e pouco a pouco todos os meses ía pagar, e podendo ser non lle tocaba os cartos de meu home, sempre cos meus, porque os facía de alí, de alí, de alí e de alí.

Eu facía madre en pasta, cortinas, colchas e todo iso facíao eu á man, a ganchillo,... e de todo. E despois durante unha tempada cando non ía ás praias, calcetaba para fóra e vendía de todo. Nunha campaña así de inverno tiña anotado 35 pezas de xerseis e chaquetas de la para homes, cousa boa e bonita. E para nenas, para vodas, de angora

e todo iso, vestidos bordados... A min gústame sempre ir combinada ben, non aí espampanante pero si dentro dunha media.

Con 16 anos eu sabia lapio, tiven una nenez moi intensa. Tiven oportunidade para saír de Muros, cada vez que viña miña avoa quería levarme e só me quería levar a min. Miña avoa estaba en Madrid, a nai de miña nai. E viña, despois xa tiña unha parella, viñan todos os anos pasar un mes a casa de miña nai no mes de agosto. Ao principio viña cada dous anos un mes e sempre me quería levar a min. Miña nai aínda me deixaba pero miña bisavoa dixo *onde comen 14 comen 15 e aquí ninguén se vai do redil. Juana criouse cos seus irmáns e non ter por que estar soa, soa xa estás ti*. Miña nai calaba. Tampouco eu quixen ir, non porque eu estaba como estaba na agrupación, era activa para todo, todo o mellor para as miñas mulleres; e antes era todo o mellor para a miña casa, para os meus irmáns. Levantábase meu home para o mar ás 6 da mañá, e eu levantábame para ir axudar a miña bisavoa a sachar millo ou o que fose. E non me custaba traballo facelo, non o facía por interese.

Cando casei, meu home traballaba na empresa de materiais de construción, pero cando naceu a nena empezou a ir ao mar. Eramos 4 e máis tamén empezamos a facer a casa, e empezou a ir o mar con papá. Díxolle el vente para o mar a ver se se che da ben, e foi. E despois díxolle meu curmán, vente xunta min, vente comigo de contramestre. E máis tarde cambiou para un barco que era do patrón maior. Por esa razón meu home xa estaba no cabido uns anos antes de facerme eu cargo da agrupación de mariscadoras e entrar na xunta xeral da confraría. Lembro que sería sobre o ano 1992 cando eu o traía os domingos á reunión da confraría.

Cando se empezou a regular o marisqueo

Neses anos empezouse a regular un pouco o marisqueo, a confraría puxera 30 quilos por persoa. Lembro que viña José Antonio, o secretario, era un rapasiño pequeno, viña el alí a pesar el e mais Nando, xa non se vendía directamente aos compradores, collía toda a confraría sen fixar o prezo, e despois ías cobrar á confraría. Xa me gustaba, empezaba estar organizado. Primeiro estaban os pases de mariscador e despois empezaron vir os carnés da Xunta. A min chegoume o carné da xunta sen facer ningún cursiño, era máis veterana.

No ano 1994 tiña o carné da Xunta e no 95 íamos a Noia, eu levaba a miña cuñada e mais a unha rapaza..., levaba o coche cheo, claro. Miña nai tivera un accidente cando a colleu no paso de peóns un coche. O condutor ía discutindo coa filla, non viu a miña nai, deulle un zapatazo e partiulle a cadeira. Miña nai estaba ingresada no hospital en Noia e íamos un día cada unha, miña cuñada e mais eu.

Un día deses dime miña cuñada *Juana mira hai unha reunión na confraría que veñen uns de fóra que non sei que, que para facer unha xuntanza de mulleres, levar marisco para sementar... Porque mo faláron aí as veciñas que llelo dixo o patrón maior pero non quere que se saiba, para que vaian poucas e digan que non lles interesa.* O patrón facía esa reunión para quedar ben con Júan Caamaño, que era de Muros e Conselleiro de Pesca.

Daquela eu xa vira reportaxes de Vila Xoán, dun plan que hai das confrarías que teñen unhas mesas de tal e cual. E dígolle eu *cando é? Tal día un venres á mañá.* E eu fun, can-

do cheguei pois había unha ducia ou 15 mulleres, a reunión foi na confraría abaixo onde está a casa do mar, no salón de actos. Viñeron unha muller e dous homes e puxéronse a explicar. *Vós sabedes algo? E digo si algo oín do que se está facendo en Vila Xoán. E díxome si ese foi o Plan 10, e agora imos facer o Plan Galicia porque iso funcionou ben.* As outras mulleres quedaron mirando para min. Eran maiores ca min, 10 anos ou así. E dixen eu *pero que hai que facer? E dixo pois tedes que facer unha agrupación de mariscadoras, porque dentro de pouco tempo hai que pagar a seguridade social porque senón non podedes ir á praia.*

Os que presentaron o plan ese día en Muros eran Pencha, Cerviño e mais Alberto de Coo. E di Pencha *isto é un tren que vai pasar, o que o queira collelo que o colla, o que non queda. Se vós queredes vai haber unhas reunións en Viveiro, van ser unhas charlas durante 3 días onde vos van dar cama e comida e alí imos explicar todo. E xa empezaron as outras...* Elas tiñan uns homes que eran de artes varias, porque a confraría antes era de arrastre e artes varias, o resto era lixo, o marisqueo para eles era lixo.

E dicían *podedes vir dúas mulleres, nada máis que vos ten que levar o coche da confraría ou por vós mesmas, ides ata Santiago.* En Santiago imos en autobús ata Viveiro, a ver se veñen as de Lira e as de Noia. E preguntaron *quen vai vir? E empezaron as mulleres eu non podo estar 4 días fóra da casa, como vou a pasar as noites fóra...* Eu dixen *eu vou, quero mirar o que hai alí.*

E outra dixo *pois se non hai máis remedio vou eu contigo, pois imos e xa está.* Pero de alí á seguinte reunión a rapaza xa dixo *eu non vou.* Pero xa había máis xente. Xa en Noia se informara e xa había máis xente, entón outra rapaza apun-

touse. Despois levanteime e dígolle *mira esta rapaza non ten curso feito, non ten pase, non ten os dous anos de antiqüidade de marisqueo*. Entón o que levaba a reunión mirou para min e dixo *como te chamas? Eu chámome Juana. Liches os papeis todos? Si, eu lin todo*. E nos papeis viña todo iso, xa viñan as normas que se ían poñer. E dixo *que veña que non pasa nada, que veña que imos empezar a mirar cursos a facer a agrupación se queredes, malo será*.

Fomos ata Santiago e cando chegamos alá a Viveiro había uns apartamentiños con dous cuartos cada un, con dúas camas xemelgas. Puxéronnos alí neses apartamentos e iamos para as charlas, durmiamos, comiamos..., en fin tiñamos alí o noso tinglado montado. Á noite había alí un bar cunha discoteca que aínda iamos alí. Este proceso levábano os Adelgas (Axentes de desenvolvemento do litoral de Galicia), eran os organizadores de todos os eventos da consellería. Despois á noite estabamos nós contentas, e moi ben. Abriu o congreso don Manuel Fraga, despois fíxose amigo meu por certo, cando viña aos eventos das mariscadoras sempre preguntaba por Juana de Muros.

Alí en Viveiro encontreime co Conselleiro, con Juan Camaño, que era de Muros e coñeciámonos desde rapaces. Vivía ao lado da casa de miña tía e xogabamos no medio das escaleiras, que son as escaleiras que van para a igrexa. E díxome *el teño que andar en busca túa? E logo por que non me ves falar?* E dígolle *mire eu síntollo moito, en Muros é Juan, aquí está no seu cargo*. A el parecíalle mal que o tratase de vostede, pero xa me dicía mama Lela, nunca tutees a ninguén que che mande que o tutees.

En Viveiro, despois saímos de alí e fomos para a cea, xa aquilo era un corrillo, as mulleres a dicir, *mira esa é a amiga*

do conselleiro, son de Muros os dous. E iso quedou na xente, nas persoas que ían en representación das confrarías, e cando formamos a asociación Areal aínda mo dicían. Daquela cun Conselleiro non tiñas as confianza de agora, era outro mundo, hai 20 tantos anos, era outro mundo. E despois xa Juana quedou marcada porque era amiga do Conselleiro. A verdade é que a Consellería nos axudou moito a todas as mariscadoras, non só ás de Muros.

Levando adiante a agrupación

Eu facía reunións da agrupación e falaba coas mariscadoras, pero estaban unhas con outras falando entre elas e preguntando ao mesmo tempo e non había maneira. Acabei indo unha por unha falar con elas ás casas. Algunhas dicíanme que o marisqueo non daba para pagar a Seguridade Social. E eu dicíalles *si que dá, mira o primeiro mes que abra Noia vas a Noia, metes os cartos nunha libreta e non lle tocas, tes que meter tanto para que che chegue para o ano. E co que che sobra de aí comes e despois do resto que saques de Muros cómelo todo, e xa está.*

Unhas viñeron e outras non viñeron, pero mirade son 15 anos de cotización e danche xusto, ou sóbrache ou fál-tache. Eu explicáballo á xente unha por unha. *Se queres vir vén, despois non me digas que Juana non cho explicou.* Unha dicíache *e que ti o ves todo moi claro porque tal, outra, porque ti tes o home gañando...* E quedáronme catro ou cinco resistentes porque unha era a secretaria do sindicato, outra non sei que era, e outras tres máis. E aí aguantaron ata o 2000. En 2002 dixen *ou saídes ou entrades, non hai máis.* E tanto foi que tres entraron con tempo, e a dúas

faltábanlles 2 anos de cotización e tiven que romperme os cornos para que puidesen traballar ata os 67 e poder cobrar a xubilación.

Para min foi unha etapa moi importante. Os primeiros 10 anos que foran 2 mandatos como presidenta da agrupación e mais 2 anos que tiña xa antes de formar a agrupación. Ademais houbo aí un problema que tiñamos coa agrupación constituída, e a confraría non mandou os papeis á Coruña, metéronos no caixón e estivemos dous anos parados. Despois leveinos eu persoalmente á Coruña e tiven moitos atrancos. Cando tiña todo andado con 8 anos de 2 mandatos, ao terceiro dixen eu *xa ben eu non me presento máis, cansei, aburrinme e agora vai ben e seguíde loitando vos*. E non me presenteí, nin deus me movía do sitio. Pero os da confraría xuntaron xente e acordaron non presentar candidatos á agrupación. Entón cando chegou o momento da votación non había candidatos apuntados, nin unha, eramos 90 persoas, nin unha.

Resultou que pola normativa electoral das confrarías todas eramos elixibles. Saía a lista enteira de mariscadoras para candidatos. Eu saín con moita vantaxe sobre as demais. Pero aínda aí non parou o conto porque dixen eu *non me da a min a gana. Eu son mariscadora igual e agora que se maten elas*. Nisto que sae unha noticia no xornal, *segundo información de boa tinta a presidenta da agrupación de mariscadoras de Muros ten pensado volver e dimitir mañá*. E pensei eu *informan á xente, de boa tinta sen dicir eu nada. Pois mira, mal podo dimitir porque aínda non collín o cargo. Pero non, non vou dimitir, se as miñas 90 mulleres me votaron as 90, para min vai ir ao ceo, vounas defender con uñas e dentes ata que me xubile. Aquí non vai haber quen lle poña*

un dente enriba a ningunha delas, nin aquí nin en ningún outro lado. Boas malas ou regulares todo o mundo ten o seu carácter, e así fixen.

Eu pensaba *vaia agora acordástesvos, agora que marchaba Juana...*, eu estaba decidida a irme con todas as consecuencias, marchaba e punto. Pero claro, decatáronse de que non era só a agrupación e o marisqueo, xa había 8 mulleres na xunta xeral, de 24 membros había 8 mulleres na xunta xeral da confraría, e iso non o consegue calquera.

Aquí, en Muros, eu tiña xente moi boa entre as mariscadoras. Xente que confiou en min. Eu falaba con todas unha por unha. Porque nas reunións escoitaban un pouco e despois en canto unha dicía algo xa empezaban todas, eu tal, eu cual... Eu a dicirlles falade unha por unha pero non había forma. Así que tiven que chamalas ou ir polas casas a falar unha por unha. Teño ido con algunha ao xestor para dicirlle como tiñan que facer o papeleo, que moitos xestores non sabían como facer para pasar da agraria ao mar ou conxugar os anos de cotización. Moitas confrarías non sabían como facer ou non querían axudar. Eu son unha persoa que me gusta axudar e ensinar a quen quere aprender.

Conseguín que ningunha muller que quixese entrar quedase fóra, todas as que quixeron entrar entraron con todos os dereitos. E despois buscáballe coches a todas, cando ían a Noia de outubro a marzo, para que unhas levasen as outras. Explicando o tema das vixilancias. Eu facíalles as contas e demostráballes que podían pagar o seguro, porque co que sacabamos en Noia xa cubriamos os gastos e despois tiñamos a maiores o de Muros.

Ao principio eu estaba todos os días coa lideira da agrupación. A miña familia é moi grande, pero durante este

proceso eu enfadeime cunha boa parte da familia. Antes de que se enfadasen eles comigo xa lles saía eu ao paso. Viñan co conto de sempre, *pero son 4 ameixas para unha empanada...* Aquí hai xente que está traballando para que isto funcione, *mira isto é unha horta alugada e de aquí non podedes levar nada. Isto é así por lei.* E dicían pois *leveina toda a vida. Tamén eu de rapasiña o levaba coma vos día e noite, pero agora iso acabou.* E replicaban *patatín, patatán...* *vou estar con teu pai, vou estar con túa nai. Porque eu fixen isto por vós, fixen aquilo...* *E agradézollo moitísimo, todo o que fixo por nós, todo o que me queira contar. Pero non vai a levar o marisco da praia. Se vostede o quere deixar ben senón voulo ter que quitar eu.* Aínda que non podíamos quitarllelo, e ao final deixábano... e ían berrando *a min non me fales mais,... É igual, faga como vostede queira.*

Recordo unha veciña que sempre andaba apañar ao ollo, tiña un cestiña de ameixas grandes, e dígolle eu *ti que non pagas a Seguridade Social tes que marchar. Aí, vai agora o meu home á confraría a buscar os pases. Que vaia, que nin cos pases vas coller, non collas máis.* Chegou o home e dixo, xa temos pases, e ensinoumos. E dígolle, *colles os pases e vas de volta a quen chos dou e que che devolva os cartos.*

Nos primeiros anos o cabido non me axudaba e tiven que aguantar malas palabras e cousas fortes. Nalgún momento non me tramitaban o papeleo da agrupación, metíanma no caixón. E tiña que aguantar a algúns dicirme que as mulleres tiñamos que estar na cociña.

Eu tíñaos claro, a min os meus pais non me criaron para que outros me agravien, eu non deixo que ninguén me pise. E como dicía miña bisavoa sempre *onde as dan as toman e*

coa mesma vara serás medido. Eu sempre fun moi sinxela, moi colaboradora, non me gustan as trapalladas. Para min as mulleres son unha bandeira.

Despois de concorrer ás eleccións á confraría eu tiña 12 apoios de 24 membros da xunta xeral. Ademais das 8 mariscadoras estaban comigo 4 de artes varias. Pero eu non quería deixar a agrupación e comer o marrón de pelexar con certos elementos. As lágrimas que chorei foron moitas, pasaba noites sen durmir, porque eu ata que marchaba meu home case non durmía, que se levantaba as 2 ou 4 da mañá. Despois eu quedaba na cama e tiña días de chegar chorando ata o día. Nestes desvelos pensaba *vou ir á confraría vou arriar todo, porque así non vou atender os fillos, porque non vou facer nada, vou tolear, porque patatín...* Ah! Pero iso era de noite, cando abría o día xa era distinto, era outra, *alá imos, para adiante!* E no medio disto tamén lle metín filosofía e fomos pouco a pouco deixando as cousas claras e buscando a paz para que a confraría tirase para adiante.

Pero a min ninguén me pediu desculpas. A verdade que aguan-tei varios desprezos porque quería sacar adiante as miñas mulleres e o meu orgullo non quería que ninguén pisase.

Algunhas cousas cambiaron moito na confraría desde entón. Cando empecei na xunta xeral, de 24 eramos 2 mulleres e o resto homes. Homes de peso, xente maior, patróns e armadores. Eu era a 'nena'. Tiñas que escoitar *que di esa muller.., que sabe esa muller...* Pero eles nada máis que asentían ao que o patrón dicía.

Nunha reunión, dixen eu *a min paréceme moi ben todo isto que acabades de facer. Non sei se esta votación vai ir arriba ou non, hoxe é sábado pero luns eu boto todo abaixo.* Quedaron todos pasmados. *Mira, en primeiro lugar, a orde do*

día ten 3 temas, pim, pam, pam... Aínda non se falou de ningún, e este tema que queredes votar non está na orde do día. Dixéronme eles non porque empecei por aí pero era un asunto de rogos e preguntas. Paréceme moi ben, en rogos e preguntas entra todo, pero entra a explicación e os comentarios que queirades, pero o contido de rogos e preguntas non se pode votar. Porque para facer unha votación o primeiro requisito é estar na orde do día.

Que deas unha charla paréceme ben. Pero eu xa non penso coma ti. A esta xente que está aquí do arrastre nin lle vén nin lle vai, pero á artes varias si. A min bah! tamén me pode afectar, pero ás artes varias e mais aos bateiros vainos prexudicar isto todo que acabas de falar. Iso non llelo explicaches, eh? pero pódoo explicar eu se queredes. E xa salta un e logo por que nos vai prexudicar a nós? Vainos prexudicar por isto, por isto e por isto.

E agora colledes papeis, senón téñoos aquí que tamén os trouxen, collédeos e lédeos, facedes copias, lédeos e informádesvos. Porque vós sodes os representantes do voso sector e o que fagades vós aquí vai á misa, prexudicará ou non ao sector, pero polo menos estades enterados.

A partir desa, os das artes varias estaban en todo comigo e algúns do arrastre, porque arrastre tampouco bailaba ao son que el tocaba aínda que moitos si.

Un día que saía o patrón da chabola dinos a min e mais a unha compañeira vide aquí as dúas! E dixo que tal a reunión? E nós, ben por que? Di el vouche dicir unha cousa e que nunca se che esqueza, as túas mulleres e a xente que estea ao teu redor canto menos saiban mellor che vai ir. E dígolle eu claro así podo gobernar eu o que queira máis o que me dea a gana, pero eu non son desas. Subín ao coche e arranquei.

Desde o principio, cando empezamos a formar a agrupación, tivemos un biólogo que estaba en Vilaxoán. Veu para aquí pero botou pouquiño tempo. A consellería axudounos sempre, e xa che digo, a información a que quixera. O biólogo estaba na praia todo o día e eu con el, e se ían facer mostras ou calicatas ou así, eu ia todos os días con eles. Estabamos polas tardes nun local que hai aquí na confraría, ás veces estaba desde as 4 ata as 8 da tarde. Un aquela-ba e entallaba e outro apuntaba, así aprendín de bioloxía, aprendino con eles. Despois tivemos reunións para ir ás gachas, onde había criadeiro, iamos a todo. Os biólogos moi ben, porque se facías unha pregunta que era coherente explicábancho coa mellor gana. E despois levaba as compañeiras da agrupación a xunto os biólogos. Sempre levaba as máis preparadas para que esas lle explicasen despois a todo o grupo. Foi moi positivo, a verdade que si, que en pouco tempo fixen unha carreira sobre a marcha, non sobre o papel, sobre a marcha e rápido

Pouco a pouco a confraría foi encarrilándose. A xente do cabido foi cambiando, os señores maiores fóronse xubilando. O persoal empregado da confraría é o mesmo desde hai anos, se ben algún deles tivo que deixar as vellas formas e cambiar de actitude ao cen por cen.

Eu tiven algún desencontro coas de Lira. Leváronme a todos os sitios cantos había vistos e por haber, eu fun a todos con elas, nunca me neguei ir a ningún sitio. Pero sempre lles dicía *a lei non a fixen eu, eu só estou cumpríndoa. Se a túa confraría e mais a miña chegan a un acordo pois páreceme moi ben. Que ti veñas ao meu ámbito territorial e eu ao teu, así páreceme moi ben, pero cunhas condicións, non co que ti queiras. As miñas condicións son estas, se as que-*

res queres e senón éche o que hai. Cada confraría ten a súa horta. A min porque me traías a consellería, que chames a fulanito, que veña menganito ou que veña outro, eu vouche a todas as reunións, aquí estou esperando a que ti expoñas o que queres. Pero voucho dicir a ti, a lei é a lei.

O noso ámbito territorial é de aquí para aquí, e de aquí para aquí é de Lira. Se ti queres vir coller a mexía aquí porque dis que tes mal tempo ou porque che dá a gana, ou simplemente porque hai, estou de acordo. A nós ao teu lado non nos interesa ir porque temos abondo aquí. Se ti queres vir nós imos partir con vós pero sempre que esteas dentro la lei, pasando por lonxa e todo en orde, senón non vou partir con vós.

Nós temos os nosos compradores, que me levou moitos anos xuntalos. Nós somos unha agrupación e funcionamos como tal, legalmente e contribuindo á confraría. E así funcionando, vainos ben e hoxe por hoxe temos todos os compradores de Muros aquí para comprar a mexía.

Axuda mutua e algo de comer

As mulleres da agrupación temos moito espírito de colaboración, axudámonos mutuamente. Iso vese moito cando están facendo as vixilancias nas praias. Encontras cada pouco conversacións destas *veño eu porque Mari Carmen e mais eu imos botar o millo, e íalle axudar e xa vin para aquí e fágolle eu a garda. Outra estou eu porque fulana hoxe non pode vir porque van matar o porco.*

Se cadra as de Muros aquí coas da Abelleira e as de Abelleira coas de Muros. *Non ela non pode vir muller, mira de catro rapaciños pequenos e xa non pode vir.* Todo isto é porque

moitas eran nais e todas sabían quen ten nenos ou outros problemas, entón algunha xa dicía *vou eu*.

Mariscando algunha chegaba un pouco tarde *e aínda vén baixando*. *Si, onde iría? Non sei, xa estamos collemos un pouquiño máis para ela*, e botaban un pouco de marisco no mandil e cando se ía achegando dicíanlle *non collas moito que xa che estamos collendo nós*, e colliamos tres veces máis do que lle facía falta á muller. Porque a muller non puido vir antes, porque ao mellor tivo que levar o rapaz ao médico que estivo malo de noite, ou non tiña a quen deixarllo ata que viñese non sei quen.

Ou marchou tal muller, *pois deulle diarrea porque no inverno vai moito frío*. Outra di *atópome malísima e quedou co balde fulana, deixei xa o caldeiro para me collan o tope e marchou*. *Vale pero espera, non marches que está Juan na outra praia, espera un pouco. Vente lixeiro, fulano! e logo? Hai que levar a Lola á casa que se encontra mal*. E eu chamáballe o coche para que a fose levar a casa.

E outra que lastimou un dedo, ou lle picou unha faneca, ou clavou a rastro nun pé, unha cuncha ou calquera cousa. *Pois cámbiate que te leva Joaquín ou quen estivese, e lévate alí ao Centro de Saúde*.

Eu sempre tiña no coche una botica de primeiros auxilios. *Ai, que Carme que lle dou a lumbalxia e non se pode mover, tes algo por aí?* Dicíalle eu *teño nolotil, teño naproseno e teño paracetamol, non sei o que ela quer*. Collía unha bottelliña desas pequenas, enchíaa de auga alí na fonte e *toma lévalla de paso que vas*.

Chegaba calquera *non, non vou ao médico, só me cortei un pouco, pois ven que che fago as curas*. Botáballe o betadine,

vendáballo e dicíalle *agora non molles e dáballe unhas luvas*. Eu teño luvas porque cando fora do Prestige sobrou material. E no coche tiña fundas de plástico por se acaso estaba bo día e despois se poñía a chover e tiña fundas e luvas dabondo.

O ano pasado leveille ao vixiante desas luvas grandes negras. *Toma ti que andas no monte rozando por aí, toma leva*. Outra, *Juana hoxe non trouxen luvas, non me acordei das luvas, non tes por aí? Estás ti moi afeccionada ás luvas de Juana, xa non sei cantas veces mas pediches, coidadiño non te pases pedindo*. Botáballe a bronca pero dáballas.

Eu teño un coche monovolume e sempre estaba coa porta aberta para coller cousas. Viñan as da Serra e traían peras, mazás, laranxas, pementos, de todo. Eran para min. Dicíanme *mira que temos dabondo e agora ti non tes*. Eu metíao no asento de atrás e a que me parecía quen non tiña dicíalle eu *despois cando marches abres a porta do coche que hai pementos, colle unha ducia deles*.

E moitas, cando chegaban arriba, pousaban o material e dicíanme *non hai nada que comer? Vou buscar outro saco, non hai nada que comer?* Porque igual 1 de 4 eran maiores e a máis nova era a que traía o berberecho. Traía un, ía buscar outro, mentres outras seguían collendo. *Non hai nada que comer? Si, hai aquilo que trouxeron as de San Cosme ou estas ou as outras, hai aí. Ou Pepe que trouxo ameixóns, sempre traían. Collede alí, levamos para as outras? Leva o que queiras, ti non abuses pero leva para comer*. E despois xa todo o mundo viña e dicía *hai algo de comer?*

Había o problema de que calquera mariscadora tiña invitados e quería levar catro ameixas para un guiso. Cando empezabamos a campaña dicíalle *heivos de dar a todas, está*

prohibido, pero se estades todas de acordo heivos dar a todas 2 quiliños ou 3 para facer unha empanada pero non todos os días. Un día a unha, outro día a outra e outro día a outra, segundo vaiamos tendo mermas. Vós xa sabedes que tedes que traer un pouquiño de máis para iso. E un día que alguén teña xente na casa, que lle faga falta para un arroz, nada máis mo ten que dicir, non quero que ninguén leve nada nin que ninguén me putee todos os días dicindo, que teño, que teño, que teño... Pois de acordo, moi ben.

E sempre había a típica que levaba algo. No mesmo balde tapado co saco sempre quedaba aquel quilo no fondo, bótalle a roupa de augas enriba e xa estaba, levaba o balde e punto. Pero eu xa sabía o que ía no balde, e mais sempre tiñas outra que che dicía *a fulana tal levaba non sei que pero algo leva, outra algo leva é pouco pero algo leva*. O día seguinte cando chegaban á fila e dicíalle *coidadiño cos baldes que os vou mirar todos e algunha vaino levar de sombreiro!* Dicía calquera disparate, falaba así a todas para que entendese a paisana. Pasaba unha, pasaba o outra e pasaba fulano, e unha xa cantaba *a ver teño aquí 4 ameixas e non sei se mas quitarás xa todas porque moi grandes non son*. E dígolle eu *ti embárcaas aquí no cacharriño, e sacúdochas, a que non vale vai para sementar e a que queda pésocha. Pero para casiña nanai, unha vez santo Tomás e nada máis*, e xa se daba por aludida. Se o facía a outra vez, o sermón éralle directo-directo. Xa a avisaba tamén cando baixaba para abaixo, *ollo que te vou avergoñar*.

Alí o normal é estar de bromas con unha e con outra, ou chegaba unha, berráballe pero tan pronto acababa de berrar xa se acabou o conto, non pasaba nada. E había unha muller que me estaba quentando, estábame todos os

días, todos os días, todos os días. Estábame quentando e mima o dia que rebentei! E dicíame ela *moito aguantas. A algunhas non lles pasas unha e a outras moito aguantas. E díxenlle eu tranquila que xa lle chegará.*

E chega un dia e cacheille moito marisco pequeno e ela saltoume *que, seica o teu home esta noite nada...* Mira, saltoume o automático e dígolle *mira estou ata os mismísimos de ti, eh? Sabes que este é o meu traballo, e teño que aguantarte porque é o meu traballo, pero na miña vida non te metes ti, porque eu tampouco me meto na túa!* Pero eu así moi enfadada, *e que sexa a última vez que te metes na miña vida!, porque eu aquí son a presidenta pero non para meterte comigo, e se non o sabes temos uns estatutos, que se me faltas ao respecto a min ou a calquera das mulleres ti tes a túa sanción, e a min estasme faltando ao respecto!*

E a xente da fila atónita, e ela avergonzada colleu o cesto e marchou, marchou e ata deixou atrás o vale do marisco.

Outra anécdota curiosa aconteceu a Adela cando se encontrou con unha que levaba marisco de mais, e lle di *deixa ese marisco. Non, que lle falta á miña compañeira.* E despois deullo a un home, ela veu co marisco para arriba e el foi co saco aquel pola volta, e o vixiante que estaba pasando os vales deixou os vales e foino coller e fíxoo vir de volta co marisco diante de todo o mundo. A cola era grande e alí díxoselle a Adela *mañá non sei se deixarei que veñades porque isto é un delito grave.* E dixo ela *non foi culpa del que foi culpa miña que o trouxen eu.* E dille Adela *eu non podo facer vista gorda con vós porque a normativa que temos é moi estricta. E se cho fago a ti a miña xunta xeral e mais a agrupación toda pode vir contra min e eu quedo sen traballo.* E di ela *logo non te preocupes que nós marchamos, e despois*

xa te chamaremos para saber se podemos volver dentro de 15 días ou non.

Adela púxoos firmes. Hai que apretar pero non afogar, como dicía miña mamá Lela *nunca vaias ao trapo contra ninguén*, a trapo chamáballe ela, a saco.

Cando me encontraba cunha desas, *mira fixeches isto e isto, sabes que non o podes facer, eu non cho podo consentir*. E se o volve facer, disllo cando teña 2 persoas ao lado. E se non fai caso hai que esperar a que haxa moita xente, e disllo pero de malas formas para que colla vergoña.

Cando foi do Prestige

E quérovos dicir que me fun facendo respectar. E despois cando fora do Prestige eu metera a todas a traballar. Fixeramos un grupo dentro da confraría e eu era a capataz. Non dependiamos de ninguén, tiñamos independencia. Tíñamos un chaval que era de Muros e que nos viña dar as ordes, chamábame para dicirme a que praia tiña que ir, porque el coordinaba todas as praias. Eu mandaba tantas para aquí e tantas por alí, todo ese rolo. Tíñamos unhas mulleres que tiñan problemas, unha era moi maior e outra tiña súa nai moi maliña na cama e tiña que darlle de comer, non tiña veciñas que a axudasen nin ela deixaba a ninguén que lle entrase dentro da casa. Cando tocaba a quenda de mañá non viña, cando tocaba de tarde viña. Dicíalle eu *mira que estás perdendo a metade do soldo*, que nos pagaba Tragsa, eran 700 e pico de euros.

E díxome ela *pero que eu non podo*. Dixen eu *ben xa argallarei algo*. E despois xuntei a unha señora que é de alí de Abelleira, estiven eu cavilando como xuntalas que tiña un

fillo metido na droga e estaba moi mal. Despois había outra que estaba coa diabete que tiña que pincharse e mirar se lle subía ou se lle baixaba, se podía comer unha mazá, se non a podía comer, se tiña que tomar algo, mareábase, e sempre ía o home con ela. Pero claro, se a mando todo o día para Carnota, o home non podía volver porque quen conducía era ela. E tiña tamén a nai dela na casa, e o home tiña que quedar, e a mulleriña pois non se zafaba moito con tanta trapallada, e tamén había días que non viña. Dixen eu *vou xuntar estas 3 e deixalas na Abelleira*. Pero para deixar a estas, hai unha espabilada que me vai jorobar que tamén era veciña, ben vouna meter tamén. E así deixei a esas na Abelleira de mantemento para que limpen a praia, que nos arrabaldes había rodas, había cacharros e herbas manchadas. Así a muller aproveitou o soldo que era viúva, e tiña que darlle de comer a súa nai e arranxei a esa. E queroche dicir que as deixei xuntiñas a esas 4 alí, tres porque o necesitaban e outra para que non armase lío. Ás veces se non podes vencelos únete a eles. E caladiñas coma petos, sempre governei moi ben.

Cando traballamos na limpeza do Prestige, ao noso grupo, deixábannos 4 caixas de luvas e 4 caixas de fundas brancas e despois do resto nanai. Un día deixei nas traballando, fun á nave de Carnota onde tiñan o material e díxenlle a encargada *mira mentres outros acaparan o material, a nós, ás mulleres, déixannos sen material para cambiarnos*. A partir de entón, xa ía eu coller o material alí ao almacén. *Viñeron unhas botiñas brancas así, digo eu dáme. Espera, que número me vas dar, dáme tal e tal*. E despois ás 11 da mañá dáballes os bocadillos. Ata lles conseguín bocadillos ás mulleres, porque só llelos daban aos voluntarios e nós traballabamos para Tragsa. Consequín que nos trouxesen

90 bolsas de bocadillos con zumes, froita, todo, e alí onde eu lles dicía.

Trouxen unhas poucas botas brancas, e tamén fundas azuis de plástico que valían para ir mariscar. E iso todo repartía, quérovos dicir que buscaba polas mulleres. E despois luvas, tivera unhas luvas de látex moi boas, que as había que lavar e volvíanse usar varias veces e darlles crema para lavalas tamén. Pero as luvas dicíalles *non as tirar. Envolvédeas na mesma bolsiña e lavádeas con esta crema, lavádeas debaixo da auga e non tedes por que tirar dous pares de luvas diarias*. E despois, cada semana había que cambiar as botas. Cambiábaas quen quería pero eu traíalle un par de botas a cada un.

Asociación de Profesionales de Marisqueo a Pie de Galicia (AREAL)

Nós constituímos Areal cando estaba López Veiga de Conselleiro, sería o ano 2000. Areal era unha asociación de agrupacións de mariscadoras e cooperativas, estaban as presidentas e vicepresidentas. De presidenta estaba Lola de Camariñas e eu saín de secretaria. Areal pretendía que estivésemos todas as mariscadoras para facer reunións e aprender unhas das outras. Organizabamos visitas a un lado e a outro. Porque antes estaban os Adeltas, a Consellería dicía que non podían dar tanto apoio e que nos organizásemos entre nós e tratar de ser autosuficientes. Tamén asesorabamos ás que non sabían sobre temas das cotizacións á Seguridade Social. Algunha non chegaba ter os anos de cotización suficientes, outras dábanse de alta só para ir mariscar e non vixiaban, iamos axudando e facendo de intermediarios coa administración para resolver eses casos. Nós

iamos negociando con todas as administracións, petando nas portas para resolver os problemas que ían xurdindo. Porque todas as confrarías tiñamos problemas similares.

Cando entrou Mari Carme Gallego de conselleira deixounos a velas vir, pero nós aínda seguimos un pouco. E tivemos que aparcar a asociación, porque algunhas confrarías xa non pagaban. Había xente da mariña que tiña que desprazarse moitos quilómetros, e as comidas pagabámolos do noso peto.

A asociación de mulleres Areal estivo moi ben porque había confrarías que estaban divididas a dúas bandas, porque algúns patróns maiores non apoiaban a formación das agrupacións de mulleres mariscadoras. A min gustábame tirar para adiante e axudar o que podía. E viñan os Adelgas e facían reunións, daban un curso de Permex ou un curso do que fose, porque había moitos cursos, eu fixen un montón deles. Despois dicíalle *agora imos ir visitar a Muros que Juana vos da unha charla de como empezaron elas e como están facendo e os resultados que teñen*. E aí na fábrica do xeo había un salón grande, alí contáballes a nosa experiencia, máis ou menos o que faciamos e como levabamos a cousa. Botabamos alí desde as 10 da mañá se cadra ata as 2 da tarde e despois tiñamos a comida no parque de campismo. E trouxeron moitos autobuses con xente doutras confrarías para que eu lles dese a charla. Despois chegaba a Noia e á xente que me preguntaba pois dicíalle.

Xente nova

Eu diríalle aos novos que entren nos cabidos que vivan do seu traballo, a partir de aí que fagan as cousas polo ben de todos e para todos, para os que están e para os que están por vir. Que do que collan xa o teñen aí, pero do que dei-

xen teñen que vivir os que veñan detrás, sexan seus fillos, seus netos ou seus sobriños. Iso é o que lles diría eu e é o que lles digo. Vivir e deixar vivir. Tampouco non lle podes poñer unha pistola ao peito á confraría nin á Consellería como fan algúns, porque estás tirando pedras enriba do seu tellado. Ti estás aí e tes o que tes, está á Conselleira que ten o seu traballo e non pode dar máis do que lle dan para dar, non pode repartir máis do que reparte. Ti sabes que non os podes estar machacando dicindo *eu, eu, eu!* Eu podo ser amiga, coñecida ou parente, pero non por iso teño que levar máis ca os outros. Temos que repartir o que hai e no que marca a lei.

Eu, na confraría de Muros hoxe por hoxe e sabendo o que sei, vexo que a cousa marcha, temos o persoal que necesitamos, todo está perfecto. Por sorte na confraría temos moitas actividades, marisqueo a pé, marisqueo a frote, navalla, artes varias, arrastre, temos os pulpeiros e máis temos bateiros, e mais outro aquel de poliqueteo. Persoal debe haber preto de 12, entre vixiantes, laxeiros, persoal de oficina... despois temos vendeduría tamén propia.

Agora que estou retirada

Eu agora estou retirada pero sigo moi activa, hoxe mesmo vou comprar 20 polos, críooos e despois tamén os mato eu. Nós somos tropecentos para comer. Vén unha neta e di *avoa fai un pouco máis que me queda para luns..*, e moitas veces fago o cocido para toda a familia. Eu cando ía traballar á ribeira, xa facía de noite a comida e deixábaa feita. Se te crías entre moitos tes que ter todo moi organizado, a min non mo facía ninguén, tiña que facelo eu para outros.

Cando eu facía a empanada, miña nai xa me dicía *trae un pedaciño para min*. Mamá era unha tola da empanada. Meu pai a protestar, *non traías nada que non pode comela...* Sempre fixen de comer para moitos. E miña filla, que é cociñeira, aínda me chamou o outro día para pedirme unha receita dun doce, dun biscoito.

Eu palillo e mentres palillo poño alí o móbil e vou escoitando eses programas da galega, *Cos pés na terra*, *Polo rego*, e outros programas de actividades...

Fago gargantillas, pulseiras, chales, corindóns de encaixe de bolillos, feitos a man e montados a man. Aínda o outro día regalei un, na comida das mariscadoras, porque me di unha *e logo eu que son túa amiga non teño dereito a un bolsiño deses*. *A ver, de que color o queres? gústache este? Encántame*, pois xa esta! Son bolsiños de man, algúns úsaos a miña rapaza na tenda para facer escaparatés. E fago os chales cos bolsos a xogo. Fago de todo, todo o que me dá a gana, fago de todo. Eu fixen corte e confección e fago toda clase de roupa. Teño oito colchas de ganchillo, grosas, con tiras de liño, e agora estou facendo cortinas, teño que cambiar as cortinas e estou facéndoas eu. Na igrexa de Muros hai dous manteis grandes nos que se poñen os santos feitos por min e tamén para a capela de San Roque fixen outro precioso.

Axudo a miña neta a facer artesanía en cunchas, e ela lévaas ás feiras. Facemos caixas, marcos, baúis, espellos, xarróns. Hai un señor que organiza feiras de artesanía e o outro día dicía *el ás mozas das cunchas vounas chamar para todos os eventos que faga*. Os xarróns son un furor, nalgunhas feiras temos vendido máis de 15 ou 20. Os pendentés véndense como churros. Eu empecei coas

cunchas hai moitos anos, facía para as amizades. Imos ás depuradoras buscar as cunchas do marisco. Teño Santos nas cunchas, teño a Virxe do Carme, a Santo Antón e a Santiago Apóstolo. E temos un taller na casa. Sonche boa traballadora, e axudo moito.





Dolores Bermúdez Rodríguez (1960)

Confraría de Camariñas

Cando collía as minchas coas mans

Chámome Dolores Bermúdez Rodríguez, pero todas as mariscadoras por Galicia adiante me coñecen como Lola de Camariñas. Meu pai era mariñeiro, tiña unha pequena embarcación e era mariscador tamén, miña nai mariscadora de toda a vida. Nós plantamos patacas, como calquera familia humilde. A familia máis humilde que pode haber da aldea era a miña. Meu pai despois de feito enfermou, déronlle unha pensión con 33 anos con silicose da mina porque con 17 anos traballara na mina de volframio, alí na aldea. Entón de solteiro, con 17 anos, traballou alí durante 4 anos, el era picador e canto máis picaba máis lle pagaban. Daquela dicíame el que estaban sen cheminea, que a puxeron o último ano que traballou e que xa foi cando se desfixo todo. El antes diso ía ao mar, no marisqueo, pero despois tivo que deixalo porque claro, a silicose che saca a respiración, un catarriño que collas pois... O meu pai finou moi novo, aos 59 anos. Pero gus-

táballe moito o que é a vida do marisqueo e do mar, de feito sempre me apoiaba.

Eu son mariscadora de toda a vida, tiven o primeiro carné de mariscadora aos 16 anos, e miña nai era tamén mariscadora. Traballábase todo o ano na ameixa e no berberecho, e tamén moito nas algas no verán e nas minchas no inverno. Cando eu era pequena, pois si, tanto as algas como as minchas daban... Nós non eramos labradores, o noso era o marisqueo. Acórdome de que víñamos aquí ás caramuxas, e daquela había un cochiño, un coche que lle chamaban o pombo, e eu ía coas caramuxas no coche, cobraba aquel pouco e despois volvía andando para casa. Era unha maneira de ter os cartos entre mans porque ti vendías as caramuxas, xa che pagaban na man e xa tiñas para comer para o día, máximo cando meu pai, pobre non traballaba, eramos 2 fillos, meu irmán é máis novo ca min. **Miña nai traballou coma un home, e cando din traballas como un home, non sei se habería moitos homes que traballasen máis ca ela, non o creo.** Porque daquela ao marisqueo se ía de marea de mañá e de marea de tarde, que non estaba regulado, íase sábado, domingo... íase todos os días. Entón, ti miras para atrás, cando veu a normativa de que sábado e domingo non se traballa, e festivos tampouco, pensamos que nos caía o mundo enriba, pensabamos que morriamos de fame. Pois mira, cando falan en moitas empresas de conciliar a vida familiar e laboral pois eu penso que gracias a Deus foi unha dignidade. Se seguísemos con aquel ritmo estaríamos metidos no traballo como antes. Agora estamos mentalizadas, fin de semana dedícase á familia, á túa casa, un festivo tamén o desfrutas coa familia. Ao primeiro parecíache que ías morrer de fame e que ía a

caer o mundo e ninguén morreu de fame por iso, hai maneiras para organizarse.

Nós colliamos as minchas coas mans, unha maneira é revirando as pedras e collías as minchas que estaban pegadas nas pedras. Na enseada da Vasa, que é unha zona de marisqueo, no inverno, había tantas que faciamos dunha xesta como unha vasoira e varriáanse, despois peneirándoas e a grande era a que collías para vender. Eu acórdome, miña nai! facer daquela 1.000 pesetas ao día, 1.000 pesetas ao día na marea eran moitos cartos. Había compradores, e iamos ás algas tamén. Aquí en Camariñas había compradores, chegou haber 3 ou 4 compradores. Chegaba o verán e ía todo o mundo ás algas. Para a fábrica do Porriño, esa era a que máis levaba.

Cando acabei o colexio, veu a profesora que tiña á miña casa, quería que fose estudar pero, claro, cadrou ese ano co meu pai un ano enteiro encamado, un ano enteiro na cama, todo o inverno, e tiña un irmán pequeno. Entón aí quen tiña que traer os cartos para a casa era miña nai. E quen atendía a meu irmán e mais a meu pai? Pois tiña que ser eu, estudar era un luxo que non nos podiamos permitir e gustábame. Eu nacín no 1960. Entón non podiamos economicamente e as circunstancias cadraron. Non foi que meus pais non quixesen.

Despois, meu irmán que era o que viña detrás podía estudar e non o fixo. En cambio, meu irmán moi novo empezou a traballar, que daquela ías de peón, de albanel, e meu irmán con 16 anos foi para Suíza cun contrato de albanel. Aínda non tiña 17 anos, pero xa foi co contrato de albanel, xa levaba desde que saíra da escola, aos 14 anos, traballando, de feito aínda está alá. E todos dicíamos *pero xa que Lola non puido...*

Eu traballaba cos meus pais, coa miña nai nas augas, nas minchas, e despois casei aos 20 anos, nin noviña nin vella, o normal. Casei aos 20, antes era a idade normal. O meu home emigrou a Suíza, eu estiven aquí, despois ao estar meu pai enfermo sempre tiña que estar para atendelo. Miña nai ten 82 anos, sempre estivemos vivindo xuntas. Unha muller traballadora, moito, ela é moi traballadora. Foi sempre unha loitadora, tanto para levar a casa adiante cando nós eramos pequenos e meu pai estaba enfermo, cando casei e me viñeron os fillos e axudarme a levar... eu se non fose por ela -claro está- non podía dedicarlle tanto á agrupación e á confraría... Era un apoio moi grande, entón iso débollo, a verdade que sí. Ela foi unha muller que nunca pensou nela.

Eu non lamento non ter estudado, vouche dicir, cada un temos que sentirnos ben e aceptar un pouco. Eu non me lamento, quen máis se lamenta é mina nai. Sempre me di, se naquel momento collese un par de parcelas, que daquela ela tiña terreo, e as vendese e foses estudar... Eu dígolle *igual nun ano ou dous plantaba os estudos*. É así, ti non podes agora mirar atrás e se fixese..., non podes.

Eu traballei no que me gustou, desfrutei. Estando casada meu home caeu enfermo vindo unha vez de Suíza, estivo enfermo, e tiñamos unha embarcación, comprou unha pequena embarcación e fomos aquí ao mar, e eu enroleime con el, ía ao mar. Miña nai dicía *meu Deus que vergonza! Ao mar!!* E meu pai animábame, aínda estaba vivo, e dicíame *e por que non vai ir? Non deixes teu home só, vai, vai!* Meu pai estaba moi orgulloso que fose ao mar co meu home. En cambio miña nai era máis de pensamento antigo. Meu pai era moi moderno.

A miña pena máis grande é que os meus fillos non tivesen o desfrute, vivir o mar como o vivo eu. Eu desfruto. Vou, métome no medio da Canle, coa auga ata o pescozo, e traio o meu marisco para a casa, e son feliz. Como me gusta!, como cando fun ao mar co meu home era feliz. Eu desfrutaba, a min gústame o mar. Non é dicir, estou aquí e non me gusta o mar. Non! A min gústame o mar, gústame loitar polo sector, ver os problemas que teñen e facelos meus. Fago meus os problemas deles porque o vivo, porque me gusta. Ao mellor non tiña que implicarme tanto, pero cada un somos como somos. Eu estiven no traballo onde eu desfrutei bastante, entón sentínme moi a gusto comigo mesma.

Nós botabamos as patacas, botabamos o millo, tínhamos as galiñas, acórdome que tínhamos unha cabuxa pequena, e acórdome que miña avoa, a nai de meu pai, tiña vacas, porque miña nai vén de xente labradora. Na casa de meus avós por parte materna eran labradores. Miña nai cando casou o seu era o marisqueo e unha vez á miña avoa, pola parte de meu pai, pariulle unha vaca e chama a miña nai e máis a meu pai para darlle a vaca e que a coiden, e miña nai non quería a vaca, *eu non quero a vaca, non podó atender a vaca, eu teño que ir mariscar!* Porque daquela unha vaca daba moito traballo. Miña avoa dicíalle *pero de onde naciches tí? De onde saíches?* Miña nai non quería saber nada, ela ao marisqueo. De feito foi unha mariscadora para sacarlle o sombreiro.

Aquí antigamente nos anos 60 houbo unhas cooperativas de marisqueo e despois viñéronse abaixo, entón eses bancos marisqueiros incorporáronse como autorizacións á confraría. E nós tínhamos o noso carné de mariscador. Ías

mariscar e despois pasando os anos houbo unha venda forte de berberecho, pero despois pasados uns anos quedou abandonado. Quero dicir, abríase a veda pero non había berberecho case ningún, e moi pouquiña ameixa.

Daquela había moito furtivismo. Eu acórdome que estabamos na miña casa e mirar para o mar, para o río da Ponte, e estaban en pleno día restrelando, apañando o marisco. O que tiña medo non ía, o que non tiña medo ía e facía os cartos, o típico vamos!

A formación da agrupación de mariscadoras de a pé

Despois fixeran uns cursos para formar as mariscadoras para que nos agrupásemos. Nós fixemos a agrupación no ano 1997. Antes do 96 nós o que fixemos foi esas charlas, eses cursos, que era para fomentar o asociacionismo. Sempre ten que haber algunha que teñamos un pouco a voz cantante, eu dicía *penso que non imos ter problema ningún coa confraría*. Acabou o curso, leváronnos de excursión a Vilaxoán e vimos as mariscadoras. Daquela puxéronnos o exemplo de Vilaxoán e a nós parecíanos unha marabilla, claro! Entón vimos que tiñan ameixa babosa, tiñan bastante alí. *Mimá!* dicía unha compañeira, *se teño eu este marisco en Camariñas sento na praia e non hai quen me marche cunha furada destas ameixas, paso o día todo alí!*

Cando viñemos desa excursión, viñemos coa ilusión de facer unha agrupación de mariscadores. Entón tiñamos un patrón maior, chamabámoslle o Papudiño de alcuño, e a muller tamén era mariscadora.

Ela dicía *Pepe! pois mira, queremos facer unha agrupación de mariscadores. Ben, e que problema hai? Facédea*, el sem-

pre dicía, *para min é un alivio, así non me vides romper a cabeza cos vosos problemas*. E tivemos o apoio da confraría, podo dicir que sempre! Pasei por 5 patróns maiores antes de ser patroa maior e sempre tiven o apoio da confraría para levar o marisqueo adiante, porque socialmente eran moitos postos de traballo e a maior parte mulleres.

Eu bótome a pensar e digo *aquí traballos para mulleres hai, unha empresa Cerdeimar que é un puntal en Camariñas en postos de traballo de fábrica de conservas*. E agora tamén están os conxeladores de polbo. Entón ti vías e dis *hai cento e pico de mariscadoras entre a pé e a flote, 125 mariscadoras, se podemos ter e loitar por un soldo digno son 125 postos de traballo*. Loitouse moito, erradicouse aquel furtivismo interno que había e sabes que nunca vai desaparecer de todo. Eu sempre digo que desde o primeiro momento **que teñamos que contratar uns vixiantes para que nos vixíen a nós, mala cousa. E pobre de nós que non teñamos un control, porque enseguida se descontrolan todos!** Un vixiante ten que vixiar todo, pero tamén cando nós estamos na praia tamén nos ten que controlar a nós, porque logo nos descontrolamos, iso é triste. É algo tan sinxelo... meu deus! Pero que traballo custa dicir a que hora temos a entrada? Ás 12? pois baixamos ás 12. Que temos 5 quilos? pois collemos os 5 quilos. Que ten que ser esta talla? pois loitaremos por ser esta talla. É a mar de fácil non pasarse, pero sempre hai algo que... Pois non, se non está o vixiante, pois igual empezamos en vez das 12, ás 11 e media. Por que temos que romper a convivencia? non ten sentido... é un instinto!

Eu, empezando pola casa, meu home era mariscador. El era mariscador e tínhamos a entrada para tal hora. Eu ata que

piten... porque nos pitán para entrar, eu ata que piten non apaño. Eu vou diante del e vexo as furadas, os ollos, como os pode ver el, entón eu ando e non a collo e el era capaz de ao mellor pousar e eu xa lle berraba *ti que fas? Nin se che ocorra! Se eu paso e non a collo, que aínda non é hora, tí tampouco!* E di el *si, pero é que aquel está furando xa. A min non me importa!* É así. Recoñezo que ao pobre o machaquei.

Non é fácil. Eu ese instinto non o teño... O de empezar antes é unha falta de respecto aos compañeiros, e dis ti *pero para que? Se total temos o mesmo e imos a facer o mesmo!* Pero é un instinto e non hai máis que falar.

Eu como presidenta das mariscadoras tiven moita sorte, toco madeira, queixarme é pecado, así de claro! En cambio estes 4 anos de patroa maior... Quero dicir que coas embarcacións tanto de cerco como de artes menores leveino moi ben, axudeille e desfruteino. Pero o sector percebeiro está tan... Eu penso que en toda Galicia os conflitos nas confrarías, son destes dous sectores, ou percebeiros ou marisqueiros. Nós temos no marisco a flote a maior parte, tamén ten percebe a flote.

Hai un plan de explotación, apróbase, pois correspónden-nos tantos días por mes, os días que hai repítense no ano. No verán uns días máis, os que hai, e no inverno son tantos. Que pasa? Que ás veces non lles gusta, que tal día... *Lola! Por que non pediches outro día? Acordouse isto, e isto é o que hai, hai que respectalo, ás veces gustaranos e ás veces non.* Errores cometémolos todos, fallos, eu a primeira, perfectos non somos ninguén. Que pasa? Cando che saen ben está ben, cálase, pero cando che sae mal, machácante!

Camariñas ten unha riqueza importantísima no mar, é increíble. Temos barcos... sabes os postos de traballo? E temos

o racú, con artes menores e hai 3 embarcacións con racú. O **racú** é como unha rede de arrastre, pero máis pequeniño. Temos embarcación das nasas, é un porto moi importante para o polbo, nécora e camarón, hai moitas embarcacións que se dedican ás de artes menores. Temos percebe, temos marisqueo e temos navalleiros e mais do ourizo. É que temos de todo! Entón, temos unha riqueza, que pasa? Que o que é a embarcación colle, levántase e vai despachar, qué-roche dicir, non falamos de conflictivos, quero dicir que é diferente sistema de traballo. Ti colles a túa embarcación vas ao mar cando queres, vés cando queres. Quero dicir, dedicáste á arte que tes.

No percebe as decisións son para todos, os días que se vai mariscar, os topes, a entrada... Entón a gusto de todos non hai maneira de estar! Quero dicir, que o marisqueo ten esa peculiaridade que as decisións afectan a todo o colectivo. Outros que din *podía ser mellor...* pero cantas cousas ao mellor che saen ao revés, entón dis ti *pero se eu son mariscadora eu o que quero é o mellor para todos porque tamén é para min!*

Nós iamos moi ben ata que foi o daquel mal tempo que nos desfixo a praia toda porque nos matou o marisco todo, no 2013 ou antes do 13. Entón aí xa empezou, a xente cando gaña pouco, mal asunto. Entón, os bancos marisqueiros non se recuperan dun día ou dous, leva o seu tempo. Imaxina, agora nós fixemos unha rexeneración, compramos unha semente con fondos pola Consellería de Pesca de ameixa fina, que só subvencionan a autóctona. Entón a babosa sementámola xa no río da Ponte e a fina sementámola nunha zona do río e puxemos a máis pequena no pantalán coma sempre. Cun brote de calor que houbo, nunha hora,

morreunos moito na Vasa coa subida das temperaturas. No río da Ponte non nos morreu tanto. Entón, que escoites e que che digan... e dis ti *pero meu Deus queridiño! Quen me dera que non me morrese, non vos dades de conta que miro para ela, miro para Deus!*

Cando empecei coa agrupación de mariscadores, ao mellor era que estabamos sen nada, dicías ti *isto hai que botalo!* e empezamos con forza. Non é fácil poñer os bancos marisqueiros a andar. Acórdome que no 2013 gañamos 2.000 euros que nin para a Seguridade Social, no 2014 4.000 e no 2015 creo que foron 6.000. Xa empezaches a ir, de feito o ano pasado o que traballou todo o tempo pois puido facer cerca duns 10.000 euros. Vaise indo caramba! Sabendo que vimos de loitar de nada, que é o que pasa? As expectativas... A min quen me dera que gañásemos como se gañaba antes 14, 15.000 ao ano, 16.000€. Estamos falando ao mellor no 2010, 11 e 12. Era un posto de traballo para calquera persoa. Uns anos eran 1.000 euros máis, outros 1.000 euros menos, pero ben.

Estes anos como patroa maior

Eu digo sempre que tiven un apoio moi grande do sector marisqueiro, moi grande, sempre tiñas. Había cousas e ao mellor tomabas decisións que non gustaban, era por maioría e vamos. Sempre había algún detalle pero nada fóra do normal, da convivencia normal, pero nunca chegando... Non me gusta como estou vendo as cousas.

Cando entras na polémica de insultos e diso non é fácil. Eu tiven sorte cos outros patróns maiores que nunca se meteron nos asuntos da agrupación de marisqueo, e por onde

eu estou agora de patroa maior sigo pola mesma liña. Se me piden un consello douno pero a decisión é deles, para o bo ou para o malo, aínda que o rebote me toque a min.

Que despois os bofetóns son para mi, certo! Pois lévoos, pero non me parece. E eu tíveno moito máis fácil do que o tivo a nova presidenta, porque se na xunta directiva uns van por un lado e outros por outro, aí malo! Eu tiven unha sorte, na agrupación cada un tiñamos a nosa maneira de pensar, de ver o marisqueo da súa maneira, pero sentabamos... Pero ao fin e ao cabo chegamos a un acordo, eramos todo unha piña, non andabas despois por detrás. Entón, iso non o vexo agora.

Temos o colectivo pero o colectivo é como unha familia, tes que loitar para que estea unida. E máis aínda, dentro da directiva se hai algo que non che gustou o dis, pero ao saír de aquí imos loitar todos para que isto vaia adiante...

Ao cerco o problema que lle vexo é que antigamente había anos que non había sardiña, non era ano de sardiña pero ao mellor era ano de xurelo. Que pasa este agora? Ti tes este tope disto, estoutro tope daquel; que disto non o hai ou que disto hai moito pero como tes aquel tope, xa o pasaches. E aínda que ti vexas que está cheo o mar non podes collelo. O que pasa co bonito, pechouse o bonito. Por que se pechou tan pronto o bonito? Non era porque o mar tivese pouco, de feito foi un ano que houbo moito bonito, pero polo de pronto teñen que vir para a casa, e os pescadores non comprenden como habendo tanto non poden collelo. O que pasa coa xarda. Ti cres que é normal que van á xarda, e a xarda está tan alta coma o fondo e aos 8 días teñen que vir para a casa porque se acabou a cota da xarda? E dis ti, pero se estaba tan alta coma o fondo! No cerco se hai moito din

está tan alta coma o fondo, porque chega desde o fondo do mar ata o barco, é todo peixe. Entón se vedes que este ano non teño sardiña, porque non me compensades coa xarda que hai moita, ou ao contrario? Ese é o problema que ten o cerco. Os prezos van ben, eles mesmos van regulándose un pouco cos topes pero falta esa flexibilidade. Pero que pasa? Non se legisla aquí. Son normas europeas, ese é o problema. De que serve que eu lle berre na porta a Consellería ou a Madrid, se é Bruxelas quen legisla!

Cando escoitei o actual comisario de pesca, Karmenu Vella, que o vin en Bruxelas aos tres meses de entrar, vouche dicir a verdade, deume boa impresión ao principio porque deu un discurso, cando estabamos en plena crise, falando ben das artes menores, recoñecendo o emprego que crean as pesqueiras artesanais. En cambio, na pesca industrial non ten tanta cantidade de persoal. E ti miras o esforzo que fan os bancos pesqueiros, a pesca artesanal e a industrial e é un 10% de toda a pesca, dá moito máis emprego e están mantendo os postos de traballo nas vilas costeiras. Pensaba eu *xa che me está gustando...*, porque pensas, cando o recoñeces supoño que farás políticas para apoiar esa realidade. É unha pena.

Dentro das as artes menores aquí o polbo é moi importante. O que pasa é que sempre recalca máis tarde, vén máis tarde que nas Rías Baixas. Aquí normalmente ata outubro os barcos que se dedican ao polbo é raro que empecen. As embarcacións pequeniñas de artes menores van aquí á nasa da nécora, camarón ou polbo, pero normalmente o forte é o polbo. En Camariñas temos varios conxeladores e temos compradores do polbo. A confraría só ten conxelador para a carnada.

A captura do polbo está bastante controlada, levan o tope que lle pertence. Hai 2 anos e o ano pasado tivemos xente traballando na Coruña e non tiven ningunha queixa de ningún armador nin ningunha queixa do patrón maior da Coruña. Como tamén o tope de captura do polbo é o que é, é tontería levar moita nasa. E hoxe en día a inspección cáeche en calquera sitio e na lonxa vas vender o teu tope non vas vender máis. Antes había máis excesos, pero agora penso que a cousa cambiou moito. De feito antes o talle mínimo era 750 gramos e agora é o quilo. É raro que che chegue a lonxa un polbo de 950 gramos, porque te paran e levas unha multa.

Traballar, hai que traballar

Sempre digo que **eu son así porque meu pai me ensinou a ser así**. Porque din, es coma un home, non? Eu sempre fun así, a min ensináronme a ser así, non por ser muller tes que ser menos nin por ser home. De feito, meu pai ía tomar algo ao bar e eu ía con el. Era el así, entón tiven un respaldo fóra do normal. Eu pasábao moi mal cando papá botaba a semana no inverno, aí si que sufrías o máximo, era unha enfermidade dura pero despois recuperábase e todo volvía ir para adiante. Nas nosas casas non había calefacción, tiñamos cociña económica e punto. Traballar si, porque traballar tamén se traballou, traballar hai que traballar, pero ben! moi ben, moi a gusto. Meu pai unha vez que me levantou a voz chorei, que me rifou porque non acostumaba meu pai a rifarme. Meu pai hai 22 anos que faleceu e despois foi cando me bottei coa agrupación de mariscadores, penso que foi unha sorte para min, porque foi unha ocupación, foi algo que

me axudou a superar, absorbeume de comerme moito o tarro, pois si.

Eu pola agrupación chorei moitas veces, non vaias pensar que foi fácil. Porque ás veces poñías unhas metas ou querías conseguir algo. Eu sempre fun moi... na miña casa goberno eu, teño carácter, recoñezo que teño carácter. Pero isto de mira, ao mellor se puidese conseguir isto ou aquilo para a agrupación e chamabas, aquí que non, alí que non, sentíaste impotente e aí o vivías con paixón, aínda hoxe o vivo así. Recoñezo que a administración me acompañou. Sempre digo que isto de conseguirmos levar adiante a agrupación foi unha implicación de tres bandas, do sector, da confraría e da administración. Eu nunca digo miña, nin dun patrón maior, nin nada. Eu digo o sector que quixo, a confraría que nos deu, senón nos podía dar cartos porque non os tiña, pero si o visto e praxe. O patrón maior nunca nos puxo pegas, que xa é! E a administración que nos apoiou. Foi un momento que coincidiu todo iso e axudounos a ir para arriba.

Nós tivemos o biólogo de zona que se volcou. López Veiga polo marisqueo volcouse moito. No que era a nasa houbo un tira e afrouxa co conto da fin de semana, o pobre tamén as levou, pero co marisqueo volcouse moito. Unha das cousas das que como mariscadora me sinto máis satisfeita é que o mariscador e a mariscadora cotizase á seguridade social, e conseguir os coeficientes redutores aínda que sexan pequenos pero están aí. Eu a verdade que me sinto moi ben.

Mira o que percibo eu. A min cadroume que por unhas circunstancias tiven que tratar tamén un tema coa Consellería de Medio Ambiente e Territorio, pero claro, acos-

tumas chamar a Mar e, *mira que mañá teño que ir á Coruña e pódeme recibir o delegado de pesca? Vale achégate por aquí. Ou, mira xa cheguei á Coruña estás por aí?* Iso aínda o fago. Pero ao de Territorio, chamabas e mínimo 3 meses para que te recibise alguén. É outro mundo, coa Consellería de Mar colles o teléfono e pásote con este, pásote con aquel, e resolves. Eu digo sempre que con Mar temos moito vicio nese aspecto. Porque me tocou ver a diferenza entre Consellerías. Teño o teléfono da Conselleira, pero é raro que eu chame á Conselleira a non ser que sexa unha cousa moi importante. E tampouco chamo á Directora Xeral salvo por motivos moi xustificados, porque me parece que teñen que ser así as cousas, aínda que saibas que te atenden tes que saber o lugar que ocupan os demais.

Hai 12 anos tiñamos a confraría alí nun cuarto, e agora temos unhas boas instalacións, aulas para formación, temos un despacho para o patrón maior. Eu non son de despacho, son máis de estar co persoal, de darlle a lata á secretaria. Cando a pobre se cabrea comigo, dime *ti tes o teu despacho!* pero non o uso. Temos unha nave de redes, temos a fábrica de xeo, temos moitas cousas. Hai 12 anos non tiñamos nada, a confraría estaba alí nun cuarto debaixo do ISM (Instituto Social da Mariña). Nós como estamos aquí todos os días non o sabemos valorar... E temos a lonxa, que antes a lonxa era do concello. Temos unhas infraestruturas: despachos, sala de aulas, sala de reunións, e temos unha fábrica de xeo, o último investimento foi a nave de redes que antes para atar as redes estabamos á chuvia, e agora temos a nave de redes, o camiión que carrega as redes, o camiión que carrega o marisco para a lonxa... eses servizos facilítanos o traballo aos que temos que loitar o día a día.

Eu penso que si, que a xente reconece o que Bruxelas, a Unión Europea, fixo en infraestruturas. En cambio, no tema de pesca vai mal, a xestión non nos gusta. Chegado o momento debería de haber un apoio para que a xente nova se incorpore ao mundo do mar, como houbo no seu día para a nova construción de barcos. Agora hai apoio para a modernización dun barquiño, pero nunca podes saír de aí, se queres facer unha construción, tes que comprarlle o vello a aquel e non tes axudas para a nova construción. Entón queda iso un pouco obsoleto, por iso penso que aí teñen un erro, que para incorporar xente nova tiña que haber un apoio.

Aquí os barcos de cerco, de artes menores que van á xarda, teñen que ir ao norte, despois vén o bocareu e os grandes xa quedan alá. En cambio, chegado o mes de xullo vén a actividade da sardiña, actividade do xurelo e xa están aquí, e chegan ben todos aquí. Ben, eu nese aspecto contenta. Nos compradores, para o que é cerco temos bos compradores hai que reconecelo. E despois no que é o marisqueo como estamos moi afastados, non hai depuradoras como nas Rías Baixas, entón temos intermediarios que ao mellor compran para 3, 4, 5 ou 6 depuradoras que teñen aval aquí. O típico, por 100 quilos non che vai vir un de alá, entón o que compra cómprache todo. No verán non houbo problemas co prezo do marisco, porque é unha época que se vende. Onde empezan os problemas do prezo é cando abre Noia. O comprador é o mesmo, se non nos comprou agora caro é porque en Noia o de cuarta, que é o noso berberecho, vai barato, entón este comprador ten que competir con aquel que compra en Noia, e non ten maneira de competir.

Nós somos os que somos, Noia é inmenso, traballan aqueles meses. Nós somos unha ría pequena, entón cando nos volcamos? No verán, na Semana Santa. Antes tiñamos moita ameixa, antes desa vaga de mar. Vendiamos 70 e pico mil quilos de ameixa xapónica. Entón que facías? Nesta época imos ao berberecho, paramos o berberecho que está Noia aberto e imos á ameixa que aí si que conseguimos prezos. Agora ao ter pouco recurso é onde está o problema.

Por exemplo, co camarón hai quen vende aquí e hai quen saca un documento de transporte e lévao a Coruña, aquí trabállase moito coa Coruña. O percebe, por exemplo, non sendo algún restaurante todo se vende na Coruña, na Coruña ou en Malpica antigamente, pero normalmente na Coruña.

Xa contei que antes a nosa confraría estaba nun cuarto, non tiñamos a lonxa, non tiñamos nada, un cuarto e punto. Cando foi do Prestige e veu o presidente da Xunta, Manuel Fraga, nós estabamos nun cuarto pequeniño. Eu daquela era presidenta da agrupación e vicepatroa. Acórdome que di o presidente da Xunta *e Lola onde está? Que veña para aquí Lola!* e eu estaba nun currunchiño, non había sitio nin para poñerse porque era moi pequeno. A verdade que é un cambio radical ter tan pouquiño e ter agora estas infraestruturas. Iso témosllo que agradecer a estar na Unión Europea, porque se fixo con fondos europeos. Eu penso que o sector valora moito as infraestruturas e o cambio tan grande que deu. En cambio, non valora positivamente o tema de cotas e outros asuntos. Hai eses dous sentimentos, o sector vese prexudicado a nivel cotas. España entrou máis tarde, entrou como entrou, en desigualdade de condicións, e o sector non entende que a Unión Europea faga o que fai. En

cambio a nivel infraestruturas hai que agradecer todo isto, e si o saben e agradéceno.

Daquela tiñamos un biólogo, era o primeiro biólogo que tiñamos, estivera aquí un ano ou dous. E tiñamos secretaria. Non tiñamos lonxeiros porque claro..., tiñamos dous vixiantes creo. Despois, ao coller a lonxa, foi un cambio destes... Zum! Miña nai! Á parte da infraestrutura que é moita, houbo que contratar 3 lonxeiros, estás empezando e non tes fondos. A confraría cobraba unha cota de socios, era unha responsabilidade moi forte, pero ben, toco madeira.

A importancia do interese colectivo

A tranquilidade tela nas embarcacións de cerco. A ver, que che preocupa das embarcacións de cerco? O que falabamos, a pouca cota que teñen, entón iso é algo que lle afecta ás embarcacións como empresarios, e se lles afecta a eles aféctache a ti como representante deles.

Que atopei tamén daquela? O problema do polbo, que había moi pouco. Os barcos de arrastre viñan moito, restrelaban moito contra a zona do polbo porque aquí temos dúas clases de flota do polbo. Temos as pequenas embarcacións que traballan pola ría, pero temos os barcos que van un pouco máis cara a fóra. Había ese choque entre os barcos de arrastre e as embarcacións pequenas, que nunha mesma liña de mar estean traballando unhas artes fixas e unhas artes de arrastre dá problemas. E como había moi pouco polbo, pois o pasaron durante unha temporada, moi mal.

Tamén cadrou que no marisqueo tivemos unha mortaldade grandísima nos anos 2013 e 2014, grandísima que nos

deixou sen nada. Todo iso consúmeme, intentas non demostrárllelo aos demais. Dis para ti *imos para adiante!* pero persoalmente queima moito.

Non es quen de facerlles entender aos demais que ti loitas todo canto podes e que é superior a ti. O complicado á hora de xestionar unha confraría é que no sector cada un mire polo seu interese persoal, iso é o complicado! Se ti cando alguén que está á fronte de algo toma unha decisión e ti pensas *ben, esta decisión que tomaron a min fastídiame, pero a cantos fastidia? Fastidia a un 10%? Ben, estase tomando en interese colectivo.* Pero non o entenden. O problema é que ese 10% che fai unha revolución no que é o sector e nos compañeiros que é triste, e as culpas son miñas claro está! Ti tes que ter a conciencia tranquila. Cando tomas esa decisión é pola maioría e polo ben de todos, aínda que prexudique a unha minoría, entre eles a min. Eu tomei moitas decisións no que é o marisqueo que me prexudicaban persoalmente. Os meus da casa dicían *ti nos estás fastidiando! Que fas aí? Vas contra os teus intereses!* E ten que ser así por un ben maior, pero é complicado.

O cabido ten que defender o interese colectivo. O que non poder facer unha patroa maior é favorecer a 4 en contra do interese xeral. Porque se catro che fan ruído, facerlles as grazas? Non! non! E ocorre moito, porque aos que máis berran ás veces se lles fan as grazas. Pois non!

Eu aconséllalles aos novos que entren na Xunta Xeral que non se guíen polos contos. Meu pai dicía *do que che digan non creas nada, e do que vexas a metade porque se pode malinterpretar. Entón pódenche dicir isto, isto..., e o que tes que facer é calar e averiguar, e despois, que saibas certo, ir directo ao que tes que facer.* Eu fago así, son así. Agora unha

cousa, iso non vende!. Eu son dunha maneira de ser, non estou de representante do sector para vendelo.

Cando vou fóra de Camariñas, os meus socios son os mellores, falo dos meus como os mellores. E aquí en Camariñas, a ese mesmo que lle estou dicindo fora que é marabilloso dígolle *ti amigo así non é, así non se fai!* Pero dígollo directamente, non o digo pola vila, dígollo a el. Que non lle gusta? Claro, estasllo dicindo, non lle vai gustar. Pero é mellor que llo diga a el directamente que haxa corrillo. Levamos moitos anos aquí, entón coñecemos mutuamente os defectos e as virtudes que temos uns e outros.

Eu como patroa non tiven conflitos cos socios pero a agrupación de mariscadores estes 4 anos tivo que tomar decisións e hai xente que non entendía ou non quixo entender. Teño xente que estaba no plan de amargarlle a vida á directiva da agrupación de marisqueo. E a min dicíanme *ti e ela sodes o mesmo*. Eu acórdome o día que fun nomeada patroa maior e unha persoa que estaba na Xunta dime *Lola agora non fagas como fan a maior parte dos patróns que saen do marisqueo e pasan para a confraría e amargan a presidenta dos mariscadores*, que hai zonas que o fan, seino.

Cando era presidenta da agrupación, tentei levalo o máis de acordo posible co patrón, buscando o consenso con el, pero nunca se metía no tema noso. Era eu quen daba as normas pero tamén era quen levaba as ostias, como di o outro. Ben, entón eu penso facer o mesmo, e foi o que fixen. Se a presidenta ou quen fose me pedía un consello eu daba un consello, pero quen pincha e corta é a presidenta e a agrupación. O que me coñece sabe que eu teño ido a reunións, por exemplo estou na Federación Provincial da Coruña, e temos, cousas que si, que non, que andando,

pero isto non sae de aquí! Discutimos, ou consensuamos tal e cual, pero non por iso ti non es bo, ou aquel non é bo. Amargarlle a vida a un compañeiro non é unha mecánica de traballo. Eu teño os meus socios, teñen este problema e eu trato de resolver ese problema.

Eu digo sempre *en Camariñas non se nomeaba o marisqueo*. Fíxemos a agrupación de mariscadores, a presidenta era eu naquel momento, coa directiva e co sector. Estabamos sen nada e loitamos, queriamos loitar para ter algo. Daquela, ás mulleres tíñaas nun puño, entón tirabamos moito para adiante. Cadráronnos moi bos biólogos que nos apoiaron moito, o que tiñamos na confraría e tamén os de zona. Mirabas interese e transparencia porque cando eu chamaba á Coruña cun problema de Camariñas e se estaba Catoira estaba, se estaba Gonzalo estaba, senón estaba Begoña ou estivese quen estivese. Eu chamando *mira son Lola de Camariñas teño isto...* Ah, vale!, a ver Lola que foi? tal! A min solucionábame calquera deles aínda que non fosen biólogos meus, aínda que non fosen biólogos de zona! Había unha disposición, un entendemento e un apoio por parte da Consellería de Pesca, e da delegación da Coruña. Sempre tiven apoio. Entón, eu tiña un problema porque che xorden problemas día a día, *Deus! eu como fago, como resolvo?* e chamar... non estar o teu biólogo de zona, pero tiña aqueles 2 ou 3 que mo resolvían, todo era transparente. **Entón eu digo sempre, esa implicación e coordinación foi o que fixo que isto fose arriba.**

Vas mariscar e gañas 50, 60, 70, 80, 90 ou cento e algo ao día, son cartos, e se un día non son 100, que son 40, son cartos! Entón dis ti *oes respectemos o medio, deixemos o pequeno, collemos o grande, un día irá a máis prezo, outro día*

a menos, sabemos que no Nadal vai levar un prezo formidable pero non sempre é Nadal. Sabemos que no verán, no mes de agosto, vai levar un prezo formidable pero non é sempre o mes de agosto. Entón gardade isto para cando son esas datas, máis quilos, e o resto como se viña facendo, e o resto naquelas zonas ou tal, e vas tirando. Iso é un mariscador. Para algúns estar máis de 2 horas na praia é moito traballo... Porque imos ver, foron mariscar, fixeron todos o tope ou fixo un 90% o tope. Onte foron a 12 quilos de berberecho, podían coller ata 15, rebaixouse ata 12. Onte foi barato, foi a 3,40€. Eu se fago 40 euros, collo todo e non me queda nada, non me gusta. Pero se fago 40 euros e vexo que teño cheo de cría, deixo o grande pero teño solucionado o do ano que vén porque teño todo cheo de cría e o grande sácoo para vender. Que non me vai tan caro? Pero despois cando peche Noia teño toda esta cría mediana e xa está para coller.

Eu dicíalle a Landín cando estaba de conselleiro *non quero cartos para comprar ameixa, quero que me deas a ameixa, a cría da ameixa directamente, porque os cartos igual se pegan ás mans e as ameixas non*. Tamén conseguiu 1 millón de pezas daquela no 97-98, un millón de pezas de ameixa xapónica. E onde sementamos? Era en outubro, entón fun aos papeis que tiña meu pai, mira por onde! e tiña que a mellor zona de sementar era nun cruce de ríos. Porque cando había moita riada esa zona quedaba libre. Pois aí foi onde se sementou. E cousas coma esas me foron ensinando, á parte de que o viviches porque eu fun mariscadora toda a vida! Miña nai era mariscadora toda a vida, entón iso xa che vai ensinando un pouquiño. Coa bióloga fomos consensuando mutuamente. E despois xa che digo, eu cos biólogos calquera problema tanto co noso como cos de

zona, calquera dubida..., a min ensináronme moito, en temas biolóxicos ensináronme moito. E ao mellor en temas de día a día tamén. Pero isto había que levalo tipo empresa, isto así que se gaña máis, nestas datas mellor... Planificalo.

Nós somos respectuosos co medio. Temos aquí os de Medio ambiente e Costas, que veñen de vez en cando. Temos un vixiante que é moi ecoloxista. Ao principio eramos un desastre. Nós mesmas comíamos un bocadillo e tirabamos co papel alí, ou unha botella de auga, entón el xa ía coa bolsa, xa o collía para a bolsa. Entón, ti ves iso e xa se che botan as cores, eh? Agora a ninguén se lle ocorre tirar un papel, está claro. Pero despois tampouco hai a protección que ten que haber. Cando foi do Prestige, nós mesmos fixemos a limpeza e fixemos todo.

Teño dúbidas sobre o futuro das confrarías

Teño dúbidas sobre o futuro das confrarías. Eu sempre pensei que a nosa confraría tiña superado certos problemas que había noutros lados, e pensaba que outras confrarías ían para atrás! **Estes anos vin ir a miña confraría, a miña agrupación, ir para atrás. Non por circunstancias externas, senón por intereses persoais dalgúns, vexo que nalgúns aspectos imos para atrás e iso é triste.** Se estás á fronte dunha confraría tes que pensar como confraría, como entidade, a decisión que tes que tomar non pode prexudicar a túa entidade, a confraría ten que ir para arriba, e os socios tamén. Entón non podes pensar só individualmente e unha boa parte do sector pensa individualmente, iso é o triste.

Todo é mellorable, pero eu estiven cando se falaba de se tiñamos que ser asociacións, OOPP, ou tiñamos que ser tal. Socialmente, para o sector e para a vila isto tiña que se coidar e tiña que se valorar, como algo para sacarlle o sombreiro. Non saben valorar o que se ten ata que se perde. Entón eu digo sempre, **hai que facer as cousiñas con sentido**. Moitas veces paga a pena perder algo e que isto vaia para arriba, porque beneficia a todos. Eu penso que é a representación social máis grande que temos nas vilas galegas, no sector do mar, que nalgunhas abrangue a case a metade da poboación do concello, entre postos de traballo directos e indirectos. As confrarías son a mellor defensa que ten o sector.

Antes xuridicamente había apoio ás decisións de loita contra o furtivismo. *Hoxendía é que te desmoraliza! A min desmoralízame! Teñen avogados, teñen asociación de furtivos!, entón apaga e vámonos!* Se cadra tes que indemnizar con cantidades que non ten nin a Confraría nin ti persoalmente, estás xogándoa! E ti estás aquí poñendo o teu tempo, altruistamente poñendo o teu tempo, collendo os teus riscos porque é moita responsabilidade de Deus! Pasando malos ratos para que despois che veña unha sentenza xudicial e que aínda teñas que quedar sen o que tes.

Entón... que outras medidas? Explícamo, é que eu estou esperando saber como acaba o caso da Pobra coa secretaria, que quedou sen un ollo. E que mira que son positiva! Son tan positiva que cando che digo que vexo a botella medio baleira é que xa non ten unha gota, ti mira se non son positiva! Eu sempre tiro para adiante, pero cando digo a botella está polo medio, eh?

Estamos aquí para levar isto arriba e temos que ser como unha unión. É como cando tes que tomar decisións de es-

tado! Isto hai que levalo arriba, ten que ser ante todo esta entidade para arriba. Sentémonos e a ver como facemos, melloramos por aquí, melloramos por alá. E non xa ruptura, ruptura ou ti como non me caes ben ou non me votaches, ou non me tal... A ver, eses plans non son de recibo. Eu son unha persoa que ao mellor me equivoco, pero penso que non. Pódesme estar machacando hoxe e tes un problema mañá e axudo, e demostreillelo a moitos. Se tes dereito eu deféndote a morte. E ti estás calumniándome por toda a vila, e tes un problema que non despachaches a embarcación que se che esqueceu e eu veño aquí de noite e despáchocha. Ou sexa, eu vou coa miña conciencia, porque senón eu estaría á altura dalgúns deles, sería como esa persoa, e eu non! E tes xente marabillosa, que quero dicir, que nin che dá nada, nin che debe nada, nin che aquela nada, xente que ti estás facendo un traballo, e di *mira que hora é, e está facendo esta cousa*. Ao mellor chámante á 1 da mañá e estás padexando xeo para que os barcos leven o xeo para o mar entendes? E percibes un *Lola!*... para min ese compañeirismo chega, é máis que suficiente.

Tes xente que si e tes xente que non, que todo é non, non, isto, aquilo ou non vou, ou abandono no medio da xunta xeral e marchó. Pecharse en banda, non te peches en banda que temos que chegar a algo. Iso é o que penso eu, que hai veces que tomas decisións que gustan máis e outras que gustan menos. A min nunca se me ocorrería intentar romper unha reunión, non se me ocorrería!

Eu antes, non sei por que, vía que había máis equipo. Era diferente, ti podías facer listas pechadas. Ti podías ir co teu equipo a unhas votacións, eu non fun con equipo a unhas

votacións, eu fun co que me saíu de 300 socios. Teño na Xunta Xeral o que elixiron os 300 socios democraticamente.

Nestes últimos 4 anos sentín tristura. Anteriormente sentínme moi feliz, moi ilusionada, con tantos problemas que chorei moitas veces. Sentíame nas decisións que tomaba apoiada ou sequera comprendida. Dígoo sempre *no que foi a miña etapa de presidenta de marisqueo eu tiven moita sorte*, con ter comprensión váleme. Pero agora eu fixen todo o que puiden e non me sentín comprendida, só digo comprendida. Iso é o que eu teño, nada máis.

Aprendín moito neste proceso. Lembro hai moitos anos unha mariscadora, unha veciña miña que me dixo *eu non te votei Lola*, e eu contesteille *meu home tampouco me votou!* Que meu home non quería que estivese neste mundo, é moi lexítimo, que el non me votase, non quería que eu perdese o meu tempo así... Ía en contra do que era o normal, era restarlle á familia moito. Dime ela *non te enfades*. Como me vou enfadar, se non me votou meu home, e vivín con el sempre e todo marabilloso, é que iso é a democracia. Entón dime ela *porque eu pensaba, pero que vai facer esta rapaza? E mira para aí se fixeches*. A verdade é que iso che dá ánimos.

Hai momentos nos que me sinto moi ben, como por exemplo coas embarcacións. Estou con eles, falo con eles coma se fose un máis deles, e eles séntense cómodos comigo. Eu tamén nunca consentiría outra cousa, somos compañeiros: eu defendévos a vós.

Eu son do 1960. A ilusión máis grande é ir indo pouco a pouco o día a día. Pois mira! Eu non son de grandes ilusións, só quero poder chegar a fin de mes cos da miña casa, cos meus fillos. A miña ilusión sería que aos meus fillos lles gustase o mar, iso si que foi para min un pau. Se eles tivesen a mesma

ilusión e o mesmo gusto polo mar, ou desfrutar do mar como desfruto eu valíame,... ningún dos dous! Ben, alá cada un!


Eu son unha persoa que co meu home collemos e saímos a tomar algo. Iso xa o fixen de toda a vida co meu pai, cando era nova con 14 ou 15 anos. Meu pai estaba enfermo, *imos ata o mar*, eu ía con el e estabamos así. Quero dicir, esas cousas do día a día, para min as vacacións e poder a fin de semana agarrar e estar tranquila, relaxada, tomando algo co meu home e comendo unha tapiña e estar de cachondeo con el e con todos..., para min xa son vacacións. Desfruto así, eu desfruto do día a día así, non quero ir de vacacións 1 mes, 15 días ou tal ao estranxeiro. Sendo mariscadora, eu desfrútoo. Eu digo xusto tiven o oficio que a min me gustou, entón es feliz.

E despois, o meu home que ten a espiñiña, ten gana de comprar unha embarcación pequena deportiva para ir a pescar, e eu iso si eh? Tamén teño gana de que a compre e así tamén vou con el, ou poder coller e ir pescar, que agora non o fago, pescar aí no peirao as luras ou iso. Iso sí! colle-ría a cana de pescar e iría pescar co meu home.

El está xubilado. Gustaríame andar por aquí pola ría e estarmos os dous, porque estivemos sempre xuntos, o que pido é seguir así xuntos. O que pides é ir tirando, que na vida vas ter algún contrapé como tiven eu daquela vez... pero iso é o día a día, que temos que telo, temos que telo! Entón dis ti voume amargar por iso? Que Deus me dea serenidade, que a teño agora, é o que se pide.

Eu teño un defecto, preocúpome máis polos demais que por min, pero eu así síntome a gusto. Ás veces digo eu, Deus! Como non son capaz de cambiarlle a aquel a mentalidade? Agora que o penso, recoñezo que cambiarme a min de como son tamén sería complicado.





Santiago Cruz Martínez (1961)

Confraría de Noia

Un rapaz no peirao do Marqués

Eu nacín en Noia, na vila. Xa meus avós eran de Noia, vivían no malecón. Son un dos máis novos de nove irmáns, seis homes e tres mulleres. Viñamos da tradición mariñeira e antes tíñase moita familia porque ser moitos era unha vantaxe, moitas mans a traballar, a extraer berberecho e sobre todo a escollelo, que era moi trabaloso.

Ao sermos tantos irmáns e ao non haber nin recursos nin preocupación polo estudo, só fun á escola para facer a E.X.B. Os que tiñan poucos fillos aínda podía ser que os fixesen continuar pero o do estudo antes era para uns poucos, igual para un de cincocentos. Daquela, todos faciamos falta para traballar.

Eu andei co meu pai ao marisqueo ao berberecho, á ostra, ao polbo, á nécora, ao caramuxo... lembro que con quince anos, na campaña, andabamos á ostra e á ameixa. A ostra vendíámoslla a Lago, un de San Cosme que era comprador

e exportaba. O caramuxo vendíámosllelo aos bares, era un caramuxo negro, chamábanlle tamén mincha. Antes púñase de tapa nos bares mais agora xa non se colle. Iamos collelo nunha embarcación, botabamos a áncora, eu dáballe para atrás cos remos, soltaba os cabos, e cando ías para atrás sobre 100 metros tiraba meu pai o rastro de ostra e entón eu alaba pola corda. Despois, viña pouco a pouco o rastro collendo a ostra e o caramuxo. Colliámolo na area, no cuncheiro, onde agora está o berberecho. Había moito caramuxo. Colliamos así 30 ou 40 quilos, segundo os pedidos, e despois ía cargado con dúas bolsas aos bares, ao Araña, ao San Martín, que agora xa non existe, ou ao Baixamar.

Nacín no ano 1961 e no 1976, aos quince anos, empecei no oficio. Entre os anos 1976 e 1983 aproximadamente, o cupo era a capacidade que tiña a embarcación, a medida da embarcación. Metías e metías berberechos en caixóns de cincuenta quilos. Unha embarcación pequena podía traer vinte caixóns e unha embarcación grande corenta. Había varios puntos de venda, chegaban os camións ao Freixo, á Boa e ao Peirao do Marqués. Neses puntos escollíase o berberecho e meu pai ía falar cos compradores para ensinárllelo. Ás veces xa llo collían pero outras daban outra volta para ver a mercadoría doutros mariñeiros. Podías pasar alí ata a noite para poder vendelo.

Nesa época todo o berberecho ía para as fábricas e a que máis compraba era Escuriz. Mariscábase durante tres meses, outubro, novembro e decembro. Era o 'boom'. Algún ata compraba un coche. Había moito berberecho, capas de berberecho. Agora hai campañas mellores e outras peores. A climatoloxía non axuda e tampouco o cambio climático.

Se houbera menos contaminación habería máis e mellor berberecho. Antes a calidade das augas era mellor porque non había deterxentes nin químicas. A asignatura pendente é sanear as rías, mellorar a calidade das augas. Os políticos son os que teñen que dar ese paso, porque ata agora ningún cumpriu. As confrarías estámonos queixando a todos. Cando este ano nos visitou o presidente Nuñez Feijoo, díxenlle que hai que mellorar a calidade das augas.

Esta última campaña batimos o récord en volume de berberecho desde que temos estatísticas e bateríanse máis récords coas rías saneadas. Temos unhas rías que non as ten ninguén e os políticos deberían concienciarse, pedir subvencións a Europa, controlar as industrias e facer boas depuradoras que non queden obsoletas aos seis meses de entrar en funcionamento.

Como dicía, antes non había contaminación, non había plásticos. Viviamos alí na ribeira, había xabón Lagarto e para de contar, non había outras químicas. Teño 57 anos e lembro esas cousas.

Na nosa familia só viviamos do mar, non tiñamos horta nin leiras. Polo que me dixeran meus pais xa avós e bisavós todos eran mariñeiros tamén. Vimos desa tradición, somos mariñeiros todos os irmáns e todos iamos á campaña do berberecho. Cando había unha campaña boa, miña nai andaba cun sorriso tremendo, porque garantía ingresos para os nove fillos. Con quince anos tiña ansia de traballar, de que chegase a temporada do berberecho, de ter ingresos e ter a miña nai contenta.

Tiñamos tres embarcacións: “O 5 hermanos”, “Sur Fresco”,... Todos os irmáns e mais meu pai iamos mariscar. Meu pai no motorío con dous irmáns, e, noutra embarcación,

os outros irmáns maiores, eu e mais o meu xemelgo. Cando iamos para terra, estaban miñas tres irmás agardando para escoller, acarrexar a terra o berberecho, quitarlle a cuncha, preparalo e mostrarllo ao comprador. Era un traballo moi duro. Había unha morea de berberecho, case chegaba ao teito, había que escollelo entre toda a familia. Daba a vida que eramos moitos. Ás veces estaba ata a noite e, como había moitos mariscadores vendendo, igual pasaban do teu ou baixábanche un pouco o prezo. Os caixóns estaban enriba do camiión, subían 2 irmáns, os máis vellos, e os outros acarrexaban. Ao botar os 50 quilos sempre botabas medio cesto de máis, uns 20 quilos por fóra. Cobrabas 50 quilos e levaban 70 quilos. Agora quéixanse os socios polos redondeos de 300 gramos á baixa, pero tamén se redondea á alta con 800 e 900 gramos, segundo a categoría. Quero dicir que antes deixabas 20 quilos en cada caixón. É unha anécdota pero é verdade.

Daquela andabamos á vara co raño. O raño era con rede, agora é con varilla e penso que é mellor porque deixa máis cría nos fondos. Coa rede viña todo para arriba.

Cando eramos novos eramos moi felices. Lémbroo marabillosamente, non tiñamos moitas cousas porque non había moitas cousas. Por exemplo, tomabas un bocadillo, que había cando había, e eras máis feliz ca os nenos de agora. Non digo que os nenos de agora non sexan felices, pero había menos recursos e valorabas máis o que tiñas. Dábanche un xoguete polos Reis, pistolas de estalos por exemplo, e xa quedabas contento. Agora teñen alí tirados 50 xoguetes e non son tan felices. A miña infancia foi moi boa, moi feliz.

Cando ías a un comercio fiábante. Non pagabas, apuntábancho nunha libreta e cando viña a campaña pagabas todo. Iso facía a maioría da xente de aquí de Noia. Falamos dos anos 1976, 77, 78, deses anos.

Se che mandaban unha cousa ías á primeira, había autoridade. Meus pais dicían algo e pum! Non se cuestionaba. Agora dislle ao fillo *ven aquí* e di *xa vou, xa vou*. E aínda che solta *Papá pódelo facer ti?* Se te pasabas, ou cando facías unha travesura, caíache un sopapo, ou máis dun sopapo, e non pasaba nada.

Con 10 ou 12 anos, iamos ás hortas, á froita, coa pandilla. Xa con 8 había algún que viña con nós. Agora non, teñen que facer deporte senón quedan sen se mover coas tabletas e coa informática. Teñen que facer deporte e antes andabas todo o día a correr.

Daquela o respecto era o principal valor, ser persoa. Se dabas unha palabra tíñala que manter. Agora ten que ser por escrito e, aínda así, ás veces non se cumpre. Ser educado é fundamental, respectar para que te respecten. A min sempre me dicía meu pai *ti respecta toda a xente sexa como sexa, gorda ou negra. Ti respecta para que te respecten, dá exemplo na vida*. O do traballo tamén, había que traballar, senón non había para comer. Agardabas a campaña do berberecho para comprar cousas, para comer, para os xoguetes, para os reis, para todo.

Mariñeiro, remeiro e adestrador deportivo

Cando meus pais compraron o “Mosquito” estiveron aforrando varios anos. Lembro que tiña eu 17 ou 18 anos e meu pai falaba na mesa dunha embarcación. Estivo varios

anos aforrando. Daquela, se tiñas mil pesetas había que estiralas. E despois cando compraron o motoríño de 5 cabalos... tiñas un motoríño, que había moi poucos, a familia toda estaba contenta. Un medio máis para coller berberechos e mais recursos para ir ao polbo, ás nécoras... valorabas moito máis as cousas que agora. Iamos por Esteiro, por Muros, pola ría. Eu andei moito con meu pai, meu irmán xemelgo andou ao polbo alá por fóra de Muros. Eu tamén fun, pero andei con meu pai ata que se xubilou, despois ía eu só ou con outros irmáns.

A min gústame o meu oficio, gústame ser mariñeiro. A fotografía é unha afección que me gusta, pero estou moi contento coa miña profesión. Son dos patróns maiores que van ao mar todo o ano. E vou ao mar porque me gusta mariscar. Tamén fun ao polbo pero era máis traballoso, porque tes que ir ás catro ou cinco da mañá e volves ás 6 da tarde, ademais gústame máis o oficio de mariscador que o de artes menores.

O marisqueo é un medio de vida, economicamente deféndome ben. Un dos lados positivos é que é un traballo ao aire libre, sen contaminación ambiental. Actualmente co marisqueo tes moito tempo libre, vas pola mañá e traballas duro pero a tarde xa a tes toda libre, sábado libre e domingo libre.

Este oficio permitíume facer deporte. Practiquei o remo, traíñas de competición, e fun adestrador deportivo. 30 anos facendo deporte grazas a que o oficio me deixaba tempo para practicalo. Ia ás competicións cos rapaces o sábado e o domingo, e ademais de adestrador tamén fun presidente do club. O remo gustábame moito, veume da tradición de ser mariñeiro. Cando tiña trece anos xa iamos

nas canoas e competiamos contra os de vinte. Faciamos as regatas no peirao do Marqués. Cando era preamar, marea viva, poñíanse catro boias, e en cada canoa ía o patrón con catro remando. Nós xa competiamos aos trece anos porque de rapaces andabamos a xogar pola ribeira coas embarcacións. Con 15 ou 16 anos, xa eramos os mellores e gañábase a todos.

Co tempo viñeron embarcacións máis técnicas, bateis e traíñas, e quitei o título de monitor deportivo de remo. Chegou o momento en que me dixeron, Santi preséntate para presidente que ninguén quere facerse cargo no club. E así estiven 25 ou 30 anos no remo, grazas a que tiña tempo libre porque o certo é que o mariscador ten moito. É duro, ninguén dirá que non é duro, pero este traballo é un deporte. Se o colles dese xeito é un deporte, e gústache.

Os abusos de Arestíño

Eu son Patrón Maior da confraría de Noia desde o ano 2001. O Patrón Maior anterior, un tal Arestíño, fixo unha mala xestión. Tan mala que acabou nos xulgados. Era un desmadre, o paisano roubaba por todos os sitios. Caéronlle cinco anos de prisión e aínda ten pendentes outras causas. Houbo un desfalco, está xulgado e demostrado.

Iso debeu ser polos anos 1998 e 1999, porque aínda custou traballo quitalo. Estaba eu metido no club de remo, un pouco desconectado da confraría. A xente protestaba, houbo unha asemblea e pechámonos na confraría. Pasou un tempo, houbo eleccións e aquí ata votaban persoas mortas, en fin, votaba calquera. Non había control e nesa época a Consellería tampouco estaba polo labor de poñer orde.

Agora somos 24 na directiva, antes eramos 12. Seis armadores e seis traballadores. Fomos ás urnas e gañamos en armadores, el cría que non teríamos tanto apoio, porque xa dixen que votaba mesmo xente que non tiña que votar, pero a xente coñecíanos e confiaba en nós.

El cría que nos ía gañar, botou votos de máis pero non lle chegaron, quedamos igualados 6 e 6. Un día, Arestiño chamoume por telefono e díxome: *Santi, mira temos que falar, vén ti e fulanito de tal* (un do meu grupo que non quero citar agora, que lle puxeron de apodo o Judas), *e está o Fenosas e mais eu e falamos os 4, polo tema da confraría a ver se chegamos a acordos*. Eu daquela xa tiña todo máis que estudado e díxenlle: *pero somos 6 e 6, falamos os 12 que fomos elixidos*. E el contestou: *non home, pero mira, primeiro imos falar os 4, se nos entendemos falamos os 12*. Eu pensei veña por falar que non sexa e díxenlle: *de aquí para adiante non desaparecen os cartos. O de atrás se estás coa xustiza non me interesa, de aquí para adiante que non desaparezan os cartos*.

Entón ofreceunos diñeiro. El cría que nos podía comprar, porque os subornos sempre lle funcionaron. Teño defectos como todo o mundo, pero eu non vendo os amigos e díxenlle: *Non, engánaste*. Levanteime e o que viña comigo, que despois lle puxeron o Judas, non se levantou, quedou alí sentado. *Vamos!* díxenlle eu. *Non, eu vou escoitar máis* dixo el. *Como?* E marchei. O tal Judas anda agora pola vila coa cabeza gacha, case ninguén fala con el, e xa pasaron anos.

Así conseguíu a maioría, pero que pasa? Alí pasaban moitas cousas, repartían e non estaban contentos todos. Pasou un tempo e dous do seu grupo querían cambiar e apoiarnos

a nós, e díxome un deles, *mira Santi, nós estamos con vós, imos votar ao voso favor nas votacións. E iso? Porque non nos gusta o que fai e tal.* E alí había malas caras, sabías como era o ambiente entre eles, non había 'feeling'. Nas votacións votaron con nós e os estatutos recollen que se tes maioría podes cesar o secretario.

O secretario falsificaba as actas, falabas unha cousa e poñía outra, non poñía quen votaba en contra e quen votaba a favor. Como Arestiño sabía que iamos cesar a un e a outro xa non facían reunións. Tiñamos bastante número para solicitar unha reunión, tiñamos a metade, e despois aínda tivemos máis da metade, e non convocaba a reunión. Foi cando estivo López Veiga e mandamos escritos informando desta irregularidade á Consellería. O Arestiño era raposeiro, non era tonto, e que fixo, dimitiron todos eles crendo que ía haber outras eleccións. Aí tiveron un erro, porque nós tiñamos os reservas, os que podían subir ao dimitir eles, ademais tiñamos xa maioría. Ao final tivemos que chamar o cerralleiro para abrir as pechaduras. Cando chegamos todos os papeis desapareceran, todo o que poidades imaxinar, todo. Deixaron mais de 1.500 millóns de pesetas de débeda aproximadamente. Agora a confraría vai ben, ten beneficios e pagouse toda a débeda, á facenda e aos provedores. Ao principio, iamos a unha empresa a comprar e dicíannos: *non vos vendo que debedes tanto.* E fomos pagando, e agora calquera empresa lle fía á confraría o que sexa.

Había matóns, abusos nas lonxas. Teño visto varios abusos. A unha muller xa de avanzada idade que tería 6 quilos de berberecho de segunda déronlle só 2. A mulleriña viña a tremer. Eu ía detrás e quedoume gravado porque para esas

cousas son coma os vellos, non puiden conterme, chamelle a atención e díxenlle *como era quen de roubarlle a esa muller 4 quilos, vós sodes uns ditadores, iso non se fai*. Houbera unha vez unha pelexa nas lonxas tamén duns opositores mais eles tiñan xa matóns. Foi unha ditadura.

Moitas veces sentías impotencia porque a administración ata que chegou López Vega estivo un pouquiño parada. Xa mesmo nas lonxas roubaba, víalo claramente, e cada vez a xente estaba máis anoxada. A débeda pagouse co actual cabido, e conseguimos incrementar o patrimonio da confraría. Compráronse terreos, fixéronse casetas para as mulleres e os homes de a pé, motores novos, carros novos, barcos novos, lanchas novas e un montón de cousas que antes non había. Agora vas a Testal e temos 2 operarios para subir as embarcación dos socios, pistola para lavar e moitos outros servizos que antes non había. Os que van mariscar teñen carro na rampla, ás mariscadoras de a pé traspórtaselles o produto nas lanchas, o marisco cárgase no tractor e fan falta 10 ou 12 operarios. Antes non había servizos pero desaparecían os cartos e outros detalles moi significativos, como o que pasou cun barco, o “Maía” que non lle cambiaron o aceite en 5 anos. O que estaba pasando era demasiado.

As lideiras da confraría

Antes a xente tiña unha tradición mariñeira, agora a principal motivación é económica. Hai xente que incluso estuda e non ten onde caer e vén ao mar, pero non o vive. Se vas desde pequeniño vives o mar e gústache a profesión. Hai algún ao que lle gusta o oficio pero a maioría van polo eco-

nómico. Para 50 prazas hai 400 apuntados, e veñen doutras rías, iso é porque se funciona ben.

Os socios queren que a confraría lles faga todo. Os do cabido temos que preocuparnos de todo, porque eles non se preocupan. Eles queren ir á campaña e ter moito marisco e que lles vaia ben. E se non hai moito marisco escoitas, *ai! non hai moito, non sei como fixeches...*

A mocidade implícase moi pouco, moi pouco. A implicación ten que ser da directiva, á parte hai veces que hai que pedir a colaboración dos socios e vén quen vén. Hai aproximadamente 3 anos, estivemos en San Cosme quitando moita alga por terra e en tractores, chamamos aos de a pé pero viu se cadra un 30%, moitas veces viñan as mesmas persoas, eles mesmos o din, pois nós chamamos a todos. Non sei se aprenderían cunha sanción, pero iso a min nunca me gustou. Sexa polo que sexa non están concienciadas e as que máis veñen son as máis vellas. Somos 1320 socios na confraría e a maioría cre que o traballo ten que facelo a directiva.

Nas urnas apóíanos un 70% ou un 80%, pero hai moi poucos que che digan, *Santi fixeches un bo traballo*. Houbo campañas moi boas, non necesitas nada, pero agradeces que che veña un e che diga, *Santi mira que boa campaña houbo, traballastes ben*. Levo 17 anos e cóntanse cos dedos as veces que aconteceu. Unhas boas palabras levántanche a moral un pouco, eu xa estou concienciado pero gústame que digan *bo traballo*. Eles andan ao deles e a directiva que esta ten que pensar moito e traballar moito.

Eu penso que foi o destino porque de entrada eu non quería ser o candidato, ía de segundo ou terceiro na lista. Resultou que o que ía de primeiro, como xa contei, era o Judas, o que

se ‘vendeu’ a Arestião. Despois viñeron outras eleccións e dixéronme *Santi, es ti o candidato?* E contestei *agora si*. Desde entón fun sempre o candidato pero ao principio eu non quería ser patrón maior.

Agora estamos para xubilarnos 6 ou 7 e incorporamos xente nova, para nun futuro quedaren á fronte da confraría porque eu non quero que ao me xubilar veñan os ‘caquillos’ e se fagan coa confraría. O labor todo que fixemos que o sigan outras persoas. Hai algunha xente que quere vir, outra non porque non quere oír... pero para estar na directiva, e sobre todo de patrón, tes que saber escoitar as críticas. O peor son as ‘malas herbas’ como as chamo eu. Por iso o patrón ten que ser un pouco paciente, hai complicacións, non as buscas pero hainas...

Facemos unha boa xestión, coñecémonos, sabemos tourear, e temos o apoio da xente que uns meses antes xa pregunta ou din *tes que ir presentarte* e aí ves o apoio. Somos un exemplo de boa xestión, pero isto é algo que din máis as outras confrarías ca os socios.

A familia apoioume sempre. Aínda que che digan que non vaias apóiante sempre... Mesmo miña nai, que en paz descansa, sabendo o que pasara na confraría, díxome: *Santiago se vas paro o cabido se un exemplo para todos*. E iso marca moito. Marca porque a ver... a confraría é moi tentadora, hai cartos, manexas recursos e é moi apetecible. Na directiva botamos a algún porque quería meter a ameixa pequena, porque buscaba a súa conveniencia... *fóra, fóra da directiva, á próxima non vés*. Moitas veces hai que peneirar e botar a quen non dá exemplo. Somos a cabeza visíbel e a directiva ten que dar exemplo.

Unha das miñas aspiracións é mellorar a calidade das augas e, unha vez conseguido iso, que a ría sexa patrimonio da humanidade, que estea protexida. Eses son os meus dous soños máis importantes.

Eu quéixome dentro das reunións da consellería e da alcaldía, pero non na prensa. E moito lles quento a cabeza con que hai que poñer unha depuradora... Hai moitos puntos negros que non se poden resolver en 2 ou 4 anos, pero co tempo íanse mellorar. Os políticos non están concienciados nisto, os nosos mariscadores tampouco e isto repercute a nivel galego, a nivel deles, a todos os niveis, porque xa que temos as mellores rías temos que telas saneadas... Non o vexo tan difícil, o que hai é que querer, ter vontade.

Temos que concienciar os mozos para que respecten as normas da entidade, que ás veces non se respectan, pois é en beneficio de todos, dos mozos e dos que non son tan mozos. Na asemblea sempre repito *temos que coidar o recurso* porque o recurso é o futuro da comarca. Se ves para atrás, neses anos con toda a crise económica, os mariscadores eramos os mesmos e puidemos gañarnos a vida. A confraría é de todos, pero non todos están concienciados.

A xestión da confraria é un traballo de equipo. Temos persoal técnico, hai secretario, bióloga, todo o necesario. Os máis novos non viviron o anterior, os momentos difíciles da confraría, o traballo que daba. Agora teñen todo como os fillos de agora. Eu teño dous fillos que o teñen case todo na man. Antes había que traballalo. Creo que che entra máis conciencia se o traballas, porque lle dás máis valor. Agora non lle dan tanto valor, os socios teñen todos os servizos, teñen todo na man e pensan que sempre vai ser así. Non o valoran tanto porque non o traballaron. Ao non vivilo

non están educados desa forma. E non lles quites un servizo. Antes non o tiñan, pero non llelo quites agora porque se rebotan. Imaxina que ás mulleres lles quiten o tractor e as lanchas, e que teñan que vir cargadas desde abaixo. Algunha muller xa me dixo Santi *non nos quites o tractor cando veñan malas campañas*, pero claro ti tes que xestionar... Houbo campañas tamén regulares, moi poucas grazas a Deus. O servizo non se vai quitar, pero é o que dicía eu de que antes non o había e estabas ata a noite con traballos e traballos.

A transformación da confraría

Xa falamos dunha mala xestión do anterior cabido e de que os socios carecían dos servizos que temos agora. As mariscadoras e os mariscadores a pé viñan cargados co berberecho no lombo desde a Misela. Agora temos lanchas, tractores e hai carriños nas ramplas. Modernizamos as lonxas, temos máquinas clasificadoras para o berberecho, cun programa novo que fixeron uns técnicos que vai clasificando en primeira, segunda, terceira e cuarta e, ademais, criba o pequeniño que se usa para sementar. Antes estabas á cola no banco para cobrar, agora entregamos un tiquet e despois collen a factura. Pero antes de coller a factura, xa o teñen ingresado no banco, ingresamos todas as semanas.

Hai un control que antes non había, as embarcacións viñan e vendían pero agora hai uns topes, un control, un tope horario que puxemos nós. Por exemplo, se hai moitísimo marisco, como aconteceu o ano pasado, dálle unha hora aos de flote e chégalles de sobra, se dás máis tempo están levantando marisco e non é bo para o berberecho. E así,

tamén evitas darlles tempo para facer falcatruadas: escapar por alí ou escapar por alá. O tope horario foi unha das cousas esenciais.

Na lonxa está a máquina da ameixa, antes pesábase e non se clasificaba, agora teñen unhas varillas automatizadas que peneiran e dáelle un tiquet tamén. Hai unha depuradora para venderlle directamente ao consumidor que antes non había. Unha aposta moi grande foi o tema do sementeiro para a ostra, o berberecho e a ameixa. Agora, por causas burocráticas parouse, pero vai continuar. En fin, modernizouse moitísimo porque antes era un pouquiño escravo, pero agora tes tardes libres e fins de semana, venres, sábado e domingo libres. Podes vivir ben do marisqueo todo o ano traballando 6 meses. Cando houbo a crise esta de anos atrás nós non o notamos, nin nos postos de traballo nin nos prezos nin nada. É un oficio bastante bo ao aire libre, eu sempre digo, que respiras aire limpo e hai moitos oficios que che intoxican os pulmóns.

Os socios de a pé colaboran e cumpren moi ben, aos de flote cústalles máis. Nos traballos de limpeza implicámonos os da directiva, pero nunca se baixa a garda, logo moitas veces se di que só traballamos seis meses pero traballamos todo o ano realmente. Mariscando son cinco ou seis, pero vaise limpar: depredadores, caranguexos, estrela de mar e corneta; arados e limpeza de algas. Facemos unha vixilancia estrita, agora mesmo temos 12 vixiantes en nómina, á parte da vixilancia que fan os socios de pé e os de flote. Nós neste tema non molestamos en nada á Consellería, non lle damos ningún problema. Noutras zonas ten que estar a policía autonómica a todas horas mais esta non é unha zona conflictiva pois estamos máis preparados para asumir a nosa

responsabilidade, non imos queixarnos pero temos doce en nómina e a Consellería subvenciona só catro.

Os que nos botan unha man moi grande, a verdade sexa dita, son os gardacostas. Nós temos eses 12 vixiantes e poñámoslle 6 controladores por terra e aínda así nos fan falta os gardacostas para botar unha man no inicio da campaña. O primeiro mes é moi difícil controlar 1.500 persoas e aínda por riba, no propio colectivo, se o deixas, tamén hai furtivismo.

A nivel económico evolucionouse moitísimo, porque hai unha xestión estupenda. Todas as confrarías temos auditorías e depositanse no consello de contas informando dos resultados. E nós seguimos por ese camiño, cun bo secretario e persoal técnico competente. Por iso dicía eu que non é só o patrón senón que temos un equipo. Isto é como no remo ou no fútbol. O patrón ten a súa responsabilidade, tense que preocupar de todo, pero sobre todo de que produzan os bancos marisqueiros e non baixar a garda. No equipo tamén está a nosa bióloga, moi competente e traballadora, implícase e non fai falla dicirlle nada, máis ben dimo ela a min, *mira Santi isto aínda non o fixemos, agora isto había que facelo*, esa actitude quítache preocupacións. Para que funcione unha confraría, ademais do cabido, ten que haber un equipo técnico bo.

Coa maioría dos socios manteño unha boa relación. Despois están os da oposición e algún que outro que nunca está contento. Podes ter un 80 ou 90% satisfeitos, nunca podes ter a todo o mundo contento, é imposible.

Onde moito temos que escoitar tamén é nas lonxas. Nas lonxas sempre hai queixas, logo hai que escoitalas, chamar alí, dicirlle que veña e ver que pasa. Pero sempre se escoita e logo fálanse as cousas, unhas veces teñen razón e outras non.

As casetas das mulleres fixémoslleslas nós. Compramos os terreos, o concello apoiounos tamén no tema de comprar as casetas pero os terreos comprámoslos nós. Estaban homes e mulleres en xaneiro e decembro facendo as súas necesidades e desvestíndose ao aire a 0 graos, terceiromundista... Os primeiros anos nós xa dixemos que tiñamos que facer algo aí porque iso non era normal e mellorouse moitísimo. Agora teñen alí calefacción e todo. Avariaron 2 calefactores e puxéronse novos. Hai duchas na lonxa e duchas nos galpóns que iso antes nin por asomo.

Agora tamén se gastan moitos cartos en sevizos. No tractor de acarrexar fan falla dous operarios en cada tractor, e nas lanchas fan falla 8 operarios para buscarlles o marisco aos de a pé. Oito nóminas. Agradéceno, a maioría agradece as cousas. Si, si, eu xa lles digo que sae caro. Unha vez dixéronme *non o quites Santi*. Estando eu nunca se vai quitar. Nós somos 1.320 aproximadamente e despois veñen máis das outras confrarías.

As relacións cos distintos axentes

Á xente nova si que me custa coñecela, mesmo aos de flote, porque veñen de fóra e alugan aquí. Os da vila coñecémonos a maioría, pero a xente nova xa non a vas coñecendo tan ben. E cada vez é mais difícil porque se están renovando. Cada ano xubílanse 25 a pé e no flote tamén hai moitos cambios, vanse xubilando e venden ou alugan.

Aínda que os políticos son moi celosos a vida ensina que hai que levarse ben con eles. Eu non son de ningunha cor política. Por exemplo, co alcalde lévome estupendamente, coa conselleira lévome ben, aínda que tivemos as nosas di-

ferenzas cando foi do salmón, da Lei de acuicultura, etc. O que está de patrón ten que defender os intereses do sector e non os intereses políticos. Un patrón que vai da man dos políticos e non defende o sector dura pouco. O sector sabe defender os seus intereses aínda que moitos non teñan estudos. A vida ensínache e a xente sabe se defendes o sector ou non. Coa administración e cos funcionarios tes que intentar levarte ben, agora ben, hai veces que o sector defende uns intereses e os políticos defenden outros.

Se todo o sector, toda a pesca de Galicia por exemplo, non quere acuicultura industrial a min non me colle na cabeza que se queira impoñer a acuicultura. Nós aquí na ría de Muros–Noia xa creamos 1.300 postos de traballo, máis outros 400 que veñen son 1.700. Coa acuicultura dás uns postos de traballo pero aquí xa damos 5.000 postos ou máis directamente, porque a maiores está o polbo, a pesca artesanal, os trasmallos, as vetas e todo iso. A acuicultura haina máis ou menos contaminante, pero aquí os socios xa dixeron que non queren acuicultura industrial, non queren que se lles toque a economía das súas familias.

A federación galega e as federacións provinciais que representan ás confrarías debían ir explicar un pouco a Europa como funcionan aquí as cousas. Son moi intelixentes pero non saben como se colle un berberecho, mesmo os de Madrid o ignoran.

Tivemos un problema coa toxina no ano 2013, mandamos un escrito á consellería conforme non analizaran ben, que tardaran 5 ou 7 días en analizar as augas, e eles dixeron que si que analizaran, e ben nós criamos que tiñamos razón porque non aconteceu como outras ocasións que aparece a toxina dun día para o outro. Cando hai unha deixadez ou

un despiste, como lle chaman eles, hai que ser responsables porque a nós tamén nos presiona o sector e hai que dicirlles a verdade aos socios. Por responsabilidade tivemos que denunciar a Consellería e a xustiza deunos a razón. Ademais, os opositores denunciaron á confraría, non á administración, denunciáronnos a nós.

Nós temos boa relación coa directora do Intecmar. Pero ela ten que defender o seu e a conselleira ten que defender o seu. Quero dicir que pode haber deixadez pero hai que pagar, é o que lle dixemos á conselleira. Desde que estamos nós, tivemos se cadra 8 ou 10 días de perda de toxina e non denunciámos. E 2 días máis dos primeiros da campaña porque con 1.600 mariscadores tes que analizar ben antes de comezar. E que fixeron, non analizaron, tardaron 5 días aproximadamente e 2 días de toxina. Ao terceiro día ía eu para o mar tamén porque o primeiro non vou pero despois vou sempre porque me gusta e chamoume un comprador. *Santi mira, que tedes toxina. Non, que Intecmar dixo que non, temos aberto porque podemos ir.* A xente compradora é moi seria, e contoume... e claro, que fixen eu? chamei aos vixiantes e dixen todos para terra.

E chamamos ao Intecmar. *Hai isto. Pois mandade unha mostra,* mandámola e ao cabo de 2 ou 3 horas comprobouse que había... pero aínda había un día máis, co cal lle aforramos 200 mil euros máis á consellería. Pero a decisión tomeina eu porque crín no comprador.

O que non pode ser é deixar sen analizar antes de comezar a campaña, nos denunciámolo pero tampouco lle demos moita publicidade. Cando veu a sentenza favorable pagóuselle á xente, incluídos os que xa se xubilaran. Déronnos a razón porque a tiñamos. Tempo despois, non sei se foi o ano pa-

sado, un día de toxina que non denunciámos e non sei se perdemos 80 mil euros ou así. Non denunciámos porque foi de repente e se vén así, de súpeto, que lle vas facer? Eu non son un bendito, pero tamén entendo a postura da consellería ou do Intecmar.

Nós non abrimos ou pechamos as zonas. Quen ten a palabra é o Intecmar. A maiores nós temos contradada unha empresa privada que nos fai as análises e pagámolas nós. Outro servizo máis para os socios e se seguimos falando aparecen máis. Creo que somos a única confraría que fai análises 2 ou 3 veces á semana no comezo da campaña. A situación é moi complicada cando hai toxina, Intecmar pecha pero nós queremos dar os menos problemas e os mellores servizos aos socios. Cando chamo á directora do Intecmar xa sabe que é por un motivo xustificado, non a chamo por molestar.

A nivel político houbo un cambio cando veu López Veiga. Nós sempre lle dixemos e transmitímoslle que nunca o imos olvidar, que lle agradecemos ternos axudado a traer a democracia á confraría porque, como contei, antes era unha ditadura pura e dura. Agora se unha maioría do cabildo pide unha reunión teño que facela, aínda que me queiran cesar, pero o outro non, non facía a reunión porque sabía que o ían cesar... E desde arriba ata que chegou López Veiga non o obrigaron. Os políticos teñen que poñerse na pel do que se está queixando porque moitas veces hai danos psicolóxicos. Iso marca, na vida marca.

Un día na lonxa cando houbo devolucións de marisco por toxina, viñeron por alí os opositores case a ameazar. Non se chegou a nada grave, discutiuse, iso si, pero moitas veces tentaron intimidar. O caso que eu son tranquilo e xa teño

57 anos pero cando era máis novo xa lle teño dito a algún *un por un cando queiras*. Os opositores agora veñen igual, pero son xa da antiga escola, dos que probaron o mel e agora queren seguir. Todos nos coñecemos, eles tamén saben quen son eu, e a familia e todos entón frean pero, agora ben, intimidación houbo. Ao final non pasou nada, mesmo creo que fora nesa data que nos pagaran un día cos fondos da confraría, que iso ningunha confraría o fai. Nunca desde que existiu a confraría de Noia se pagara a toxina, pero nós, se temos moitos fondos, pagámola e punto. Fora a primeira vez que a confraría de Noia pagara a toxina desde que existe e ningunha confraría de Galicia paga, porque aquí se hai cartos son de todos e cando eu marche quedarán aí. E serán tamén dos que veñan detrás, a ver, vai quedando un equipo que segue a nosa xestión, despois cada un é un mundo pero eu querría que seguisen un pouquiño o noso ronsel. Algún xa se ofreceu, boa xente, mais a maioría das boas persoas non queren entrar.

Dígoche a verdade, se daquela estivese a xestión parecida a como está agora eu nunca me tería metido na directiva. O que pasa é que había unha ditadura, unha mala xestión e eu vivía do marisqueo e tiña que defenderme porque senón en vez de gañar 20 mil euros como se está gañando gañabas 8. E despois xa cando estás, estás. Se entras na batalla non podes darlle as costas ao inimigo despois. Si porque aquí pasaron moitas cousas, agora estase ben pero o que custou botalo..., anos estivemos para botalo. Abofé que se estivese así como agora, ben xestionado, eu nunca tería entrado. Non é política pero é unha directiva do traballo, e os cabiles aínda teñen ratos libres pero o patrón sempre ten algunha preocupación.

Reflexións sobre o pasado e o futuro

A satisfacción que teño é a de quitar xunto aos compañeiros a confraría da ditadura profunda na que estaba, reflo-tala e pouco a pouco chegar a ser un exemplo para toda Galicia e para toda España. Esa é a satisfacción, que a xente veña do mar e atope unha confraría democrática, que vaia contenta ao mar, e que traian uns ingresos xenerosos para as súas familias, esa é a maior gratitude.

Sobre o tema da agrupación, cando temos reunión non só facemos reunión, facemos xunta xeral porque queremos que estean todos para dar opinións e falar.

En relación ao horario, hai horario tope para os da flota. Aos de a pé en vez de 6 horas puxémoslles 4 porque estaba o berberecho ‘no monte’. Se apertas moito dálle un trauma ou un infarto a algún e algunha. Eu seino porque os coñezo. É como un fillo co que tes que ir pouco a pouco porque senón che colle un trauma. Quero dicir que os cambios hai que facelos pouco a pouco.

Cos periodistas tamén tes que levarte ben e cos da radio e a televisión. Eu lévome ben con eles, non sei se todos se levan ben comigo, pero eu penso que tes que atendelos porque é o seu traballo. Se eu fose periodista gustaríame que me atendesen, *se non me atende porque non lle peta parece que non hai tanta democracia como din*. Algunhas veces escriben e tes que chamarlles un pouco a atención. Penso que queren axudar aínda que esaxeren un pouco. Defenden o sector e mais o medio ambiente así que en xeral ben.

Se saio elixido agora xa son 22 anos de patrón e case 50 de mariñeiro. A experiencia é moi grande, toda unha vida no mar ensínate. Como patrón tamén se pasaron momentos

moi bos e momentos malos. Os que veñan poden contar comigo para consultarme o que queiran, hai que procurar que eles non tropecen na mesma pedra. Nós temos unha experiencia moi grande en aspectos como os da toxina. Os socios non o saben pero temos ido coller mostras ás 5 da mañá cos vixiantes e levala a Vigo e ao Grove, e mesmo ao Intecmar levámola moitas veces para que fose máis rápido. Se dormen nos loureiros poden ter problemas coas toxinas, e niso temos xa bastante experiencia. Despois está tamén o coidado das praias, traballas 6 meses pero hai que coidalas os outros 6 meses.

Os que veñan poden contar cos meus consellos en todo canto sei. Aínda que ás veces as experiencias queres transmitir e só as collen se queren, pero eu penso que a maioría van collelas porque son cousas boas que xa están funcionando.

Ser patrón é unha gran responsabilidade e ao principio dúbidas un pouquiño. Que funcionase tan ben como funcionou é o maior orgullo. É bo curtirse desde abaixo. O mellor é pasar primeiro por mariñeiro, despois por patrón, e, finalmente, se te elixen, patrón maior.

As relacións coas confrarías da ría son moi boas. Daniel de Muros é un bo amigo. Con outras confrarías, Ribeira, Aguiño, Palmeira, O Grove ou a Illa a relación é boa, realmente coa maioría ben. Sempre se falan cousas e compártense ideas. Tomamos algún chiquito á parte das reunións e falamos cousas. Aquí, na ría, cando foi o tema de Muros e Noia polas discrepancias de a pé, que querían vir 71 de Muros e ir 71 de aquí a Muros, o sector non quería pero ao final chegouse a un acordo. As 2 confrarías quedaron moi contentas pero se non houbera 2 patróns con esa ami-

zade non sería posible, e agora o sector está contento de que veñan aquí ou vaian alá. Outras confrarías do sur non se entenden, por exemplo na illa de Arousa teñen moitos problemas e hai que dialogar, se cadra un día perdes ti un pouco pero outro día perde outro. E falar, falar, falar. Tes que ter vontade e aquí na de Muros houbo moita vontade porque a maioría non quería. Tiven eu que andar convencendo e transmitindo cousas. Nós non imos perder por isto, no futuro igual gañamos. Outro día tamén eles van dar un pouco o brazo ao torcer, ao final dixeron vale pero ao principio non.

Eu o futuro véxoo moi bo pero sempre e cando coiden a calidade das augas sobre todo. Ese é o único problema forte que vexo na actualidade. É unha asignatura pendente de todas as cores políticas porque pasaron os de todas as cores. A única pexa que lle vexo ao futuro é a calidade das augas, sacando iso, futuro moitísimo, ás confrarías véxolles futuro.

Algunhas confrarías equivocáronse metendo marisco sen analizar, sen garantía sanitaria, e iso é o que non se pode facer. Aí teñen tamén as responsabilidades as confrarías e as depuradoras. Iso non é culpa da administración, iso é culpa das depuradoras, confrarías e outra xente. Pero a administración onde ten que aprobar a asignatura é na calidade das augas, aí tiña que implicarse moitísimo máis, todos os políticos, os que están gobernando e os que están na oposición. Ese é o único atranco que vexo eu no futuro nos bancos marisqueiros, porque se os bancos marisqueiros teñen mellor calidade de augas, se as rías están máis saneadas, teremos mellor produto.

Eu creo que algunhas confrarías terían que fusionarse e a administración tamén tería que implicarse niso. Unha confraria con só 20 ou 30 socios pode ter dificultades pero se se unen ás do lado, se se xunta a pequena coa grande, aínda que algúns protesten ao principio, o servizo será maior e mellor.

Cando me xubile non vou perder o contacto co mar, irei á pesca deportiva. A min gústame o mar e estarei sempre aí. Tamén me gusta a terra, a verdade sexa dita, as leitugas, os pementos... Pero o mar moito mais. Xa lle dixen a algún que se xubilou que me vaia facendo sitio, porque el ten máis experiencia para coller unhas fanecas. Cando me xubile non vou perder contacto co mar non, incluso falarei cos mariscadores... e sempre estarei aí.





Manuel Villar Vidal (1962)

Confraría de Laxe

Daquela na casa de meus pais

Meu pai dedicouse ao mar sempre, ata que morreu. Eu nacín no ano 1962. No ano 1972, meu pai comprou un barco, xunto cos sobriños, que lle chamaban “O Muxico”, pasados uns anos vendeuno. Máis tarde meu pai, un irmán e mais eu compramos “O Marisqueira”, e así andamos preto de 20 anos os tres xuntos, ata que despois el se retirou e quedamos só os irmáns. Logo diso mercamos outro barco e con este xa iamos ao percebe. Dedicámonos dende hai 14 ou 15 anos ao percebe, o de antes era pesca de baixura de artes menores, Miño, Veta...

Nós somos 7 irmáns e eu son o cuarto máis vello, pero fomos 14, 9 vivos e 5 partos malos. Miña nai morreu hai agora 2 anos e medio, tiña 83 anos.

Cando saín da escola tiña 13 anos e medio. Saín e non quixen ir máis. Fixen o exame final do curso grazas á profesora, que se levaba ben comigo e me chamou. Fun ao exame,

aprobeino, saín e fun para o mar. Era unha criatura. Fun cun tío que comprou un barco e mais cun veciño. Daquela non tiñas libreta ata os 14 anos e así estiven algo máis dun ano sen enrolar.

O primeiro día que ías traballar ao mar sentías unha ilusión enorme, non como agora que non atopas rapaces para ir ao mar. Oxalá estudasen e quitasen todos as súas carreiras pero de aquí a uns anos vai haber un problema moi grande porque non hai xente para traballar. Hai barcos que andan con 2 cando fan falta 4 e iso é un problema moi grande.

Meu pai andaba de mariñeiro traballando para o Mundo, traballabamos para fóra, o barco comprámolo despois. Tiñamos algo de terra e plantabamos patacas todos os anos. Falamos de 3 quintais como dicíamos daquela. Na pataca non tiñamos problema ningún, plantabamos 150 quilos de patacas e colliamos 60 ou 70 sacos ao ano. Tiñamos ademais uns porcos, un para matar e outro para vender.

Eu lembro levarlle a meu pai as caldeiretas de sopas para o barco. Sopas de leite con pan, que levaban máis auga ca leite, porque daquela remexías o leite con auga. Hoxe ninguén o quere pero daquela traías 2 litros para 7 persoas e levaba un litro de auga.

Estabamos todos na vila, tanto meus irmáns como meu pai traballabamos todos aquí. Daquela era moi triste porque ao vir do mar, pola noite, había que ir roubar o toxo ou a leña porque polo día había vixilancia, e como te vise a garda civil cun feixe de toxo ao lombo parábate na estrada e coidado que mallaban na xente. O toxo era para a cama dos animais, a dos porcos e a do burro, porque tamén tiñamos un burro para carrexar patacas e facer esterco. Ao meu

pai parárano no medio da praia e preguntáranlle de onde viña con eses feixes, el doulle o nome dunha persoa que se levaba ben con nós, deixou o feixe alí e levouno de volta ao medio da praia ata o alto da costa á casa desa persoa para que comprobábase se era verdade. Esa persoa dixéralle que se o collían con leña ou con toxo díxese que viña da súa leira. E así foi, *non ten problema ningún que llo dou eu* dixo.

Nunca máis o volveu parar. Meu pai realmente non viña de alí, viría do veciño de alí ou de alá, non quedaba outra porque o toxo e a leña non chegaban para nada. Por onde agora non es nin capaz de pasar daquela non había un toxo. Todo o mundo tiña animais na casa.

Lembro vir da ribeira e non ser capaz de abrir a petrina co frío. Levabas unhas zapatillas de flanela e roupa normal, e ías de aquí ata Cándoa que está a 8 ou 10 quilómetros, sobre hora e media andando para ir ao percebe.

Agora é unha marabilla, non é traballar, sinceramente agora non é traballar. Dicimos que traballamos pero non é tal, hoxe todo é automático, un deporte. O problema que temos é o mal tempo, cando tes que traballar con mal tempo, pero alén diso o traballo está mecanizado, a ver, traballo hai, que tes que estar 8 ou 12 horas... O que quero dicir é que xa non é un traballo tan esforzado coma o de antes, aínda que o oficio de percebeiro é un risco porque te metes cun pouquiño de mar.

Miña nai dedicábase a vender peixe. Compraba sardiña e despois poñía a cesta na cabeza para ir vendela ás casas pola aldea adiante. Teñen chegado a Vimianzo ou a Cándoa, máis de 10 quilómetros a pé. Sardiña ou xurelo que era o que había daquela. Saían ás 2 ou 3 da mañá e igual non viñan con cartos que viñan con troco, porque había

casas que non tiñan un duro e cambiábanche por un anaco de boroa, unhas poucas patacas ou por millo, que era moi importante para facer o pan.

Con 19 anos xa casei, tiña miña muller 17, e temos 2 fillos un de 37 e outro 35. Tocábame ir para a mariña cando dei-xei a muller embarazada. Faleino co meu pai que me dixo: *Sabes o que fixeches? Pois agora aguantala senón non o fixeses* e casei. Fomos pedila e non houbo problema ningún, casei e ata hoxe. Librei a mariña, non fun por ter familia antes de entrar na mariña.

Un mozo á beira do patrón maior

Eu andaba de mariñeiro cando entrou de patrón maior o finado de Evaristo, que lle dicíamos o Cacherulo. Era irmán do meu cuñado e tiñamos moita amizade por iso me dixo que fose con el para a confraría. Fun á xunta xeral con el haberá xa máis de 30 anos. Eu daquela era unha criatura, era un neno con 18 ou 20 anos rodeado de xente maior, e estabas alí caladiño e escoitando, porque a xente maior non che deixaba falar e só interviñan os máis vellos. Preguntábanche que che parecía e dicías que ben porque daquela ti tampouco entendías nada. Aprendemos dos erros, se ves que vai mal dislle eu penso que así é un pouco mellor, e fomos corrixindo.

Lembro que con 14 ou 15 anos ía pescar co Cacherulo, toda a costa do norte para arriba e chegamos a Santander. Foi el quen me dixera que me tiña que presentar para a confraría xa con 15 ou 16 anos. Pero eu diso non sabía nada e ademais que pensaría meu pai que dicía que alí sempre había berros e discusión. Pero como era un pouco maior,

non puxo pega en que estivese na confraría, só me dixo que fose honrado.

Antigamente lembro que se facían moi poucas reunións pero agora xa son máis frecuentes; polo tema de buscar compradores, de arrendar a vendedoría... Daquela non había nada, non había unha axuda para unha grúa, non había nada pero fomos evolucionando pouco a pouco, sobre todo no tema interno porque a mocidade está moito máis preparada ca os de antes, os mozos veñen con outros voos e danche ideas.

De patrón maior levo case 8 anos, 3 desde que dimitiu o outro patrón maior, e mais este mandato. Cando collemos a confraría levaban os empregados 3 meses sen cobrar. Collémola, temos superhábit, un fondo de manobra duns vinte ou 30 mil euros. Nestes últimos anos a cousa non é para tirar bombas pero vai bastante ben.

Aquí xa houbera problemas cando entrou porque tiñamos unha venda pola confraría e quitouna. Trouxo un señor da Coruña, un comprador, e meteu outra vendedoría... pero ese señor veu e dixo que se non facía 6 mil euros ao día que non lle cubría. Mesmo chegamos a pechar a lonxa 8 meses.

Falámolo con el, reabriuse a lonxa sendo el patrón maior aínda, pero os pescadores xuntáronse e dixeron que iso non podía ser, que había que volver vender no pueblo porque se marchan os compradores é moi complicado volver traelos. Falámolo con el, abriuse a lonxa outra vez e volveuse a vender, xa houbo algún comprador que por desgracia non puido vir pero volveu case a maioría dos que había.

Houbo eleccións, xa entrei eu e volvemos meter unha vendedoría. A confraría quítase de cargos, cobramos o 5%,

o 3% para a confraría e o 2% para a vendedoría. E desde aquela pois así estamos coa vendedoría porque así a confraría se quita de problemas.

O persoal que temos é da Xunta e mais a bióloga que a temos por nós. Mónica, que xa leva con nós desde que eu entrei. Nós temos aquí dous da Xunta, dous funcionarios, temos secretario, que é noso da confraría, temos a bióloga, un vixiante e un mozo a modo parcial, que está 4 horas para a vendedoría e 4 horas para a confraría, que leva o tema do carro e da grúa.

Aquí temos agrupación de percebeiros. Si, eu son percebeiro. Despois temos unha de volanteiros pero os volanteiros están postos nunha asociación creo que en Asturias.

Antes para ser socio da confraría tiñas que pagar o carné, pero agora non hai carné e non cobramos nada. Aquí o único que facemos é vender na lonxa e ao que non vende dámoslle o servizo igual que a todos. Somos sobre 150 socios.

As lideiras da confraría

O ano pasado tivemos superhábit e este ano tamén. Temos ingresos da vendedoría, temos o bar, que é da confraría tamén, e o alugueiro dalgunhas chabolas que fixemos nós.

Os socios teñen o servizo aínda que non vendan aquí, veñen e prepáranselles os papeis, teñen a súa chabola. Nós non temos conflito por iso aínda que hai algúns que se queixan, *non hai dereito eu estou esperando alí e a ese que non paga aquí aténdeno primeiro* pero non pasa nada. Pensárase en poñer unha cota por exemplo de 3 euros para o que vende

e un pouco máis para o que non vende, falouse coa xunta pero non podía ser, ten que ser todos igual.

Aquí se faltase a confraría para os asuntos dos papeleos a xente do mar non saberíamos por onde andamos. A maioría dos mariñeiros seguro que toleaban con eses papeis e circulares que moitas veces non sabes o que queren dicir. O noso secretario leva aquí 20 anos e a el non lle escapa unha, é increíble.

Os socios teñen a confraría coma se non existise, a eles non lles importa e din *por min que peche*. Por iso, cando imos ás eleccións a min gústame que veñan outros 10 distintos para que vivan o que hai. Porque é moi bonito dicir esas cousas desde fóra e despois cando hai un problema que cho solucionen. Os que din que lles dá igual que peche a confraría non se decatán do caos que lles viría enriba, porque a collería a Xunta, interviría a Xunta e dirían *se esta confraría xera estes cartos, non dá para pagar isto nin isto* e cando ven que teñen que pagar do seu peto entón si que queren saber da confraría. Hai moi pouca conciencia por iso a min me gusta que pasen cada ano persoas distintas.

Eu lévome moi ben con todos os socios pero tamén tiven os meus roces co tema dos cupos aínda que ao final non foi a máis, a lei é a que é e hai que cumprila. Á parte de ser patrón maior dende hai 4 anos estou tamén no comité executivo da federación provincial.

Durante 4 anos fun presidente dos mariscadores, deixei ese cargo e presenteime para patrón maior, presenteime nunhas eleccións cun compañeiro, somos íntimos amigos, e quitamos os mesmos votos.

Os primeiros anos na confraría foron bos, cando Evaristo era patrón maior a confraría tiña moitos cartos. Por que? Porque daquela todos os barcos vendían. Foi unha época dourada, eramos uns 40 barcos e todos vendían aquí. Eran barcos que non se movían do peirao e barcos grandes que xa andaban á volanta naquel tempo. Daquela eran artes menores, pero andabas ao que querías e xa se traían 20, 30, 40 ou 50 caixas de merluza e pagábanse máis ca hoxe. Deixabamos o aparello no mar dun día para outro, ou 48 horas a fin de semana. Traíalo para terra e pagaban 500 pesetas a máis barata xa, e 1000 pesetas a boa e estou falando de hai 20 ou 30 anos.

Lembro ter falado co finado do Genaro, amigo de Malpica, e que me dixese que tiña tido varios de millóns de pesetas no banco, e hoxe teñen varios miles de euros de débito. Moito inculcou ese home. Para min foi un referente, foi o que me dixo *ti vas para o comité executivo*, e a palabra de Genaro era respectada de aquí a Noia. Se tiñas un problema el explicábache, tiña recursos.

Agora, hai un traballo moi grande que facer, un labor moi grande. Hai que pedir subvencións, hai que buscalas pero non sabes por onde, por iso houbo que ir quitando, tiñamos 2 vixiantes, tivemos que meter un fóra porque a Xunta che dá axudas para vixiante cada 6 meses ou 9 meses, pero ti tes que pagarlle cada mes. O problema é que ti tes que ter os cartos, págaslle á xente e despois recibes.

Eu teño claro que se estou nesta entidade a xente ten que cobrar. Cando entrei dixen a *xente non pode estar 3 meses sen cobrar, iso é unha vergonza. Hai que buscar por onde sexa pero a xente ten que cobrar*. Cando pedimos axudas á Deputación é para pagarlle á xente, non pedimos para

comprar, iso xa o facemos nós; un ordenador, unha mesa, o que sexa, iso cambiámolo nos, pero as axudas da deputación é para o pagamento do persoal. Coa axuda e o que gañamos pois estamos aí, imos cubrindo. Segundo van evolucionando os tempos a confraría vaise adaptando. Que van a mellor? Mellor. Que van a peor? Cando menos non baixa, estáncanse. Que non é mellor? Quedas estancado, cando menos non retrocedes, aguantas. Se non podemos traer este ordenador, pois tranquilos e se vai un pouquiño mellor, cambias o ordenador, cambias o mobiliario...

A xestión económica mellorou. Eu digo que si, pero si con diferenza. Hai que ter un bo xestor, e volvo recalcar no secretario, se tes un bo secretario ningunha confraría vai mal. Se o secretario mira pola confraría garantízoche que é capaz de buscar os cartos debaixo das pedras.

Eu no futuro quedo a disposición da confraría para darlle os consellos que me pidan, consellos e dicirlle *mirade isto é o que hai. Que se apuntan 20 e van 2, xa sabemos como é, pero cando menos eses 2 van.* Pero no tema do cabido tes que ter xente boa, como haxa 1, ou 2, ou 3 que che queiran tocar a vara é fastidiado.

Aquí coñecémonos todos e eu non teño problema con ningún barco, nin con volanteiros nin con ningún. Eu dígolle *se tes problemas vé a xunta min, fálalo comigo, cara a cara, estás de acordo ou non estás de acordo... a min gústanme as cousas clariñas. E se queredes que isto funcione hai que colaborar, non queda máis remedio.*

As contas témolas aí para todo o mundo. Cando se fan están aí no taboleiro de anuncios e quen queira pode vir consúltalas. Aquí traballan todo o ano de mañá e tarde, non

sendo xullo, agosto e setembro que empezan ás 9 e rematan ás 3.

Por iso digo eu que a confraría para a xente é unha maravilla. O 90% dos trámites faillos a confraría.

No tema da venda dos barcos da xunta a confraría fixo todo o papeleo. 2 barcos de aquí foron cun home que lles cobrou medio millón de pesetas para meterlles a lancha e parala definitivamente. Nós aquí fixémoslles gratis, os que a fixeran aquí cobraron e eles tardaron. Despois viñeron aquí pedir explicacións. Pero que nos ían dicir a nós... son cousas desas incongruentes que che veñen. Facemos nós todo gratis e eles dan medio millón por un papeleo que pode facer a confraría.

Os tempos que corren

A min gústame o fútbol coma a todo o mundo, gústame xogar unha partida... pero de verdade, eu non podo quitarme de mariñeiro porque non sei facer outra cousa. É a miña profesión de toda a vida. Grazas a Deus vaime ben, teño un piso, teño o meu coche, teño o barco, casei as miñas fillas e non teño problema ningún. A verdade é que economicamente non son millonario pero sempre vivín ben, moi dignamente e sen problema ningún.

Agora veñen moi poucos mozos, e os que veñen normalmente van para o mar con 18, 20 ou 22 anos, e veñen para comprar un barco. Se compran barcos si que veñen ao mar, pero de mariñeiros moi poucos. E non sei por que, porque antes con 11 ou 12 anos xa andabamos aquí no peirao coas gamelas..., ías mirar se vías un polbo, ías pescar as barbar-das, mirabas que era a pesca. Collías un aparello vello e lar-

gábalo aí que daquela podías. Pero agora non atopo xente moza.

Eu vexo moi mal que un mariñeiro de toda a vida diga *prefiro que meu fillo sea capador de porcos ou varrendeiro a mariñeiro*. Antes non quería ninguén ser varrendeiro e agora apúntase todo o mundo, iso é o que me molesta a min, como lle podes dicir ao teu fillo unha cousa así, se ti gañaches todos os cartos que quixeches. E iso é o que eu non entendo, se tivese un fillo inculcáballe o traballo no mar. Se quería ter estudado noraboa pero se non...

Moitos deles teñen fillos que nin estudan nin nada e andan por aí e eu digo *mira isto da pesca non se acaba nunca, isto está sempre aquí, isto está para os 18, os 20, os 30 ou os 40, é o futuro que está aí*. O mar ten futuro. Se respectamos o mar claro que ten futuro.

Nós o tema da limpeza das augas, témolo bastante ben. Temos a depuradora aí, veñen mirala e nunca temos problemas de contaminación das augas.

Antes, miña nai querida, os mariñeiros pasábano mal. Xa dixen, tiña que levarlle a caldeireta a meu pai, vir de traballar e ir, e vir para casa outra vez. Iso era traballar, hoxe en día a min cando me falan de traballar, *por favor calade a boca*, isto é unha marabilla. Hoxe é un deporte ao lado do de antes. Tes o teu risco como tes se sobes a un andamio ou se estás na estrada de chófer, o risco témolo todos. Que pasa? que se nota máis o noso, porque se vai o barco ao fondo morreron 5 persoas e se cadra 5 irmáns, ou un pai e un fillo e un neto pero no mar morren menos que noutros oficios. O que pasa é que o teñen como se fose unha penuria e non é penuria ningunha. É un oficio como outro calquera. Hoxe, e dígoo sinceramente polo que eu coñezo da miña

vila ao que traballa no mar non lle falta nada, o que non ten piso ten coche, hai quen ten varios pisos e casas. E por iso volvo ao o tema de antes, se o mar se respecta pódese vivir moi ben del.

A muller, apóiame en todo menos na política que non quixo que entrase. Eu non fago nada sen contar cos do cabido, aínda que sexa por teléfono non hai un que poida dicir que Manolo non os chamou e lles dixo hai isto e isto. Ademais teño aí un poder asinado por eles, pero non o uso porque quero que eles interveñan tamén.

Daquela época non había vixilancia ningunha, había da mariña pero víaslle o fume a 6 millas, cando chegaba xa non había ninguén no sitio, xa querías marchar. Ademais as multas eran irrisorias, 500, 1000 ou 1500 pesetas e ao día seguinte volvías ao sitio.

Cando entrou a Xunta xa houbo un cambio máis radical. Os barcos colleron un pouquiño máis de respecto, un pouco máis de medo. Agora volveuse a perder o medo. Nós por sorte non temos furtivos, pódese coller un veraneante ou un caco pero nada serio, non hai furtivismo.

Aí atrás chamáronme porque colleron a dous de Fisterra, un vello de 76 ou 77 anos e outro duns 50. Din que eles tamén queren comer e en Fisterra está todo queimado. Deixámoslos ir, non tiñan nada e tampouco quixen que lles tomasen os datos do coche.

Agora non se respectan as regras do xogo, volvemos ás andadas. Lembro que daquela, cando veu a Xunta, andabas a varias artes, ao miño ou á veta, e todo no mesmo día. Regulouse e díxose que a partir de entón non se podía andar a máis dunha arte no mesmo día. Ao principio houbo

medo, porque empezaron a facer inspeccións polos peiraos... Houbo unha época en que se ía ben, daba gusto.

Persuadir si porque non hai dereito. Ás veces ves que algún se decata do problema, e di *Manolo agora si que nos pasamos*, pero non é de agora, hai 10 anos que nos pasamos. Pero xa é tarde, estás tan afeito a traballar con tantas pezas todos os días que se chas reducen hai problemas.

Nós mesmos tiñamos que autoregularnos. Fixeramos unha reunión na lonxa para aprobar un cupo de aparellos que levar e chegamos a un consenso. Case todos estaban de acordo se lles dabas 140 pezas a cada barco. Porque daquela eran 90 e 60, os de máis de 10 toneladas e 60 os de menos de 10 toneladas. Nós mesmos nos podíamos regular. Aí quedou o asunto. Que pasa, vén a Xunta, e di que ten unha norma para todos. É un tema moi complicado. Porque é toda a costa, non é unha soa vila, son todas as vilas.

Como o que pasou na Coruña coa nasa, que traballan con 50 nasas menos das que che marca a lei e non queda máis remedio que cumprir se queres pescar alí. E se na nasa se regularon por que non nas demais artes.

Aquí no noso peirao temos dos mellores compradores da volta, veñen de Marín, Muros, Noia todos os días aquí. Tamén temos unha cousa boa, porque aquí practicamente temos peixe de case todas as especies, andamos ao miño, á veta, á volanta, andas ao polbo... hai de todo, hai moita variedade. E estes pequenos compradores que veñen pagan moi ben o peixe, a robaliza a 30 euros e o rodaballo a 40. As robalizas de 7 quilos chegaron ata a 40 euros este ano.

Cando eu empecei no mar traballabamos con 30 vetas. Cando despois fun para outro barco máis grande, un de 9

toneladas, xa traballabamos con 60 aparellos. Despois merquei o outro barco, 'A marisqueira', e xa traballei con 100 aparellos, e andar con ese aparello custaba traballo porque era de fío e como houberse verdello daba moito traballo limpalo.

A ruína do mar foi a chegada do aparello de nailon porque queda 4 días no mar e non pasa nada. Os de fío non podían quedar 2 días senón non eras quen de limpalo en toda a semana. E agora vén un aparello coma o rasco, que ten case 3 metros de alto e queda 4 días no mar e non pasa nada. Por outro lado, para andar con 100 aparellos de fío tiñas que ter 5 homes, e 5 homes que valesen, pero agora con 5 homes podes levar 300 pezas, aí está a diferenza.

A xente pensa *a este ritmo vaise todo pero que o faga outro* e non pode ser, temos que ser nós conscientes porque isto ten futuro se se regula e xente se convence de que temos que regularlo nós por medio da administración. O problema é que o 90% está fóra de madre, cando foi do Prestige, era o momento de regular o aparello, e hoxe teríamos todos un tope de aparellos decente.

Despois pasan cousas absurdas. Un día estaba embarcando o aparello, as vetas, pero non tiña permiso de vetas e viñeron 2 inspectores de Santiago exclusivamente por min para dicirme que non podía embarcar as vetas. Expliquei que estaba embarcándoas porque fora á confraría e pedira un cambio de modalidade e se mo daban para o día seguinte xa ía ás vetas. Pero a cousa é que non podía telas a bordo. Que dano farían alí? Se me dan o permiso vou e se non xa o quito e vou á miña arte que é a volanta. Pois levantáronme unha acta e paguei 100.000 pesetas. E menos mal que anotou que había só 7 apa-

rellos a bordo que se chega anotar todos os que tiña ía preso.

O percebe aquí témolo bastante ben. Temos 6 quilos brutos pero sempre hai algún pirata. Agora podemos vender os 6 quilos, que antes traíamos 6 e vendamos 5. Pero algúns listos dixeron *eu levo unha bolsa*, levaban unha bolsa que non pesa 50 gramos e púñaslle un de roseiras.

A marea negra do Prestige

O do Prestige foi grave, marcou moito o sector. Xa do Urquiola fora un desastre, porque estaban os barcos traballando alí e tiveron que marchar da Coruña.

O Prestige marcou bastante, foron 8 meses. Economicamente non nos queixamos. A min dábanme 200 mil pesetas todos os meses que non as gañaba nin borracho. E despois dábanme outras 100 mil a min e a cada un dos meus irmáns polo barco. Así que algúns ata compraron coches novos. Para nós foron as vacacións máis grandes que puidemos ter e o mar recuperou unha barbaridade.

Daquela, un dos nosos socios foi con 100 aparellos e volveu á praia nun cuarto de hora con 20 caixas de peixe. As centolas case gabeaban polo peirao. Collías ata 300 quilos nunhas pezas. Estaban os peixes que non daban volta, como antigamente.

Facer paradas biolóxicas sería a clave. Nós mandamos escritos pedindo a parada biolóxica na arte do miño, e que lle pagaran a seguridade social ao mariñeiro e unha axuda. Iso sería o ideal. Habería que facer unha parada biolóxica. E cando o propós si que queren pero, claro, regulado como

eles queren. Un dicía que quería a parada en agosto e setembro, mentres tiña o barco no carro. Pero non pode ser, o paro biolóxico ten que ser en xaneiro ou febreiro, cando desovan a robaliza e o linguado. Pero neses meses non queren porque se fan moitos cartos.

O paro biolóxico ten que ser cando ten que ser, nos meses que vai atracar o peixe. Coido que o paro debería ser por zonas, e despois ir co aparello que corresponda con coidadiño de non te pasar que senón ao chegar a terra xa me encargarei eu. O primeiro ano non se notaría moito, pero o segundo, terceiro e cuarto xa se iría notando máis, iso téño moi claro.

Tivemos paro co Prestige aí, e tivérono os volanteiros. Lembro que cando tiveran os volanteiros dous meses de paga discutín cun de Corme no peirao porque el prefería 500 caixas a 1 euro e non 200 quilos a 6. Claro, as súas contas eran fáciles, 3000 quilos a 1'80 son 5000 euros todos os días e 300 quilos a 6 euros son 1800, e cando iso se acabe que? Cando non haxa os 3000 e haxa os 300 a 1 euro que pasa? Pasa o que lle estaba pasando este ano pasado.

Tamén me poño triste cando vexo que algún socio non respecta as tallas das especies.

O oficio do mariñeiro na costa da morte

O marisqueo que temos é percebe, navalla, longueirón... e ademais a miñoca, que lle chaman poliquetos, temos embarcacións con todo iso.

Como xa dixen, para min a ruína do mar foi a chegada do nailon. Co fío non podías andar coas cantidades que le-

vas hoxe co nailon, porque collías máis lixo. Collías máis cangrexo que é unha peste e non podías andar con moitas pezas, porque tiñas que meter a bordo, ir limpar, e igual estabas 2 ou 3 días limpando o aparello sen poder ir ao mar. Chamámoslle a peste do caranguexo porque cando vén tan gordo tan gordo, igual veñen 1000 caranguexos comendo un escacho, veñen como se fosen formigas nun formigueiro e déixanche a espiña do peixe. Acábanche co peixe e enchén de lixo o barco.

Hoxe co nailon non vén o caranguexo, a pata non agarra o nailon, e xa vai marchando, chegan arriba dous caranguexos. Sóltanse e só hai que meter o aparello por iso se anda coas cantidades que se anda hoxe en día, porque o nailon cho permite.

Agora é demasiado, onde antes non largabas nunca na vida agora tes un plóter, un GPS, danche unha carta e onde hai un pouquiño de canle limpa xa o tes marcado na carta e vas. Eu comprei un barco e andei 25 anos sen radar nada máis que compás e sonda. A sonda é de papel, aínda era de papel, íache dando chispazo e íache marcando cuberto ou limpo. Cando marcaba picos era cuberto e marcábao no papel a base de chispazos.

Cando era co meu pai, collían unha pedra ou un ferro, metíano no sebo, tirábano ao fondo e se viña area era area, e se non viña nada é que era cuberto, ou viña un anaco de pedra. Eran as primeiras sondas que usabas. Fíxurate que eu saín de aquí pechado de borraxeiras ata Avilés e levábame 27 horas sen ver nada, só cun compás, a base de compás. Estiven ata Santander, chegas a Santander chegas a Bilbao cunha sonda e cun compás, daquela non había máis. E naveguei así con borraxeira sen

ver palmo, sen ver unha persoa case a bordo e saíamos todos os días ao mar.

Tiñas unha libreta onde apuntabas os rumbos, tempo que che levaba, tal rumbo suroeste ata tal sitio, despois cambiar de nordeste ata tal sitio, media hora de aquí media hora para alí. Tiñas todo nunha libreta marcada e collías, unhas veces viñas recalar ben, outras veces viña recalar atrás do peirao.

Cando hai borraqueira sempre che parece que hai mar vivo, aínda que estea coma un prato sempre che parece que te alumea e dis aí ven, e temos ido recalar e mirar o monte entón volves para dentro outra vez. Estar así unha hora, hora e pico, ata que abría un pouquiño e viñas percorrendo a costa. En caso de risco metíaste na auga, fondeabas e agardabas a que abrise.

Fáiseme cómodo ir ao mar porque eu fun toda a vida. Aprendín, nacín no mar. Xa con 10 ou 9 anos collía unha chalana e ía cos aparellos. Os homes que temos hoxe sobre 50 anos todos fixemos así. Con 12 anos xa collías a chalana ou un vello, ías e traballabas. Eu dicía que eran os xogos que tiñamos, porque daquela non había móbiles nin balón, non habían nada, vir para o peirao era o que tiñamos. Por iso digo que o mar é como unha segunda pel.

Aquí eramos 27 ou 28 mozos da mesma idade. Todos eramos mariñeiros de ir ao mar, todos. Despois había outros tantos que tamén eran do mar pero 6 meses máis vellos ca nós. Daquela época andaba todo o mundo ao mar porque era o que había. Home se un podía estudar porque o pai llo podía pagar ía para a Acelerada pero o normal era que todos fosen ao mar.

Ao mar hai que lle ter respecto iso si, eu sempre fun precavido. Por exemplo, hoxe foron ao mar e eu non fun. Daban forza 6 a 7 de nordeste e non quixen ir e outros van.

Acórdome que un día, estabamos para levantar os aparellos vir un golpe de mar e romper a ponte pola metade e tirarnos todos ao chan. O mar levou todo canto había a bordo e nós agarrados á ponte. Daquela non había os partes meteorolóxicos que hai hoxe, picaba un pouco o mar e os miños había que levantalos. Ás veces tiñas que picar os aparellos e marchar para fóra. Mesmo un día traballando co meu “Marisqueiro”, un golpe de mar nos tirou de costado, tirounos un aparello a un lado e meu irmán quedou debaixo do aparello coa metade do corpo enterrado baixo o aparello e con outra metade fóra colgando no mar. Tiven que meter o barco un momento para outro lado entón xa saíu de abaixo e volvemos largar. Son cousas que ao longo dos anos te van ensinando.

Ás embarcacións cólleslles cariño. Cando vendín a outra embarcación, na casa houbo choros, a muller e as fillas choraban como se morrese unha persoa. Levaba xa 24 ou 25 anos con ela. Para comprala no seu momento custounos traballo porque nos valera 2 millóns e medio de pesetas no ano 82 e nós estabamos recién casados. Eu saía dunha enfermidade do pulmón, estiven un ano enfermo do pulmón, tiven tuberculose. Casei e aos 6 meses caín enfermo, durante un ano, e cunha filla. Daquela cobraba ao redor de 5000 pesetas, ían 3000 para medicamentos, e pagaba 4000 pola casa onde vivía. Paseino mal, pero entre meus pais, meus sogros e o que tiña aforrado saímos adiante.

Para comprar o barco houbo que ir ao banco, un 17% de xuro. Pedías medio millón e tiñas que pagar 1. Grazas a

Deus saímos, mercamos outro e hoxe non teño queixa. Teño o meu piso, o meu coche e o meu barco, non son millonario pero tampouco teño problema. A embarcación sacou a familia adiante, non só a min senón tamén aos meus, que meu pai mercou a embarcación comigo e máis un irmán máis vello. A idea foi miña e eles entraron en sociedade.

Un home de aquí, Paco que aínda está vivo, díxome que me metía na mercante sen problema ningún nun traballo cómodo, pero non quixen, non son de saír para fóra, teño mito arraigo aquí. Se teño que abandonar a vila non me dá xeito. Se ata puiden ir para Corme, vivir na casa da miña sogra e non quixen ir. Estiven pagando aquí unha casa, tiña a miña vida aquí, a miña familia aquí. É certo que a miña muller a tiña alí pero a muller adáptase mellor ca min. Eu a Corme ía comer no Nadal porque me invitaban.

Boas relacións

Desde que eu entrei de patrón maior as relacións co concello foron fenomenais. Aquí está o PSOE co voto de calidade do bloque. Daquela aínda ías á consellería, pedías e dábancho se ningún problema, pero hoxe se por exemplo queres facer unha obra tes que contar co alcalde.

Aquí do turismo vívese dous meses ao ano, os outros dez meses vívese do mar porque esta vila naceu do mar, aquí non había outra cousa. O turista vén aquí ver os barcos, non só para deitarse na praia. Agora co tema das rutas dos concellos hai moita xente que vén coñecer a costa.

Despois entrei eu de patrón. Fomos a unha reunión coa conselleira e díxenlle que había que dragar o peirao de Laxe. Estivemos aí 21 horas, 7 barcos xogando a vida, eu

fun un deles, porque senón ían os barcos ao fondo. Entraba unha resaca tan grande que viraba os barcos. Ese día, se en vez de ser de día a resaca fose de noite, levantariámonos pola mañá sen un barco en pé. A vila arruinada con todos os barcos todos no fondo.

Tivemos que implicar o concello todo no tema do peirao, contar con todos os partidos políticos para intentar conseguir que nos fagan un dragado e nos amañen o peirao e viñeron todos. A raíz de aí imos da man.

O alcalde que temos agora é unha marabilla. Pero claro, eles queren que lles quede ben a praia. Cando o consultei na Xunta, preguntei que pasaría se o concello non quixese. *Quen ten a forza é o concello, se di non é non.* É por iso que hai que levarse ben pero o concello sabe que se van os barcos ao fondo e sae na prensa ou na televisión non lle queda máis remedio que arranxar.

Eu lévome ben con todos, non teño problema ningún coas administracións. Viñéronme buscar e Antonio díxome que non entrase na política agora, a muller non quería que fose e eu non vallo para mentir.

A min se me veñen pedir un favor e podo facelo fágollo a calquera, son o primeiro en presentarme no sitio. Chama un barco que está avariado e son o primeiro en dicir, voute coller eu.

O día da festa desaparecera un rapaz e eu vin aquí á confraría, estiven aquí coa garda civil. Un mozo que non era de aquí pero desapareceu pescando, andaban buscándoo por riba ata que o atoparon ás 3 ou 4 da mañá. Caera e levara un golpe na cabeza, quedara inconsciente e parecía que estaba bastante grave pero eu non tiña por que abrir a confraría.

Viñeron 2 helicópteros e a garda civil. Preocupei-me coma un máis, como se fose da vila, ata lles dixen que podía xuntar 4 ou 5 armadores e saír. Pola mañá xa tiñamos 4 barcos para saír, por sorte atopárono e deixamos de buscar.

Nese aspecto son unha persoa que se implica, non teño inconveniente ningún en axudar a quen sexa, nunca lle neguei nada a ninguén, nin gardo rancor a quen non estea de acordo coas miñas ideas. Por iso podo dicir que me levo ben con todo o mundo aquí, volanteiros, miñeiros... Se estou aquí é por iso.

Un patrón maior ten que ser honrado e non mesturar o persoal co profesional. Levar sempre a verdade por diante, aínda que hai veces que tes que mentir porque nese momento convén. Pero o principal é ir coa verdade por diante e non mentir nunca a ninguén. Foi o que me ensinaron os vellos. *Neniño, se podes facelo ben non fagas nunca o mal. Se podes axudar axuda, non digas que vas axudar e despois non axudar, ti fai sempre o ben.*

A palabra que dou vai á misa. Se digo negro é negro, pode dicilo calquera mariñeiro.

Eu tiven un batifondo cun armador de aquí e hoxe fálame que é unha marabilla. Levouno o mar e eu fun o primeiro en tirarme por el e collelo. Tiveramos o lerio porque o día da baixa do mar lle rompín un pouco o casco del e díxenlle que non llo pagaba, que era forza maior.

Pero aos 2 días caeu alí no mar, levouno o mar e fun o primeiro en tirarme ao mar e collelo. Outro día volveuno coller meu irmán Raúl. O mar tiráralo e quedáralle a perna nunha pedra, se nós non o aguantamos queda sen perna. Que ten que ver que tivésemos un pequeno lío!

Ese mesmo home, un día que estaba avariado, estaba pedindo que alguén o fose buscar, que estaba preto da costa e había algo de mar. Levaba un cuarto de hora chamando e dixeron *e logo non habrá ningún ao lado del que o poida coller*. Chameino e díxenlle que o íamos coller nós, finalmente apuntouse outro rapaz que tamén non se leva ben con el, ía en camiño e nun cuarto de hora xa o colleu. As dúas persoas que non nos tratábamos con el fomos quen lle contestamos, e había barcos ao lado. É un tío que non se deixa querer, pero eu non deixo ir ningún barco polo mar abaixo por moi mal que me leve. Chego, collo, remolco, déixote en terra e santas pascuas.

O caso do iate Francés “Camais”

Aquí hai de todo, tes que lidar con todo. Tivemos un problema, estando eu de patrón maior, cun iate francés que dicían que estaba secuestrado. Iso foi un show. Houbo 3 mozos dos nosos que o encontraron, quitárono da praia e claro tirando por el para fóra. Pero despois querían que o seguro lles pagase por recuperalo. Un asunto no que se liou a política que estaba na prensa todos os días. Como eran socios, eu chameinos e díxenlles que era unha vergonza o que estaban facendo, que os ía apoiar pero a min parecíame unha vergonza. Hoxe non se lle cobra a ninguén por quitar un iate varado. Pois estivo aquí un ano amarrado o iate sen poder moverse. Tivo que ir a xuízo, colleron un avogado pleitista e tardou un ano en saír.

Ías a Malpica e dicían que eras o patrón maior dos secuestradores e a min parecíame mal. Os franceses paseaban pola vila, a comer ben porque todos os metían na casa, non

tiñan un chavo pero comían moi ben. Eu xunteinos e díxenlles que podíamos chegar a un consenso pero eles tampouco querían. Entón pensei que eu alí xa non podía facer nada. Todos os días saía o tema na prensa e a min fodíame, sempre saía a confraría. Imos ser sinceros, sei o que fan os meus asociados, a moitos parécelles que non está ben e outros pareceralle que está ben, pero os meus asociados tamén teñen un dereito. Se ti rescatas un barco que veu á deriva todo o Atlantico desde os Estados Unidos, ten que haber unha compensación económica porque o marca a lei, e outra cousa é que hai un seguro para pagar iso. Metín unha parafernalia e acabáronse as críticas no xornal, polo menos remataron as críticas na prensa. Agora, que aos meus díxenlles que o que fixeran fora vergonzoso. Despois foron a xuízo e déronlles 2000 ou 3000 euros, sinal de que tiñan razón, claro que tiñan razón. O que pasa que aquí como sexan de fóra, son uns pobriños... e viviron de puta madre, un ano aquí, comían, bebían, estaban como Deus. Pero o carallo é que marcharon de aquí, foron a Francia, embarrancaron e perderon o iate, que ninguén o foi quitar, como cho conto.

Periodistas, ecoloxistas e científicos

O da prensa costoume traballo porque son moi sincero, non me gusta mentir, e é por iso que me colleron en varios renuncios. Cos periodistas, ao primeiro, caín de pardillo en varias. Unha vez estaba falando co periodista, en confianza, sobre o tema dos cupos, e conteille que aínda menos mal que... Pois ao día seguinte saíu na prensa. Eu estivera falando con el en confianza. Pesqueino e díxenlle *a ti na*

confraría nunca máis. Agora levámonos ben, chama pero eu dígolle o que se pode meter e o que non.

Cos ecoloxistas tivemos un problema cando foi da mina de Corcoesto. Era unha mina de ouro que había aí abandonada e querían abrila. Xa estaba case todo listo para abrir. Os ecoloxistas dixéronme que eu tiña que estar en contra da mina e un non aturo iso. Díxenlle que tería que falar cos meus afiliados, ter unha reunión e o que digan eles vai á misa.

Agarrei e chamei a unha banda e mais á outra, enxeñeiros dun lado e enxeñeiros do outro, pero ao final eu seguía sen entender nada. Eu non son enxeñeiro.

Un día fun a unha reunión polo tema este da mina, e alí estaban os dous profesores que viñeran falar comigo dicindo que era unha vergoña que o patrón maior non se meta dun lado ou do outro e non diga que non está de acordo ou que está de acordo. Eles non sabían que estaba alí. Levantei a man e déronme a palabra pero non sabían que era o patrón maior nin nada. Díxenlles que quería responder a eses homes, que xa estiveran na confraría e díxenlles o que lles tiña que dicir, e que eles non son quen para nomear a confraría sequera. Conteilles que aquí había casas con carteis que puñan *mina non* pero eran de xente que non pertencía ao mar e amais díxenlles que cando tivesen que falar dunha entidade o mínimo sería chamar a persoa responsable para que puidese defenderse. Se eu non baixo ese día de casualidade ninguén lles contesta, e dinse cousas que non veñen ao caso. Aconsellei convocar sempre as entidades prexudicadas para que expliquen por que si ou por que non.

A confraría falou cos afiliados, a maioría non se opuxo a que se montase a mina. Ao final gañaron eles e non se mon-

tu. Houbo unha presión mediática enorme porque todos os partidos estaban en contra.

Os ecoloxistas só aparecen cando hai un problema. Nin os coñezo, non sei nin quen son. Nós temos o problema do dragado. E resulta que temos aquí media ducia de cormoráns que teñen que estar no seu hábitat e non se poden estresar. *Estresar, oh meu Deus!* Por 6 cormoráns vaise deixar de facer un dragado nunha vila, con risco de que os barcos vaian ao fondo. Hai que ter un pouco de sentido común, fas o dragado mañá e para o ano están os cormoráns aquí no sitio outra vez, que veñen outra vez que non marchan, que volven vir que veñen todos os anos.

Cando foi do Prestige e fomos limpar, limpabamos. O chapote chegou arriba, chegou ao campo. Non se podían nin arrincar as herbas do campo, facíámolo todos os anos e agora dicían que non se podían tocar. Pero en que país estamos? Nós non fixemos caso pero ao final prohibírono e cercaron, no medio da praia hai montes de area onde tes unhas herbiñas de nada, se as arrincas vas preso.

Os científicos son xente que nos queda moi lonxe. Pero eses señores non poden vir como hai 3 ou 4 anos e dicir que a merluza está en perigo de extinción. Estiven 2 meses, 20 quilos ao día por culpa deses señores e pescabas as merluzas coa cana en todo o peirao. Estaban gordas que non daban volta. E despois sae un comunicado porque se equivocaran pois aparecera moita merluza. Pero que se equivocaron de que? Por que non veñen e preguntan se hai merluza. Neste momento está a pesquería basta que non dá volta, falamos da merluza pequena. E mañá sáenche dicindo que non hai pescadilla, que non hai merluza. Por iso me pregunto eu que análise fan eles. Pero non poden dicir iso meu deus

querido. Se fixesen mostraxes como é debido tiñan que dar que hai peixe. Recoñezo que houbo uns anos aí que a merluza escaseaba moito. Co peixe sapo pecharon e estaba espesa que non daba volta. Ía un barco de aquí pescar ao Canto e viña con 50 caixas de peixe sapo con 1000 quilos. Pero que quererán, que chegue o peixe sapo ata a xente da praia.

Se houbese un peixe en perigo, eu diría que estaba a verdade aínda que a min me prexudicase. Habería que tomar medidas con isto.

Mirando polo futuro

Aquí atopas agora 2 barquiños novos e 2 rapaces novos, pero mozos un de 29 e outro de 30 outros mozos novos ningún máis xa.

Eu sempre digo que o primeiro que teñan que facer os máis novos é escoitar os máis vellos, iso é o primordial. Non querer xa meterse no medio pensando que saben máis. É imposible que entres de novo e saibas coma un que xa está, é imposible por moi intelixente que sexas. Podes ter un máster ou o que queiras pero non tes un máster aquí e aquí hai que mover moitos fíos e andar moito para levalo ben e para levar as cousas, polo menos para que aguante a confraría.

Aí atrás tiven unha reunión con eles porque 3 días antes do peche das candidaturas para a Xunta Xeral non se presentara ninguén. Se non hai ninguén todos somos elixibles segundo os estatutos.

Ante unha situación así non sabes que facer. Consulteino coa muller, collín os que estaban, cambiei 3 ou 4 pezas que

non viñan ás reunións nin tal e collín 4 rapaces novos para que vaian sabendo o que é.

Un rapaz dicía que a el non o votabamos para ser presidente. Para ser presidente primeiro hai que ir de vogal e aprender, ir coñecendo, ir mirando o que os vellos din. Ten que haber unha persoa responsable, non lles podes dar a 4 rapaces que che pechan mañá a ribeira e tes a ribeira pechada porque lles dá a gana.

Eu dígolles a todos que me quedan 4 telediarios, dentro de 3 ou 4 anos retírome. Se nos retiramos eu e estes 4 vellos que están comigo e non a colle ninguén que vai ser isto. Non pode ser, isto teno que coller alguén. Non queda outro remedio.

Eu teño dito unha idea e ao mellor o compañeiro vicepatrón di *non será mellor estoutra?* E dicir *pois ten razón é mellor desa maneira*. A miña non vai ser válida sempre, e a min encántame que mo digan e logo debatémolo. Pero hai outros que din isto é así e así e fóra non hai máis. Ten que haber consenso. Eu aprendín dos vellos.

Cando estaba cos vellos calaba a boquiña, miraba o que dicía un vello, o que dicía outro, e todo ía entrando. Chegou un momento que sabía máis ca os vellos porque eu era rapaz e a maioría deles non sabía nin escribir, eran vellos e eu tiña 20 anos. Andaba con vellos que estaban case no retiro. Chamámoslles nós os pesos pesados da vila, os armadores que tiñan barco que xa eran poucos. Daquela, con 50 anos parecía que tiñan 90 ou máis. Eu calaba, *rapaz ti aprende*, e calaba e aprendía. Chegou un momento na segunda legislatura con Evaristo que xa fun para o cabido, e dei as miñas ideas e respectáronme que xa tiña 20 tantos, e xa te respectaban un pouquiño. O que dicía eu ía á misa. Se a

min me parecía que algo era mellor así, *pois imos miralo* dicían eles.

Co percebe xa estou tomando medidas porque imos á ruína. Non pode ser que pase dos 16.000 ou 20.000 euros a facer 6.000 en 4 ou 5 anos. Temos que mirar para o futuro, temos que empezar a facer máis pois baixamos unha cantidade enorme. Eu digo que hai que restrinxir e creo que o temos fácil, 90 días de extracción para a nosa ribeira son moitos, temos dous anacos de costa e somos trinta e pico mariscadores polo que 90 días de extracción me parecen moitos. O presidente da agrupación que temos agora, meteu a pata, porque meteu 20 días máis, 20 días de limpeza. A limpeza é ir a sitios onde o percebe é de mala calidade e non se quita. Eu pensei que ese sistema estaría ben se se ía a zonas onde fose grande, pero non ían ao de 6 cm ían ao de 4 cm. En lugar de limpar o mar ían ao bo. E agora a limpeza hai que erradicala porque a ribeira onde iamos está queimada. Só estou dicindo que en vez de 90 días hai que meter 80, quitar 5 días, o caldeiro en vez de 6 quilos, 5 e cuarto, para poder vender 5 e así queda 1 quilo de cada home polo tanto 40 quilos que quedan todos os días na ribeira.

Como dentro dunha asociación haxa 4 ou 5 tíos que queiran vivir desa cousa soa está mal, porque queren ir os 90 días ou 120. Percebe a 10 euros, vou á ribeira, pero meu Deus, como imos vender o percebe a 10 euros? O percebe tamaño 3 ou 4 centímetros é o propio. Ti colles un de 6, ese que chamamos pichas longas, e ten moita auga dentro, non se comercializa. E o pequeniño gordo vaiche a 50, 60 e 100€. Que pasa, que pasamos de facer 20.000 euros a facer 5.000 euros, pasamos a ter 2 mozos na terra que non son capaces de vivir da ribeira cando antes vivían. Eu miro

por eles tamén. Eu digo que temos que pechar e se queren darlles a estes señores ese mes que se quita, pódese nomear unha zona onde vaian eles dous sós collan 7 ou 10 quilos para vender a 50 ou 60 euros polo menos ese mes. Pero que só vaian eles, os demais ao mar que temos embarcación.

Temos que mellorar os cupos, facelos máis flexibles porque son moi pequenos e así estamos enganchados a unhas cotas moi pequenas. O aparello tamén se debería flexibilizar pero non demasiado. Está ben que metan unha cota de aparello que xa é decente, só pedimos que se poida vivir. Se eu vivo cunha cantidade de 200 pezas, se agora me din 140 teño que meter xente fóra porque non podo aguantar do barco. Un barco de 5 mariñeiros queda en 3 porque para manexar esas pezas son suficientes. Habería un despido xeral nas embarcacións.

Nós aquí temos compradores locais. Non hai conserveira pero temos uns restaurantes que che levan unha cantidade de peixe enorme e son os que mellor pagan, pagan o peixe unha marabilla. Parece que non pero compran cantidade. Despois temos o supermercado Eroski que tamén compra aquí unha boa cantidade de peixe.

Nós polo tema do Mar de Laxe vendemos produto fóra. Antonio foi o que creou o Mar de Laxe, leva 20 anos aquí é o máis vello, decidiu vender peixes para fóra e por medio de internet. De Madrid piden 3 quilos de linguado todos iguais. Como se vai mandar 3 quilos de linguado e que teñan todos 200 gramos, un pode ser de medio quilo de 3 cuartos... é imposible, pensan que é como ir a unha piscifactoría e coller troitas todas do mesmo peso. No mar non pode ser.

A min encantárame que ao chegar aquí co peixe xa houbera quen o transformase, que xa o limpasen, que o conxe-

lasen, sería unha marabilla. Nós desde aquí promovemos vender por internet pero houbo que abandonar, tivemos que deixalo. Este ano pasado démoslle o premio “Mar de Laxe” a unha empresa que aínda que non pertence ao mar está vinculada, apoia e axuda. Está Eroski, que aínda que non ten barcos no mar, ten aí unha serie de supermercados que compran peixe. E nós temos a sorte de ter aquí un comprador que leva cantidade. A maioría do peixe da semana lévao el, Eroski. Leva o produto fresco, leva produto de calidade, e por iso lle demos o premio. Foi o primeiro ano, empezamos o ano pasado.

Outros dirán o contrario, pero eu penso que a nosa Conselleira é moi competente. Dalgunha outra aínda estou esperando que veña facernos unha visita. Cando menos agora, se tes un problema gordo, chamas e colle o teléfono, iso xa vale moito, para min xa vale moito.

Eu fíxome no que fan en Fisterra. En Fisterra, non hai tanto que saíu no periódico, xa vendían directamente. Co polbo non hai problema, se houbese polbo e peixe venderíanse ben, aí si que venderías por internet onde quixeses, a Italia, Xapón, onde queiras porque hai un consumo atroz. O problema é onde vender 1.000 quilos de pescadilla de distintos tamaños ou 1.000 quilos de peixe sapo.

Iso ten que ser un proxecto posto pola Xunta e que meta aquí o que teña que meter. Apoiaremos se a Xunta di *mira imos facer isto*. Se quedan aquí o cartos localmente sería unha marabilla. Pero como non sexa por tema de convenios da Xunta é moi difícil.

Os problemas da xubilación

Se cadra comprar un barquiño para ir pescar e poder pasar o tempo, ir polo peirao axudar a un compañeiro a meter o aparello ou a picalo. Aínda que hai que ter coidado porque se te collen picando o aparello podes ter inspección de traballo e métenche un paquete. E teñen que pechar as chabolas. Hai retirados que veñen aquí, preguntan se hai aparello para ir picando e pasan unha horiña da mañá, pero unha vez veu unha inspección de traballo, colleu un home que estaba pasando unha horiña armando un aparello, tivo que ir a maxisterio de traballo, ameazábano con quitarlle o retiro.

Os retirados, por esas cousas non cobran, os inspectores de traballo pensan que cobran e que lle están quitando traballo a outro, mentira. Non lle quitan o traballo a ninguén porque iso facémolo nós os de a bordo. Pero se hai unha persoa que cho fai cando vés dálle un peixiño e a xente marcha contenta. Marcha todos os días cun peixiño porque só cobran 800 euros de pensión.

Non pode ser que te queiran axudar e que non poidan picar polo medo á maxistratura de traballo. Aínda collen aos armadores. A miña muller non pode estar na chabola facendo traballo, téñoa que ter como redeira. Por que a miña muller vai ter que pagar a seguridade social, se cadra non gaño para ela. Pois non te deixan, tontería, teñen que facelo coas chabolas pechadas.

Outra cousa é que estean quitándolle traballo a toda aquela persoa que está de redeira, como a miña irmá que é redeira. Miña irmá está pagando unha seguridade social de redeira e como a miña irmá aquí hai varias. E aí si é onde eu fago

fincapé e chamo a atención e digo que así non é. Porque aquí hai e houbo armadores que se dedicaban a armalo, e estaban quitándolle traballo a esas persoas. Se xa están amarrados ao barco que se dediquen ao mar e as redes que llelas deixen facer a elas. Aquí houbo unha época en que traballaban todos, retirados e sen retirar, cobrando todo o mundo. Aí si que non o vexo ben. Aquí por sorte non temos tantos, hai poucos, porque quedan poucos. Que veñan co capacho e que llo leven alí ao supermercado... Iso non.

E outro vén e vende co nome do irmán. Aquí prohibinlle a un vendelo porque o vendía co nome do irmán. O irmán tiña un barco que estaba inactivo e el ía pescar fóra. Eu díxenlle *no momento que saiba que é de teu irmán ti non vendes na lonxa, ese peixe non o vendes*. O problema está en que te metes en contra, a ese xa non lle pareceu ben. O irmán chamou e dixo que non había dereito, *pois si que hai dereito, ti non tes por que vender na confraría, ti estás retirado, vive do teu soldo, vai pescar para comer, pero non lle quites o traballo a outro*. Un problemíña pero xa tes un pequeno altercado.

Os vellos están desexando axudarte. Ou un rapaz que axuda o pai a meter o aparello na chalana, a traspasalo, a picalo na chabola ou a pintar unha chalana. O problema é que algúns dos socios se pasan da raia. Eu teño os meus altercados sempre por chamar a atención. E dinme quen son eu para chamar a atención, pois eu non son ninguén son un máis da vila, unha persoa máis. O que non está ben é que un estea quitándolle o traballo a outra persoa que o necesita máis, porque xa está no traballo, xa é mariñeiro coma min, armador coma min.

Onte aínda tivemos un vello que veu axudarnos e díxenlle de coña: *Deixa que che van quitalo retiro. Agora estando contigo non mo quitan. Pero poden quitarllo igual que vén a maxistratura de traballo.* Estivo axudándonos aí unha hora. Viña todos os días, metíame unha horiña e cada día picaba un aparello e aínda o pasaba ben. Despois, doulle un peixe e vaise encantado da vida. Eu non lle cobro un peixe a ningún retirado, por iso xa me chaman alma da caridade.

Porque non sei que me dá, o peixe está un pouquiño picado ou rompeu o rabo na maquinilla, peixe saltando de fresco. Eu saio ás 5 da mañá, largo ás 6 ou 6 e media e ás 8 meto a man no aparello. O peixe ten unha hora de mar, está saltando, é un peixe impresionante. E dállo, pero o problema está en que non te poden axudar. Aquí temos 2 ou 3 homes xa retirados que te axudan a meter xeo, a preparar o peixe. *Ti sabes o que nos vale iso a nós?* que che colocan o peixiño e vanche pesando e acabas nunha patada. Incluso cando ven un vixilante da Xunta, xa se poñen firmes por se acaso pero cos da Xunta non hai problema.

Leis ten que haber porque senón acabamos como nas películas do oeste, pero hai leis absurdas e estas parécenme absurdas. Se un retirado está axudando a ese home e non lle está cobrando, pasa o tempo, empeza a andar por aí, a pasear, está contigo, axuda a picar. Iso nunca o vin ben, no tema de inspección de traballo.

Hai quen pode comprar un botiño e vai pescar, pero hai quen non pode comprar un bote. Retirouse de mariñeiro e non pode comprar un bote, que máis quixera que comprar un bote. Eu dígoche que o 90% se puidese comprar un bote comprábo para ir pescar, coller un quilo de peixe

e pasar un anaquiño o tempo. Hainos piratas, moitas veces son peores os que máis teñen. *Que veñen eses vender aquí?* Por iso lle chamei a atención a un en privado, que teña vergonza e dea exemplo.

Cando me retire e deixe de patrón maior vou pasalo mal unha temporada porque de estar afeito aos problemas da confraría a cortar de raíz e quedar en branco pensando que facer... Terían que deixar que unha persoa inactiva fose o patrón maior, por que non pode ser un xubilado que esta vinculado ao mar igual? Pois non deixan, a lei non o permite.







XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR



FEDERACIÓN
PROVINCIAL DE
COFRADÍAS DE
PESCADORES
DE A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

